



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 24

Sesión plenaria
22 de outubro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-Drc7CDSH1-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia (doc. núm. 4254, 12/PL-000001)

Publicación ditame da Comisión e mantemento de emendas, BOPG nº 90f1, do 24.09.2024

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei de iniciativa popular para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras (doc. núm. 55197, 11/PPLI-000006)

Publicación da admisión a trámite e constitución da Comisión Promotora, BOPG nº 532, do 27.07.2023

Punto 2. Mocións

2.1 12941 (12/MOC-000026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a evolución en Galicia do problema da violencia de xénero e da violencia sexual (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 10417, publicada no BOPG núm. 82, do 12 de setembro de 2024, e debatida na sesión plenaria do 8 de outubro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f1, do 17.10.2024

2.2 13048 (12/MOC-000027)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre as políticas de mellora da calidade de vida urbana coa recuperación das zonas verdes e a renaturalización das cidades (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 11904, publicada no BOPG núm. 94, do 1 de outubro de 2024, e debatida na sesión plenaria do 8 de outubro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f1, do 17.10.2024

2.3 13155 (12/MOC-000028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as necesidades de atención á saúde mental desde o sistema sanitario público (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 2914, publicada no BOPG núm 22f1, do 8 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do 8 de outubro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f1, do 17.10.2024



Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 2113 (12/PNP-000246)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar adiante en relación coa súa xestión en Galicia do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

3.2 2140 (12/PNP-000249)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxectivo de mellorar o transporte público por estrada da súa competencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

3.3 5065 (12/PNP-000521)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a chegada da alta velocidade ferroviaria ás cidades de Lugo e Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

3.4 10158 (12/PNP-000833)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que proceda a unha repartición xusta dos fondos para o fomento das linguas cooficiais no ámbito da industria cinematográfica e audiovisual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 81f1, do 11.09.2024

3.5 11391 (12/PNP-000939)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxectivo de concretar a planificación en materia de vivenda protexida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 91f2, do 25.09.2024

3.6 11863 (12/PNP-000982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego en política de I+D

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024



Punto 4. Interpelacións

4.1 2721 (12/INT-000187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a revisión do sistema de financiamento da Administración local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

4.2 8091 (12/INT-000406)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e tres deputados/as máis

Sobre a elaboración dunha nova lei de medios de comunicación e os cambios que nela se pretenden incorporar, nomeadamente no relativo ao sistema de elección de director ou directora xeral da CRTVG e á emisión de producións en castelán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 69f1, do 22.08.2024

4.3 10366 (12/INT-000453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a transparencia na contratación pública da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 82, do 12.09.2024

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta e Galicia

5.1 13333 (12/POPX-000019)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre as prioridades da Xunta de Galicia para resolver os problemas da cidadanía galega no vindeiro 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f2, do 17.10.2024

5.2 13334 (12/POPX-000020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a eventual derogación do decreto que está facendo caer en picado o uso do galego entre as novas xeracións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f2, do 17.10.2024

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 13305 (12/PUP-000050)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e nove deputados/as máis

Sobre os efectos que están a ter nos concellos galegos, singularmente no seu financiamento, as últimas decisións do Goberno de España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f2, do 17.10.2024



6.2 7762 (12/POP-001063)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Comesaña, Julio e oito deputados/as máis**

Sobre a situación actual en España das probas da avaliación de bacharelato para acceso á universidade (ABAU)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 02.08.2024

6.3 12429 (12/POP-001905)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da cobertura docente do CEIP Chans-Bembrive, de Vigo, para unha mellor atención á diversidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97f2, do 09.10.2024

6.4 7365 (12/POP-000957)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre os prazos para a posta en marcha do futuro Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 61, do 06.08.2024

6.5 7442 (12/POP-001004)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto**

Sobre as primeiras medidas que o Goberno galego pensa materializar para cumprir os pactos acadados cos estamentos que traballan en defensa da lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 02.08.2024

6.6 7581 (12/POP-001016)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego verbo da execución do convenio entre o Concello de Lugo e a Xunta de Galicia para desenvolver o proxecto do Museo da Romanización de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 02.08.2024

6.7 8475 (12/POP-001415)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Ferro Iglesias, José Luis e oito deputados/as máis**

Sobre as principais medidas do Goberno galego para impulsar o uso da lingua galega e o incremento de neofalantes, especialmente entre a mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 69f3, do 22.08.2024



6.8 13292 (12/PUP-000048)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Vidal Lamas, Sonia**

Sobre a situación do sector agrogandeiro, especialmente no que atinxe á recollida da pataca e do millo forraxeiro, despois dos efectos da borrasca *Kirk*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f2, do 17.10.2024

6.9 13293 (12/PUP-000049)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre o eventual desenvolvemento dun plan de axudas directas ao sector agrario co obxectivo de compensar as perdas ocasionadas pola borrasca *Kirk*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f2, do 17.10.2024



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 12.)

Presentación do Ditame da Comisión: Sra. presidenta da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo (Sanz Arias) (P). (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o Ditame e, se é o caso, defenderen as emendas mantidas: Sra. Iglesias Rey (S) (Páx. 14.), Sr. Golpe Acuña (BNG) (Páx. 18.) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 23.).

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Iglesias Rey (S) (Páx. 28.), Sr. Golpe Acuña (BNG) (Páx. 30.) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 32.).

Debate de toma en consideración da Proposición de lei de iniciativa popular para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sr. representante da Comisión promotora (Rubido Muñiz). (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixaren posicións: Sr. Abalde Alonso (S) (Páx. 37.), Sra. Pérez Fernández (BNG) (Páx. 39.) e Sr. Fidalgo Iglesias (P) (Páx. 42.).

Rolda de réplica: Sr. representante da Comisión promotora (Rubido Muñiz). (Páx. 45.)

A señora Pérez Fernández (BNG) pide a palabra e intervéñ, con base no artigo 76, para facer unha aclaración por inexactitudes e alusións. (Páx. 47.) *O señor presidente mantén con ela un debate respecto desta cuestión.* (Páx. 49.)

O señor presidente propón unha quenda de tres minutos para que interveña o Goberno no debate do Ditame emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía e Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, antes da súa votación, debido a que no seu momento a conselleira non pediu a palabra por entender que o presidente lla ía dar. (Páx. 49.) *A señora Rodil Fernández (BNG), o señor Gómez Besteiro (S) e o señor Pazos Couñago (P) manifestan a súa postura sobre a pertinencia desa inter-*



vención. (Páx. 51.) *Despois de consultar cos Servizos Xurídicos do Parlamento, conclúese que non procede reabrir o debate dun punto anterior.* (Páx. 51.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia mantidas ao Ditame elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia: *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e 1 abstención.* (Páx. 52.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego mantidas ao Ditame elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia: *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e 1 abstención.* (Páx. 52.)

Votación do Ditame elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia: *aprobado por 39 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 53.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei de iniciativa popular para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 en contra e 1 abstención.* (Páx. 53.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a evolución en Galicia do problema da violencia de xénero e da violencia sexual. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 53.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 54.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 57.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 59.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 62.)

Moción do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Armando Ojea Bouzo, sobre as políticas de mellora da calidade de vida urbana coa recuperación das zonas verdes e a renaturalización das cidades. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 63.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Ojea Bouzo (M).* (Páx. 64.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 66.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 69.)
e Sr. Trenor López (P) (Páx. 71.).



O señor Ojea Bouzo (M) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 74.)

A señora Pérez López (P) pide a palabra e intervén, con base no artigo 76, para aclarar unha inexactitude. (Páx. 75.)

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e dous minutos da tarde e retómase ás catro.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as necesidades de atención á saúde mental desde o sistema sanitario público. (Punto segundo da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 77.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 77.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Espinosa Mangana (S). (Páx. 80.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 82.) e Sra. Amigo Díaz (P) (Páx. 83.).

A señora Prado Cores (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 86.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a evolución en Galicia do problema da violencia de xénero e da violencia sexual: *rexeitada por 35 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación da Moción do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Armando Ojea Bouzo, sobre as políticas de mellora da calidade de vida urbana coa recuperación das zonas verdes e a renaturalización das cidades: *rexeitada por 35 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as necesidades de atención á saúde mental desde o sistema sanitario público: *rexeitada por 35 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta (Candia López) anuncia unha alteración da orde do día consistente en que a seguir se van formular dúas preguntas de maneira acumulada á conselleira do Medio Rural. (Páx. 89.)

Pregunta de D^a Sonia Vidal Lamas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do sector agrogandeiro, especialmente no que atinxe á recollida da pataca e do millo forraxeiro, despois dos efectos da borrasca Kirk. (Punto sexto da orde do día.)



Pregunta de D^a Lara Méndez López e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o eventual desenvolvemento dun plan de axudas directas ao sector agrario co obxectivo de compensar as perdas ocasionadas pola borrasca *Kirk*. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sra. Vidal Lamas (BNG) (Páx. 89.) e Sra. Méndez López (S) (Páx. 90.)*

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez). (Páx. 91.)*

Réplica das autoras: *Sra. Vidal Lamas (BNG) (Páx. 92.) e Sra. Méndez López (S) (Páx. 93.)*

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez). (Páx. 94.)*

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar adiante en relación coa súa xestión en Galicia do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a autoemenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 95.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Longueira Castro (S). (Páx. 96.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Fernández Gómez (BNG) (Páx. 99.) e Sra. Deza Martínez (P) (Páx. 102.)*

Nova intervención da señora Longueira Castro (S). (Páx. 104.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font e D^a Paloma Castro Rey, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxectivo de mellorar o transporte público por estrada da súa competencia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. López Font (S). (Páx. 106.)*

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 108.), Sr. Ríos Santomé (BNG) (Páx. 109.) e Sr. Trenor López (P) (Páx. 111.)*

Nova intervención do señor López Font (S). (Páx. 114.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a chegada da alta velocidade ferroviaria ás cidades de Lugo e Ferrol. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Prado Cores) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 115.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Candia López (P). (Páx. 116.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. López Font (S) e Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 119.)*



A señora Candia López (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 124.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que proceda a unha repartición xusta dos fondos para o fomento das linguas cooficiais no ámbito da industria cinematográfica e audiovisual. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Prado Cores) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 126.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Pomar Tojo (P). (Páx. 126.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Queixas Zas (BNG). (Páx. 129.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Longueira Castro (S). (Páx. 132.)

A señora Pomar Tojo (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 134.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxectivo de concretar a planificación en materia de vivenda protexida. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 135.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. López Font (S) (Páx. 139.) e Sra. Deza Martínez (P) (Páx. 140).

Nova intervención da señora Fernández Gómez (BNG). (Páx. 143.)

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días. Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*.

Non se xustificaron inasistencias.

E, sen máis, entramos na orde do día. O primeiro punto son textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do Ditame da Comisión, ten a palabra a presidenta da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, dona Cristina Sanz Arias.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO (Sanz Arias): Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

O Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 20 de maio de 2024, co número de rexistro 4254.

A Mesa do Parlamento dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 27, do 21 de maio de 2024. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 6ª, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Presentáronse 2 emendas á totalidade, de devolución, 1 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. As 2 foron rexeitadas na sesión plenaria do día 25 de xuño de 2024.

Ao articulado presentáronse 102 emendas: 34 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 67 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 1 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Esas emendas foron cualificadas pola Mesa da Comisión do 28 de xuño de 2024.

Formaron parte da ponencia designada pola Comisión 6ª, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 4 de xullo de 2024, as seguintes persoas: polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Patricia Iglesias Rey, titular, e dona Paloma Castro Rey suplente; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Manuel Golpe



Acuña, titular, e dona Noa Presas Bergantiños, suplente; e polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, don José Alberto Pazos Couñago, titular, e don Rubén Lorenzo Gómez, suplente.

A ponencia celebrou a súa sesión constitutiva o 8 de xullo de 2024. Nas súas seguintes reunións analizouse a totalidade deste proxecto de lei, así como as emendas ao articulado presentadas, na procura do achegamento das distintas posicións. Por último, na derradeira reunión, que tivo lugar o 12 de setembro de 2024, a ponencia emitiu o seu informe.

Posteriormente, a Comisión 6ª, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na sesión do 19 de setembro de 2024, aprobou o seu ditame, con 9 votos a favor, 7 votos en contra e 1 abstención, incorporando ao texto do proxecto de lei un total de 9 emendas, en concreto 1 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, 5 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 3 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 2 delas transaccionadas.

Mantéñense para o seu debate neste pleno as restantes emendas rexeitadas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Saliéntase, por último, que o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia consta, ademais da súa exposición de motivos, de 1 título preliminar e 7 títulos, desenvolvidos en 64 artigos.

O título preliminar establece o obxecto e fins da lei, a concreción dos beneficios sociais e económicos e o desenvolvemento de indicadores cuantitativos. O título I refírese á valoración dos beneficios sociais e económicos de determinados proxectos. O título II está dedicado á participación en sociedades e instrumentos de financiamento. O título III versa sobre a eólica mariña. O título IV trata sobre a recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais. O título V versa sobre os proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables nas áreas empresariais de Galicia. O título VI refírese aos créditos de carbono. E o título VII versa sobre os residuos biometanizables.

Por outro lado, a súa parte final intégrase por 3 disposicións adicionais, 1 disposición derogatoria e 8 disposicións derradeiras, a última das cales establece a entrada en vigor desta lei, se é o caso, ao día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Cómpre, pois, rematar hoxe a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, do Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Sanz.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.



Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra o señor Ojea. (*O señor Ojea Bouzo pronuncia palabras que non se perciben.*) Declina a intervención.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Patricia Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Lembro cando no pleno do 25 de xuño, no debate da emenda á totalidade do Proxecto de recursos naturais de Galicia —vou denominar así o proxecto de lei—, dicía que oxalá non converteramos esta lei nunha enorme oportunidade perdida. Pero temo moito, ao meu pesar, que así foi.

Este proxecto amosa unha grande oportunidade perdida do Goberno galego, do PPdeG, para facelo ben, para amosar que poden facer política en maiúsculas coa transición enerxética, cos proxectos renovables, coa enerxía eólica; que xa levamos acumulados sesenta parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e onte mesmo confirmáronse dous autos de suspensión polo Tribunal Supremo.

Este caos da enerxía eólica é por responsabilidade exclusiva do Goberno galego, que non amosa altura de miras coa xestión sustentable dos nosos recursos naturais, coas nosas minas, coa nosa auga e co noso vento. Non ten o Goberno galego unha política enerxética e de cambio climático que sexa recoñecible.

Por outra banda, as emendas parciais dos socialistas galegos caeron nun saco roto. Das 34 emendas parciais presentadas, aceptaron 2, que son meramente cosméticas, de estilo, non de fondo evidentemente. Saco que ten un burato ben fondo, no que hai un abuso soberbio e altivo da maioría absoluta, con cero de autocrítica, carente de luces longas para mellorar, negociar e transaccionar. (*Aplausos.*) E iso non é bo para os galegos e as galegas, non é bo para os sectores das renovables e non é bo para a industria afectada por este caos e parálise da enerxía eólica. Iso si, moitas das medidas recollidas nas nosas emendas parciais e nas nosas iniciativas debatidas na Comisión 6ª, neste Parlamento, no novo Plan sectorial eólico de Galicia, adaptación da directiva de renovables, a zonificación e adaptación, que foron todas rexeitadas polo PP e a abstención do BNG, si, pero —sorpresa— foron collidas esas medidas e copiadas mal no Proxecto de lei de medidas do ano 2025.

O que significa dúas cousas, señorías. A primeira, unha autoemenda do Goberno galego á súa propia política enerxética, que recoñece o seu propio fracaso e bandazos no desenvolvemento da enerxía eólica galega, o que amosa que temos un goberno do que non te podes fiar pola súa incoherencia, incapacidade de negociar, transaccionar, para avanzar e mellorar. E a segunda, estas medidas, copiadas mal no Proxecto de lei de recursos de Galicia, medidas que propuxemos nas nosas emendas, chegan tarde, mal e arrastro, e amosan un desprezo absoluto polo Goberno galego no Parlamento, no debate parlamentario.



Se se fixera política en maiúsculas, negociando para chegar a acordos nun pacto de industria e enerxía, ou se reforzase esa colaboración institucional que sempre se brindou por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica, do Miteco, como fixeron outras comunidades autónomas como Aragón e Castela-León, que xa van por diante de nós en enerxía eólica, a bo seguro, estou segurísima de que non teríamos hoxe enriba da mesa sesenta parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Galicia; (*Aplausos.*) moitos deles, por certo —hai que dicilo tamén ben alto e claro—, non están suspendidos por como se ten que formular a consulta formal que pende da cuestión prejudicial no TXUE, no Tribunal de Xustiza da Unión Europea; non é; moitos deles suspéndense por criterios de sustentabilidade ambiental.

É unha mágoa, señorías do PP, porque eu persoalmente concibo a política para confrontar opinións con respecto, sen lama que todo o embarra, para negociar, para avanzar e chegar a acordos, e mirando polo interese xeral e non por intereses duns poucos, partidistas. Iso si, logo écheselles ben o peito e din que a causa da paralización da enerxía eólica no noso país é, coa boca pequeniña, por culpa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, esa Sección 3ª, ¿non? O Goberno galego segue enrocado en botar balóns fóra e non asumir a súa responsabilidade de gobernar, e non dota de seguridade xurídica e certeza o sector.

Por outra banda, pretenderon tamén solucionar o problema do caos da enerxía eólica viaxando a Bruxelas, nesa viaxe que fixo a conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, na que máis ben se lle tirou ao Goberno galego das orellas polo tema de que está no caixón a non ampliación da Rede Natura; por certo, inseguridade xurídica creada no sector eólico pola cobertura relativamente pobre da Rede Natura no noso territorio, que segue no caixón. A ver que van facer cando se aborde agora o novo Plan sectorial eólico de Galicia coa declaración ambiental estratéxica. Chegan tarde, mal e arrastro, logo de dezaseis anos case gobernando.

Por certo, a visita foi moi pouco transparente e moi pouco institucional. Díxose por Ángeles Vázquez que viaxaba a Bruxelas para buscar solucións á parálise eólica, cuestión prejudicial do TXUE, que, evidentemente, ten a sede en Luxemburgo; que eu saiba, non está en Bruxelas. Visita coa Dirección dos Servizos Xurídicos da Comisión Europea, que, que eu saiba, tampouco ten a capacidade de accionar o trámite de urxencia ou prioridade para que se resolva a cuestión prejudicial, que xa accionou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e que se denegou, porque estamos falando de autos cautelares que non se pronuncian sobre o fondo do asunto.

Isto non é serio. É opaco, é cero transparente, pero é o *modus operandi* a que nos ten acostumados o Goberno do PP, pensar que as cousas se poden solucionar pola porta de atrás, de costas á cidadanía.

Fronte a esta política de confrontación, oportunista e partidista, eu diría un pouco casposa tamén, existe unha colaboración institucional e real por parte do Ministerio de Transición Enerxética, do Miteco, que se vai personar no preito desa cuestión prejudicial ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea. E persoalmente a ministra xa recoñeceu en declaracións públicas e tendeu a man a colaborar co Goberno galego nos asuntos de enerxía eólica; por certo, ministra Teresa Ribera, agora proposta por Ursula von der Leyen como primeira mu-



ller española como vicepresidenta executiva e comisaria da Transición Enerxética con carteira de Competencia, posición de liderado de España en Europa. Que parece que tampouco lle gustou, polas declaracións que se fixo desa proposta, a Tellado, ese Tellado galego, en Madrid, que semella un pouco desnortado, porque eu penso que non saberá a quen atender: se realmente a Feijóo ou atender a Ayuso. E dixo o venres pasado —isto é grave—: a súa obriga é botar a Sánchez o antes posible e que usarán todos os medios ao seu alcance e tamén os xudiciais. Que me lembra esa mesma oposición dos anos 90, cando o PP tamén estaba na oposición, que afirmaba: *que caiga España, que ya la levantaremos*, de Montoro; ou o que poida facer, que o faga, de Aznar; oposición destrutiva e carente eu diría de tintes democráticos cando non están no poder. E en Galicia ben coñecemos eses anónimos, ben os coñecemos. (Aplausos.)

En definitiva, hoxe dende aquí reivindico que o PPdeG e o Goberno galego outorgue ao Parlamento o papel que lle corresponde, que faga unha política limpa e honesta.

Pero imos falar do Proxecto de lei de recursos de Galicia. Este proxecto é unha conxunción de modificacións doutras leis existentes, metido todo nun caixón e revolto coma se fose unha cocteleira. Hai cuestións medioambientais, de xestión empresarial, de coidado dos montes, de modelo enerxético, de recursos mineiros. Estamos ante unha compilación de temas sen orde que evidencia o que en realidade pretende esta proposta, que non é outra que colocar en termos de lei para a privatización os nosos recursos naturais en Galicia. ¿É necesario regular os nosos recursos naturais? Evidentemente, si. ¿Levamos anos os socialistas falando disto e demandando unha lexislación ambiciosa, ordenada e sensata? Tamén. E ningunha destas condicións se cumpre neste proxecto de lei.

Tamén é preciso, evidentemente, mudar o modelo do Goberno galego de transición enerxética, pola inacción e pola falta de ambición renovable. Estamos ante unha parálise sen precedentes da enerxía eólica no noso país, onde uns non asumen a súa responsabilidade, poñer o pucho de gobernar, e outros de coller o touro polos cornos, e outros sopran e sorben á vez, sen saber cal é o seu modelo, máis alá da pancarta. É preciso chegar a consensos neste eido, e non se chegou; non só se pasa o rodillo, pasouse a apisonadora da maioría absoluta do PP.

E os socialistas galegos seguiremos con pico e pa, con propostas útiles, propositivas, aínda que logo se copien, ou copien mal, na Lei de medidas, que se está a tramitar, para construír un pacto de país en enerxía e industria. ¿Cales foron as principais emendas presentadas polo noso grupo? Pois evidentemente responden, por unha parte, a emendas parciais formais e, por outra, de fondo. E, como dixer, ningunha delas foi admitida polo Grupo Parlamentario do PPdeG.

Hai unha deficiente técnica lexislativa, material, unha ensalada de contidos nos que cabe todo, como dixer, todos os ingredientes, un *totum revolutum* de regulación de materias que deberían ser obxecto de lexislación sectorial específica, e pretenden tinguir ademais de cor verde a xestión dos nosos recursos naturais, cando o que se está agochando é unha privatización e amosa que, ademais, o Goberno está moi verde nesta materia. Ven pasar o tren sen asumir a responsabilidade política.



Falta de participación pública temperá. Xa antes do proxecto evidentemente sabemos todos os aquí presentes que houbo parches e vaivéns lexislativos. Modificouse a Lei do sector eólico con este Proxecto de lei de medidas de 2025. Xa imos con catorce modificacións da Lei do sector eólico. Isto non é serio nin rigoroso, señorías.

Ademais, apártase de todo a participación pública, ausencia clamorosa que hai tanto na parte —digamos— de consulta do proxecto de lei como no articulado do propio proxecto de intervención dos concellos galegos. É dicir, simplemente neste Proxecto de lei de recursos naturais de Galicia son absolutamente silenciados, non escoitados, cando realmente son os que van soportar no seu territorio a implantación de proxectos de enerxías renovables e a explotación dos nosos recursos mineiros, por exemplo.

De fondo, requisitos de fondo das nosas emendas parciais, que tamén foron desechadas por completo. Falabamos nesas emendas da planificación dun novo Plan sectorial eólico de Galicia, que anunciou o señor Rueda na comparecencia do martes pasado e que agora se recolle no Proxecto de lei de medidas de 2025, de ordenar as zonas en aptas e non aptas con criterios de sustentabilidade ambiental.

Ata agora o Goberno galego ¿que fixo? Pois apostou por un desenvolvemento desordenado e masivo de proxectos sen adaptación ás nosas necesidades, á nosa dispersión xeográfica. En dous meses aprobáronse tantos parques eólicos como nos últimos seis anos. Este camiño andouse sen a debida planificación, despois de anos de inacción provocados pola anulación e suspensión do concurso eólico do Bipartito que gobernaba Emilio Pérez Touriño. Entendemos que o camiño máis adecuado que debería tomarse polo Goberno galego é a regulación rigorosa da zona onde se pode instalar este tipo de proxecto e onde de novo no proxecto de lei do 2025 se chega mal e arrastro, si, no que non hai unha participación pública, non hai consulta, non hai debate dos sectores afectados.

En segundo lugar, cuestións de fondo. Hai unha falta de avaliación rigorosa dos efectos medioambientais, así como dos efectos socioeconómicos, que deberían avaliarse de forma separada.

Opacidade na creación da sociedade Recursos de Galicia, esa vía de privatización dos nosos recursos naturais, que, por certo, se creou antes de que entrara este proxecto a trámite parlamentario a debaterse; sociedade Recursos de Galicia na que —recordemos— ten a Xunta un 30 por cento, pero sobre a que —tamén recordemos— o Consello de Contas en dous informes dixo que realmente ten o dereito de voto a Xunta de Galicia. Por tanto, porque está aí Sogama, a participación de Sogama, que tamén, por certo, está Naturgy, unha enerxética, e por tanto ten o control dos dereitos de votos, e debería quedar baixo o perímetro do sector público autonómico, porque así o di o artigo 102.2 da Lofaxga.

Evidentemente, gústanlle eses modelos de colaboración público-privada —que xa amosamos no Álvaro Cunqueiro—, que é unha forma evidentemente de privatizar os nosos recursos. Nós apostamos por unha empresa pública cen por cento galega, na que evidentemente pode haber participación do sector privado en proxectos estratéxicos de maneira integramente pública ou en modelos mixtos.



E outra improvisación, esa ocorrencia, a creación dunha empresa mixta de comercialización e produción; comercializa e produce enerxía, e a través da sociedade Recursos de Galicia; nin é pública nin é social, nin abaratará a factura dos galegos e as galegas. Iso que din, evidentemente, é unha mentira. A comercializadora beneficiará só as empresas que elixa o Goberno galego, así como os territorios de afección dos parques eólicos.

Afirmouse tamén que se bonificará o 50 por cento da venda de enerxía a través da comercializadora. Pois non sei como van facer: ¿a través de beneficios fiscais?, ¿a través de subvencións?, nun sector que está liberalizado, co cal evidentemente podemos estar falando dun *dumping* a nivel de competencia.

Evidentemente, hai unha regulación moi pouco ambiciosa das comunidades enerxéticas de autoconsumo, só para os sectores industriais.

E ¿que imos falar finalmente da explotación mineira en Galicia, que é unha historia de gigantes con pés de barro? No proxecto hai unha ausencia absoluta de planificación da posta en marcha de proxectos mineiros. No censo mineiro hai dereitos que están caducados e non está actualizado. A orde de caducidade do dereito mineiro leva sen saír dende o ano 2011. A planificación da minería en Galicia é inexistente. A mina de Penouta, autorizada pola autoridade mineira en cota Rede Natura cero, e na que se abriron dilixencias penais por multiplicarse por tres os límites permitidos para consumo humano de metais pesados. ¿Isto é serio, señorías? ¿Podemos ter un Goberno galego do que nos podemos fiar os galegos e as galegas? Anulación da mina de feldespatos en Muras, ou casos como o de San Fins ou a mina de Corcoesto.

Que a industria mineira é estratéxica en Galicia, si, sen ningunha dúbida, pero sempre, sempre, planificada, ordenada, explotada con criterios de sustentabilidade ambiental.

En definitiva, entendemos os Socialistas de Galicia que o Proxecto de lei de recursos de Galicia é unha grande oportunidade perdida para o noso país. Chega tarde, mal e a rastro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Golpe Acuña.

O señor GOLPE ACUÑA: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

«Se deciden presentar emendas parciais a este articulado, garántolles que serán estudadas con espírito crítico, máxima atención e respecto». Estas verbas pronunciounas o portavoz do Partido Popular no debate da emenda á totalidade, que tivo lugar nesta Cámara o pasado 25 de xuño. Non sei o que entenden vostedes por espírito crítico e atención, porque, logo do paso do proxecto de lei pola ponencia, o resultado das emendas aceptadas foi máis ben pobre.



Iso si, respecto máximo, só faltaría. Respecto e bo talante que utilizan para dicir non a todo e quedar tan anchos, con cara de risa e bo rolo; iso que non falte.

Definía o proxecto de lei a nosa compañeira Noa Presas no debate da emenda á totalidade como un cabalo de Troia, e reafirmámonos neste feito; é un cabalo de Troia que recolle nese gardarroupa un disfrace de beneficio para o país que en realidade agocha un caixón de xastre de políticas contrarias ao propio país; contrarias á preservación dos nosos recursos naturais estratéxicos; contrarias tamén ao desenvolvemento económico e social de Galiza.

Si é certo que este texto presenta unha exposición de motivos impecable. Nós mesmos poderíamos subscribir esta exposición de motivos, pero, cando baixamos ao contido, cando imos debullando o articulado, a cousa cambia. No canto de recoller as boas intencións da exposición de motivos, o que atopamos é un conxunto de medidas que, unha tras outra, trazan un rumbo cara á destrución da biodiversidade no noso país, a depredación dos recursos de Galiza, iso si, vestido con ese traxe que dicía antes de beneficio. Medidas pensadas para máis desregulación, máis depredación dos recursos e máis discrecionalidade para unha Xunta entregada ao servizo dos grandes intereses económicos, sen diálogo e sen consenso, ignorando ademais as recomendacións científicas da loita contra a crise climática, en definitiva, para entregar máis aínda Galiza como colonia enerxética, convertendo o noso país nunha terra de sacrificio.

A nosa emenda á totalidade a este proxecto de lei estaba baseada en cinco puntos. Estes mesmos puntos serviron de base para as emendas parciais, e convén citalos para ter claro de que estamos a falar. Cinco puntos cos que queríamos corrixir un proceso de elaboración fraudulento, porque non resolve os retos industriais do noso país; non resolve os retos económicos; non ordena nin cambia o modelo enerxético, senón que afonda no espolio e no descontrol, porque non protexe o medio e afonda na depredación, porque é unha mestura, é un remexido de ámbitos que deberían contar cunha regulación específica pero que o temos todo aquí nunha especie de batedor.

Recollendo estes cinco piares básicos, redactamos un total de 67 emendas ao articulado e disposicións deste proxecto de lei. Pouco éxito tivo este traballo, dado que desa 67 emendas só se aceptaron 5 e 1 foi transaccionada; 5 de 67. Paréceme a min que se pasaron de espírito crítico, señores do Partido Popular.

Entendo que hai formulacións dentro das nosas emendas que coliden directamente co seu ideario. Pouca ou ningunha esperanza tiñamos en que foran aceptar, por exemplo, a creación dunha empresa pública de enerxía, por certo, recomendación que tamén recollía o Consello Económico e Social no seu ditame, e non porque unha empresa pública de enerxía vaia en contra do libre mercado, como aquí se dixo, senón porque a súa concepción do público é a través dunha intervención privada, nun exercicio de asunción total das teses de Milton Friedman.

Conste que persoalmente me sorprendín gratamente cando, logo do retiro espiritual do Consello da Xunta en Sober, o presidente anunciou a creación dunha empresa comercializadora. Esta impresión inicial estaba xustificada pola propia natureza do anuncio: o presidente da



Xunta, o presidente de todas as galegas e os galegos, anunciando unha empresa comercializadora pública galega. Non. Pouco durou o efecto, pouco durou a festa. Unha empresa pública non vai ser, porque resulta que quen a vai montar non é a propia Xunta, senón que é unha empresa privado-pública, Recursos de Galiza, na que a Xunta ten un 30 por cento de participación. ¡Vaia paradoxo!, ¡vaia cousa máis rara! O presidente de todas as galegas e os galegos facendo un anuncio como socio minoritario dunha empresa. ¡Cousas veredes! (*Aplausos.*)

Os paradoxos con esta comercializadora non acaban só coa súa natureza. Se facemos caso dos anuncios feitos pola conselleira, hoxe aquí presente, na propia sede de Recursos de Galiza, esta comercializadora vai ser encargada de asegurar a viabilidade dos proxectos que se monten no noso país; os novos proxectos van ter unha viabilidade económica garantida a través da comercializadora Recursos de Galiza, a través deses paquetes, que denominaba paquetes de enerxía, que lle van comprar, o que vén sendo un contrato PPA; vamos, un disparate.

E non temos certo onde vai rematar este disparate, non sabemos que resulta máis extravagante: se crear a empresa Recursos de Galiza antes que a propia lei que recolle a súa creación, esta que estamos debatendo aquí hoxe; se limitar a participación pública no 30 por cento, no canto de facer caso ás recomendacións do Consello Económico e Social e que nós mesmos pediamos nas nosas emendas, que esta empresa debería ser un 100 por cento pública; ou, se non tamén, garantir a viabilidade deses novos proxectos, nomeadamente van ser parques eólicos, con compra directa da enerxía, no canto de valorar como beneficio a participación pública neses propios proxectos, ou incluso a cesión de enerxía para a súa xestión pública deses proxectos.

E logo tamén está a venda da enerxía, que loxicamente é para o que se montou a comercializadora, para vender quilovatios/hora, e isto merece unha análise á parte.

Anunciaba a conselleira que esta comercializadora vai vender a enerxía ás empresas con prezos por debaixo do mercado, tamén baixo formato de PPA, contrato a prazos. Ben, isto pódese facer se a compra se fixo con prezos por debaixo do mercado, loxicamente, porque outra cousa sería asumir as taxas da tarifa eléctrica galega, e non vexo as señorías do Partido Popular por este labor.

Pero logo tamén anuncia a conselleira que as persoas que estean na proximidade dos proxectos de xeración van ter acceso a esta enerxía cun 50 por cento de desconto. Non hai que facer moitas contas para deducir que este prezo a estes particulares próximos aos proxectos é unha venda a perdas. E isto si que vai contra o libre mercado, isto chámase *dumping*. Habería que preguntarlle a aquel directivo dunha grande enerxética que protagonizou o abrazo no Obradoiro xunto co presidente Feijóo a ver que lle parecen este tipo de anuncios.

Tampouco queda nada claro cando din iso de cidadanía próxima aos proxectos, cidadanía próxima aos proxectos para a que se vai reducir a ese 50 por cento. Deberían acoutar ben a que se refire isto de proximidade, porque, se finalmente chegan a instalarse os sesenta e pico proxectos eólicos que están paralizados no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, se se instala todo o que o Ministerio de Transición Ecolóxica ten metido no rexistro das catro



provincias, se finalmente é un efecto chamada a todos os proxectos que vostedes pretenden, todas as galegas e os galegos imos formar parte dun proxecto de proximidade; aínda vai ir á quebra esta comercializadora.

Do que non se escoitou nada da boca da conselleira é de como esta comercializadora vai contribuír contra a pobreza, contra a vulnerabilidade enerxética, como vai traballar para mitigar os efectos do incremento dos prezos dos produtos enerxéticos nas economías domésticas. Disto nada se dixo.

E permítanme lembrarllas que, mentres vostedes retiran o complemento autonómico ao bono térmico, segundo o último informe da Rede Europea contra a Pobreza e Exclusión Social, un 21,6 por cento de galegas e galegos están en situación de pobreza enerxética, o dato máis elevado de toda a serie histórica, e vostedes retiraron o complemento ao bono térmico (*Aplausos.*); hai que ter ben pouco amor propio polo próximo.

Por certo, o día que lle preguntamos por iso, señora conselleira, espetoume neste mesmo pleno que non lle dera leccións do como estar a carón dos favorecidos; pois, visto o visto, coído que non lle viñan mal un par de clases.

Non lles vou cuestionar a lexitimidade que vostedes teñen en lexislar empregando a maioría absoluta da que dispoñen; máis unha vez converten esta maioría absoluta en absolutismo, negando unha escoita activa, xa non só ao resto dos grupos deste Parlamento, senón á totalidade de emendantes deste proxecto de lei.

Tendo nós que facer o traballo de recoller esas emendas e volvelas presentar aquí, o que é xa máis cuestionable é rexeitar aquelas emendas que con espírito construtivo propuxemos dende o noso grupo para mellorar esta lei. Así pois, é inconcibible que se rexeite adicionar un texto para que os fins que persegue esta propia lei, alén da cohesión social e da mellora da calidade de vida da poboación galega, sexa que esta lei apostará por un modelo enerxético sustentable e no que o aproveitamento dos recursos naturais non poñerá en perigo aqueles sectores da actividade que proporcionen alimentos básicos á poboación, ou que se valore como beneficio a posta en marcha dos territorios afectados de proxectos de desenvolvemento económico ou plans industriais asociados que pechen o ciclo produtivo con produtos finais listos para a súa comercialización nos que se aproveite todo o valor engadido. Esta é a nosa emenda número 11, recórdollelo, porque tampouco foi aceptada, porque logo a conselleira Lorenzana nun acto o pasado mércores en Lugo dixo que ía facer exactamente isto, que a lei ía promocionar exactamente isto, pechar os ciclos produtivos. Repasen o texto, porque, se realmente o que pretenden é que pechen os ciclos produtivos, van ter que votar a favor da nosa emenda número 11. Podemos aceptarllas a votación separada das emendas, non hai ningún problema.

Esas dúas emendas que acabo de citar teñen unha clara incidencia sobre o sector primario galego, conservando as actividades existentes diante doutras de calquera outro carácter e garantindo un meirande valor engadido chegando ata o final da cadea. A vostedes isto non lles valeu. A cousa é: ¿cal é o compromiso do Partido Popular co sector primario galego? ¿Cales son as prioridades deste goberno? En fin, para vostedes, que son especialistas en portas xiratorias, debe ser que no sector primario non existen este tipo de portas que dean voltas.



Xa llelo dixo o Consello Económico e Social, xa llelo dixo o CES: hai que protexer as actividades previamente existentes nos territorios no ámbito económico, singularmente no sector primario, e singularmente a produción de alimentos, algo que é estratéxico e do que xa vimos a súa importancia na pasada pandemia da covid.

Fíxense cal é o rigor e espírito crítico do PP que introducimos unha emenda para que se realizase unha nova planificación enerxética, na que se dea audiencia á totalidade da sociedade galega, nomeadamente aos axentes sociais, asociacións sectoriais e Administración local, unha emenda que ía na mesma dirección ao que lles determinaba o CES, que sinalaba claramente que non temos planificación. Non se aceptou. Iso si, agora na Lei de acompañamento introducen unha modificación da Lei do sector eólico para facer unha nova planificación. Hipocrisía máxima, hipocrisía máxima, señores do Partido Popular.

Pero se analizamos un pouquiño por encima esta proposta que fan vostedes da nova planificación enerxética, aínda que tempo teremos para falar desa modificación e do resto dos orzamentos, vistas as exencións que lle meten á nova redacción do plan sectorial, iso vai ser un plan non-plan, porque se permite facer todo o que se permite, é dicir, poñer unha vez máis todo o territorio en mans do *lobby* eléctrico.

Non aceptaron tampouco o balance neto de beneficios, valorando negativamente o impacto negativo que terá sobre o tecido produtivo existente, postos de traballo e negocios afectados. Negaron de novo a participación social; negan de novo unha escoita activa, impedindo que na valoración dos proxectos estean os concellos afectados ou os axentes sociais; non aceptaron que a Fegamp participase nesa valoración.

E volvemos do novo ao tema dos PPA. Esta vez a cousa déixana bastante máis clara: decláraos de especial interese social e económico os proxectos de produción de enerxías renovables que se subscriban —contratos PPA— a un prezo competitivo. ¿Que é un prezo competitivo? Como tal, non existe. Nós puxémosllelo claro nas nosas emendas: o custo liberado de enerxía; iso é algo tanxible, algo calculable, pero vostedes prefiren deixar iso á discrecionalidade do Consello da Xunta —outra discrecionalidade máis—, sen deixar de lado os PPA.

Non houbo acordo posible en deixar claro que pasa cando un proxecto de interese perde o seu socio, perde ese contrato. É algo que xa se está dando no noso país, que xa o falamos aquí; é algo que está pasando no parque eólico Tesouro e na fábrica da Sentury Tire nas Pontes. Aínda así, malia ter o problema diante dos seus ollos, prefiren mirar para outro lado que aceptar unha emenda do BNG. ¡Vaia co espírito crítico, vaia!

Non recoñecen o valor das infraestruturas de promoción social, por exemplo as traídas de auga. Buscamos coas nosas emendas que esas traídas quedasen blindadas ante calquera outra concesión de auga, pero vostedes non quixeron facelo; clara desintonía e descoñecemento do rural.

Perden, ou mellor dito perdemos, a oportunidade de crear un plan sectorial de actividades extractivas, modificar a lei do sector da minaría. E con isto perdemos tamén a oportunidade de xestionar ordenadamente os recursos mineiros a través dun ente público. Tampouco ti-



veron a ben aceptar as emendas para crear o Consello da Minaría de Galiza, e, iso si, agora introdúceno na Lei de acompañamento. E preguntome eu: ¿a que se debe isto? ¿Para que facemos todo este paripé? ¿Para que facemos toda esta tramitación parlamentaria a un texto lexislativo se ao final usan a Lei de acompañamento como subterfuxio para facer o que a vostedes lles peta?

¿Onde está o diálogo, señores do Partido Popular? Teñen vostedes secuestrado o diálogo, teñen vostedes secuestrado o debate parlamentario e teñen vostedes secuestrado este Parlamento baixo esa maioría absolutista. *(Aplausos.)*

En resumo, este proxecto de lei que vai ver a luz grazas a esta maioría absolutista do Partido Popular, que foi tramitado sen escoita, sen escoitar os axentes sociais, sen escoitar o Consello Económico e Social, sen escoitar a oposición deste Parlamento, é unha mostra máis da présa, unha mostra máis da necesidade imperiosa que teñen vostedes de neutralizar a oposición social aos proxectos industriais que ameazan o noso xeito de vida, a nosa paisaxe, a nosa terra, un *greenwashing* para poder seguir facendo o mesmo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Grazas, señorías.

Benvida, conselleira.

A verdade é que quero comezar facendo un recoñecemento ao atrevemento. Hai que ser moi atrevido para vir hoxe aquí para falar de perder o tren en Galicia, *(Aplausos.)* de perder o tren, en fin.... Case tanto atrevemento como vir aquí presumir da primeira muller española nomeada comisaria europea e vicepresidenta da Comisión. Non, señoría, non, debería de respectar vostede todas as mulleres. A primeira comisaria europea española e vicepresidenta na Comisión española chamábase Loyola de Palacio e militaba no Partido Popular. *(Aplausos.)* Respecten. Non sei se lle falta a vostede memoria ou xenerosidade, non sei cal das dúas.

Miren, señorías, ningún parlamento que se prece pode desenvolver o seu labor sen manter unha conexión permanente coa realidade social que o rodea, sen comprender o tempo e o contexto no que desenvolve o seu traballo. Namentres ten lugar este debate, o mundo está a experimentar un cambio de paradigma enerxético, industrial e social de transcendencia histórica, un cambio de consecuencias dificilmente previsibles, pero a toda luz inevitables.

En febreiro de 2007 o Parlamento Europeo publicaba a Declaración 16/2007, sobre — cito literalmente— o establecemento dunha economía verde baseada no hidróxeno e unha terceira revolución industrial en Europa, mediante unha asociación das rexións, as cidades, as pemes



e as organizacións da sociedade civil interesadas. O máximo órgano de representación do continente validaba así o concepto de terceira revolución industrial, cuñado anos antes por Jeremy Rifkin, e situábanos ante o proceso de transformación económica e social, intimamente ligado ao desenvolvemento das enerxías renovables.

Esta terceira revolución industrial á que alude a Cámara europea garda evidentes similitudes cos seus dous antecedentes históricos. Ao igual que nelas, o detonante desa transformación é o desenvolvemento dunha nova tecnoloxía asociado a unha nova fonte de enerxía primaria.

Na primeira revolución industrial, a máquina de vapor impulsada grazas ao carbón propiciou a mecanización da produción, que conlevou un proceso de migración da poboación do campo ás cidades e, consecuentemente, a creación de novas clases sociais.

Na segunda revolución industrial, o motor de combustión impulsado por combustibles fósiles, unido á electrificación das factorías, impulsou o salto, a produción masiva de bens manufacturados, e supuxo un crecemento sen precedentes da clase media e a eclosión da sociedade de consumo.

Cambio tecnolóxico, cambio enerxético e cambio social. E así chegamos á terceira revolución industrial, directamente ligada ao desenvolvemento das tecnoloxías da información e comunicación e ao impulso definitivo das fontes de enerxía renovables.

Do mesmo xeito que somos herdeiros das consecuencias daquelas decisións que tomaron os nosos maiores, debemos tomar conciencia de que somos nós, os homes e mulleres desta xeración, a quen corresponde escribir esta páxina de historia, e, polo tanto, os nosos acertos ou desacertos serán os que definan as consecuencias sociais que afectarán as futuras xeracións do noso país. Somos nós a quen corresponde decidir cal é o legado que van recibir as galegas e os galegos de mañá, e penso sinceramente que esa responsabilidade nos obriga a facer un exercicio de xenerosidade, de entendemento, de acordo, que lles aseguro que en todo momento nos serviu de guía na elaboración do texto que hoxe sometemos á aprobación da Cámara.

Señorías, por primeira vez na historia Galicia afronta un proceso de transformación industrial dende unha posición de privilexio; unha posición derivada da vantaxe incuestionable da que non podemos desfrutar en anteriores ocasións: a nosa capacidade de producir, subministrar e aproveitar enerxías renovables.

Galicia non dispuxo no pasado de grandes xacementos de carbón, ou de petróleo, pero si dispón dunha enorme capacidade para xerar enerxías verdes, ata o punto de poder converter nunha auténtica potencia na obtención destes recursos se somos quen de superar as dificultades que estamos a padecer nestes momentos.

Desaproveitar esa circunstancia constituiría un exercicio de irresponsabilidade, e por iso quero facer miñas as palabras coas que a conselleira de Industria comezaba a súa intervención ao presentar este proxecto normativo ante a Cámara: «Chegou o momento de reindustrializar Galicia sobre a base dunha enerxía verde, competitiva e xusta, e de reverter esa



riqueza na nosa sociedade. É tempo de actuar». «É tempo de actuar», unha afirmación que o Grupo Popular comparte sen reservas e que viña tamén acompañada dunha reflexión da señora Lorenzana que non deba caer en saco roto: «Tan absurdo é danar o medio ambiente por un uso inadecuado dos nosos recursos naturais como ignorar os recursos naturais por un inmovilismo cego que non permita o seu aproveitamento».

Señora conselleira, asegúrolle que polo menos este grupo que represento non vai permitir nin unha cousa nin a outra, e por iso hoxe podemos afirmar con orgullo que imos apoiar unha lei elaborada sen máis interese que conservar o mellor da Galicia que recibimos dos nosos pais, e que queremos entregar unha Galicia aínda mellor aos nosos fillos. Ese é o noso único propósito. *(Aplausos.)*

E para ese propósito, señorías, non imos permitir que os insultos, as falsas acusacións ou as reiteradas profecías sobre catástrofes que afortunadamente nunca chegan nos desvíen do obxectivo que fundamenta a nosa vocación política: construír un futuro mellor para a seguinte xeración de galegos. E esta lei dá testemuño dese compromiso.

É unha lei que recibiu importantes achegas por parte da sociedade civil, que se materializaron, señor Golpe, en 67 alegacións incorporadas ao seu articulado, ás que debemos engadir 9 emendas incorporadas durante a tramitación parlamentaria, 6 delas directamente e 2 máis froito de senllas transaccións alcanzadas co BNG e co PSdeG; unhas achegas que creo que reflicten o esforzo deste goberno e do grupo parlamentario que o sustenta por alcanzar acordos, aínda que isto non resulte sinxelo ante posicións de carácter dogmático absolutamente refractarias a calquera tentativa de diálogo.

Señorías, acordar implica estar disposto a abandonar as trincheiras da ideoloxía para centrarse naquilo que nos une, recoñecendo o bo que pode existir no outro e facendo un esforzo por entender que a discrepancia pode levarnos a ser adversarios cordiais, pero nunca deba converternos en inimigos irreconciliables.

Sorprende escoitar como recorrentemente se nos fan invitacións ao diálogo construtivo e ao mesmo tempo se nos acusa de perseguir conscientemente a ruína do país, de traballar para converter os galegos en escravos das multinacionais e mesmo se nos acusa de condenar Galicia a ser unha colonia ocupada e sometida aos intereses de potencias ocupantes. Señorías, nin tanto arre que fuxa, nin tanto xo que pare. ¿Como é posible dialogar con representantes do lobby eléctrico, cos espoliadores, cos depredadores...? «Casposos» chamáronnos. Non cabe coherencia entre a descualificación e a chamada ao diálogo. Así que, polo menos, nunha desas dúas afirmacións vostedes están mentindo, e esa mentira nunca é unha boa base para o acordo.

Afortunadamente, a maioría dos galegos son moito máis sensatos, e iso permítenos recibir achegas construtivas de persoas e colectivos máis preocupados por solucionar os problemas reais da xente que por inventar polémicas absurdas. E nós imos continuar por ese camiño. *(Aplausos.)*

Señorías, este grupo parlamentario está en condicións de afirmar que a Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia cumpre os dous requisitos fundamentais que motivaron a súa creación.



O primeiro obxectivo é garantir que calquera proxecto que se desenvolva en Galicia relacionado coa produción de enerxía parta de fontes renovables; que a concesión de augas ou que a concesión de dereitos de explotación mineiros redunde en beneficios directos e medibles para o conxunto da poboación; beneficios de carácter ambiental, beneficios que amosen un impacto directo na economía local, beneficios relacionados coa creación de emprego e coa participación de investidores locais nos propios proxectos, beneficios que supoñan un novo pulo para a investigación e, como non, un beneficio tan palpable como a redución de custos enerxéticos para os consumidores locais.

Non estamos a falar de quimeras ou de fantasías, senón de realidades palpables; algunha das cales, por certo, xa experimentou un impulso importante durante a tramitación desta lei, como, por exemplo —falaron hoxe diso—, que o Goberno vén de anunciar a creación dunha comercializadora de enerxía verde a través da colaboración público-privada, co fin de abaratar ata nun 50 por cento o custo da enerxía aos galegos e galegas afectados polos proxectos definidos nesta lei e de mellorar tamén a competitividade das empresas e industrias, a través dos contratos de compravenda de enerxía a longo prazo; esas PPA das que falaba o señor Golpe. A resposta da oposición pois é tan decepcionante como esperada: descualificacións e paus nas rodas, jo de sempre!

O segundo obxectivo é garantir que todos e cada un dos proxectos que se desenvolvan ao amparo desta normativa continúe estando sometido ás máximas exixencias ambientais. Esta lei non merma nin unha soa garantía ambiental para calquera proxecto que se instale en Galicia, e isto, señorías, é unha realidade incuestionable e confirmada por vostedes mesmos, xa que nin unha soa das súas emendas a este texto estaba dirixida a reforzar as garantías ambientais, ¡nin unha soa! Polo tanto, eu creo que estamos en condicións de afirmar que esta lei cumpre escrupulosamente a finalidade que aparece recollida na súa exposición de motivos: asegurar a xestión responsable dos recursos naturais de Galicia, de maneira que se protexa o ambiente e se cree riqueza, e que a riqueza creada impacte no territorio.

¿Acaso non son esas premisas compartidas pola oposición? Pois claro que si, pero, como nos recordaba Einstein, vivimos unha época triste na que resulta máis sinxelo desintegrar un átomo que un prexuízo, e, no caso concreto da oposición galega, comezo a sospeitar que vostedes prefiren desintegrarse a desprexuízarse.

Señorías, creo firmemente que non existen razóns de peso que xustifiquen un voto negativo a esta lei, e como, ao contrario de vostedes, eu non estou disposto a asumir que hai galegos que non queren o mellor para Galicia, cómpre preguntarse: ¿cales son os auténticos motivos da súa oposición a calquera proposta relacionada co que teña que ver co desenvolvemento industrial deste país? Se empezamos a ler as súas emendas, non se alcanza a entender o motivo da súa oposición.

É certo que afirman desconfiar da colaboración público-privada, pero non é menos certo que en cada ocasión na que tiveron oportunidade de gobernar recorreron a ese modelo de colaboración cun entusiasmo eu diría que incompatible con esa suposta desconfianza. Renegan da colaboración público-privada, pero non dubidan en aplicala á xestión dos residuos urbanos, ao transporte urbano, ao tratamento das augas, á xestión de estacionamentos pú-



blicos, ás infraestruturas culturais, á sanidade ou aos servizos sociais. E exemplos disto sobran. Poderíamos falar do auditorio Mar de Vigo, poderíamos falar das residencias de maiores impulsadas pola Deputación de Lugo, poderíamos falar da blindaxe do concerto de Povisa durante o Goberno bipartito... E así poderíamos continuar cun longo e case interminable etcétera. Así que resulta evidente que o problema non está aí.

Insistiron durante a ponencia na necesidade dunha revisión do Plan eólico de Galicia, porque precisaba dunha adaptación á nova realidade, a pesar de que lle advertimos mil e unha veces que esa cuestión non formaba parte do obxecto desta lei. Pois paralelamente á tramitación da lei, o propio presidente da Xunta anunciou que se inicia esa revisión que a vostedes lles parecía tan importante, e consecuentemente entendo que non pode ser ese o motivo da súa oposición á lei.

Señorías, eu teño a firme convicción de que a razón última da súa oposición a todo radica na súa incapacidade para construír un proxecto propio; un proxecto que, como calquera outro, implica apostas e renuncias. Porque non existen solucións máxicas, non existe ningunha fonte de enerxía que non implique algún tipo de custo ambiental, nin existe unha soa industria perfecta que non supoña ningún tipo de impacto na súa contorna. Unha cousa é traballar na procura do necesario equilibrio entre progreso e conservación e outra moi distinta pretender asumir a imposible entelequia de que é posible un desenvolvemento industrial incompatible co inmovilismo absoluto. Esa é a base do seu discurso. Os galegos xa lles dixeron reiteradamente que non están dispostos a asumir esa falacia. E a Galicia que vostedes defenden é unha entelequia carente de todo fundamento.

Exixen o desenvolvemento eólico do noso país, ao tempo que intentan boicotear cada instalación eólica. Afirman apostar firmemente polo hidróxeno verde, pero bloquean os proxectos eólicos imprescindibles para a súa implantación. Prometen un plan para a reindustrialización de Galicia, pero se opoñen a todos e cada un dos proxectos industriais que pretenden implantarse na nosa terra.

Vostedes queren a eólica, pero sen muíños; queren minería, pero sen minas; queren industria, pero sen factorías; queren turismo, pero sen turistas; queren emprego, pero sen empresas. Vostedes queren a colleita, pero non están dispostos a traballar a terra. *(Aplausos.)* ¡E iso non pode ser, señorías! ¡Iso non pode ser!

Miren, señorías, hoxe, diante de moitos galegos, podo dicirlles que nós non imos prometer aos galegos unha idílica Arcadia tan feliz como falsa na que vivirán comodamente grazas á riqueza ilimitada que crece nas árbores. Non, señorías, nós iso deixámolo para vostedes; nós imos seguir mirando aos ollos dos galegos para dicirlles que, se traballamos duro, construiremos un futuro mellor para os nosos fillos; que se nos esforzamos, este país terá grandes posibilidades de desenvolver o seu inmenso potencial; e que se obramos con intelixencia, ese potencial estará ao servizo dos galegos. E por iso daremos un si rotundo a esta lei, non cunha maioría absolutísima, senón coa maioría absoluta que nos deron os galegos nas urnas cando llela negaron a vostedes. Nunca se esqueza dese principio democrático, señoría. *(Aplausos.)*



Mire, temos o convencemento profundo de que en materia de política industrial é moito máis importante investir que embestir. Polo tanto, vostedes poden seguir dando as cornadas que consideren oportunas a todos e cada un dos proxectos industriais que se pretendan implantar nesta terra, pero nós seguiremos coa teima de intentar facilitar a implantación de todos aqueles que cumpran todos os requisitos legais e todos os requisitos ambientais. E imos seguir apoiándoos, porque por máis cornadas que dean vostedes, nós e os galegos xa sabemos que máis cornadas dá a fame, e nós non imos condenar este pobo a un futuro sen industria, porque ese é o futuro sen fame que vostedes terán que explicar por que están defendendo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rolda de réplica.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Bueno, señor Pazos, xa non me queda dúbida ningunha de que realmente é un deputado que leva aquí ao hemiciclo esa soberbia, esa altivez da maioría absoluta, da confianza dos galegos. É increíble. ¡Incríble!

É urxente —urxente— que se comece a facer unha política enerxética e dos nosos recursos naturais en maiúsculas. Hoxe non hai unha política enerxética e de cambio climático recoñecible no noso país. Trece modificacións da Lei do sector eólico. ¿Esa é unha política recoñecible, señor Pazos?

¡Que asuman a súa responsabilidade de gobernar, que levan case dezaseis anos no Goberno! Que o sector eólico aínda arrastra a decisión nefasta, caprichosa e partidista do señor Feijóo cando chegou no 2009 ao Goberno galego. ¿E sabe que fixo? Pois suspender un concurso eólico dun Goberno presidido por Pérez Touriño que sacou do mercado 2.325 megavatios por un criterio oportunista e partidista. ¿E sabe que tamén, señor Pazos? Deixou fóra 5.000 millóns de euros de investimento. ¿Por que? Tamén por motivos partidistas, non pensando no interese xeral de todos os galegos. *(Aplausos.)*

¿E sabe que tamén, señor Pazos? Tivemos que pagar todos os galegos con cartos públicos case douscentos millóns de euros de responsabilidade patrimonial da administración para indemnizar os promotores que foron adxudicados nese concurso que Feijóo suspendeu por motivos partidistas; que, por certo, foi avalado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e polo Tribunal Supremo como un concurso legal —legal, señor Pazos—. Esa é a forma de facer política que levan facendo dezaseis anos no goberno. Deses lodos, estes barros: sesenta parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Nestes últimos meses autorizáronse máis parques eólicos que nos últimos seis anos. Corren, teñen presa, pero así as cousas non van saír ben.

A realidade é, señor Pazos, que, de ser primeira potencia, ¿onde estamos agora? ¡A cuarta potencia! Outras comunidades autónomas fixeron os deberes —Aragón, Castela e León— e



acolleron a zonificación feita polo Miteco. Agora si, van facer un plan sectorial eólico de Galicia, despois de todas as propostas que viñemos facer. ¡Claro que ten relación directa e material con este proxecto de lei, señor Pazos! Que, por certo, ponse na Lei de medidas do 2025 ese plan sectorial eólico que permite autorizar parques eólicos fóra das áreas de desenvolvemento eólico dese futuro plan sectorial eólico de Galicia. De novo, correndo, de présa e un desenvolvemento eólico desordenado, indiscriminado e sen ter en conta os criterios de sustentabilidade ambiental da nosa realidade galega. Que non é Castela e León e non é Castela a Mancha; que aquí temos dispersión xeográfica, señor Pazos, e temos ecosistemas e directivas de hábitats que hai que respectar. Temos un Plan sectorial eólico do ano 1997, señor Pazos, e unha ampliación de Rede Natura metida no caixón, porque xa nos tirou das orellas a Comisión Europea. Temos a menor porcentaxe de Rede Natura no noso territorio: menos dun 12 por cento, señor Pazos. Esa é a realidade da política enerxética en Galicia, señor Pazos.

E claro que hai formas diferentes de facer política: apostar ou non apostar, e aquí non se está a apostar. O Goberno non aposta, amosa unha absoluta inacción, unha falta de pulo na política enerxética. E os socialistas —eu tamén—, iso de que non queriamos acordar... Pois a realidade, é verdade, é que houbo bo entendemento, tivemos unhas reunións o certo é que moi cordiais nese sentido e que se prestou ese ánimo colaborador e de chegar a transaccións e a acordos; e tamén por parte da conselleira, aquí presente. Pero bueno, ao mellor é que son ilusa, acabo de chegar á política e, das 34 emendas que se presentaron, aceptáronse dúas de estilo e formais. Pois, señor Pazos, é verdade que —non sei— eses ánimos de chegar a acordos... É evidente que —como dixen antes— se pasa a apisonadora, non o rodillo.

Claro que temos propostas ao Pacto de enerxía industrial. Claro que se fixeron esas emendas: plan sectorial eólico novo con criterios de sustentabilidade ambiental, participación pública temperá, transposición da directiva de renovables, definición das ZAR, das áreas de desenvolvemento renovable, simplificación da burocratización na autorización dos parques eólicos...

Faise unha regulación raquílica das comunidades enerxéticas. Asumamos unha regulación moito máis ambiciosa. Planificación e ordenación dos nosos recursos naturais, que tampouco se fai nesta lei. ¿Vaime dicir tamén que non é obxecto do Proxecto de lei de recursos, señoría? Claro que hai proxecto, claro que hai medidas útiles e propositivas por parte das socialistas de Galicia. E seguirémolas amosando; para nós é unha das prioridades desta lexislatura.

As socialistas dicimos tamén «non» a ese desenvolvemento indiscriminado das enerxías renovables no noso país; pero «non» tamén ao ostracismo sen aportar solucións realizables. Pedimos mirar por riba dos intereses dos partidos. Queremos unha harmonía, un equilibrio. ¿Tan difícil é chegar a esa harmonía e equilibrio neste Parlamento? Entre as comunidades, a xente, o territorio, a biodiversidade, o ecosistema, o sector primario de labradío e de gandería; tamén cos sectores empresariais das enerxías renovables e da industria asociada. Claro que é necesario o desenvolvemento da enerxía renovable para que se implante no noso territorio industria nese proceso de transición enerxética. Non podemos esquecer que as enerxías verdes non son contaminantes. Claro que, evidentemente, van ter impactos que deben ser compensados en termos de beneficios sociais e económicos concretos nos territorios e nas súas xentes.



É imprescindible despreparar a transición enerxética, pero de maneira ordenada, planificada e con criterios de sustentabilidade ambiental, que é onde está a fallar o Goberno galego. ¡É onde está a fallar!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora IGLESIAS REY: Evidentemente, seguiremos con ese pico e pala, proponendo propostas útiles e propositivas e tratando de explicar á cidadanía galega —a pesar de que me dirá que ten o apoio de toda a cidadanía galega— que en política enerxética e de cambio climático e en desenvolvemento eólico en Galicia o Goberno galego fracasou estrepitosamente.

Moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Golpe Acuña.

O señor GOLPE ACUÑA: Grazas, presidente.

Recoñecemento e atrevemento. Señor Pazos, recoñecemento, que a coñeceu dúas veces, porque lle vou dar un dato. Vostede citaba a Jeremy Rifkin e a *Terceira Revolución Industrial* dicindo que no noso país nunca houbo carbón nin houbo petróleo. Voulle dar unha cifra: 380 millóns de toneladas. Non é o peso das mentiras do Partido Popular; é a cantidade de carbón que se trouxo de dúas minas da provincia da Coruña: Cerceda e Meirama e mais a das Pontes. *(Aplausos.)* A ver, eu penso que é algo o suficientemente relevante como para telo en conta antes de que un se largue a falar de cousas así á lixeira.

Por certo, vostede falaba de diálogo, vostede falaba de respecto institucional e persoal, do insulto... Home, señor Pazos, hai quince días aquí mesmo vostede dixo que o Bloque Nacionalista Galego era unha seita. ¿Onde está o respecto aí? Non sei. *(Aplausos.)*

Non fomos quen —e admito o noso erro— de que nin unha soa das emendas que levabamos neste proxecto de lei fose admitida; a pesar dese diálogo, a pesar dese ánimo construtivo do que vostede falaba. E dicía agora que queríamos a colleita sen traballar a terra, e vostedes venden a terra para que llela traballen outros; ou sexa, que seguen vostedes na súa liña. En fin. E aínda así ten a soberbia de falar de fame. Acabo de citarlle o dato da pobreza no noso país, o 21,6 por cento... *[Inintelixible por problemas de son.]* ...o Bono térmico. ¿E fala de xente que ten fame? ¡Vostede non ten vergoña, señor Pazos, de verdade! ¡De verdade! *(Aplausos.)*

Nin unha soa emenda sobre a avaliación ambiental dos proxectos. Non, cinco. Está aí e é público, pódeno ler vostedes: cinco emendas de supresión. Non queremos que se mesture a avaliación de beneficios coa avaliación ambiental, e foi algo no que coincidiron tanto as emendas do Partido Socialista como as nosas. Vostedes non as quixeron aceptar e punto, non hai máis volta. Pero vostedes chegan aquí e fala de diálogo. En fin...



Seguimos asegurando que esta é unha oportunidade perdida, que esta é unha lei que non fai máis que abondar no espolio, que segue sendo un remexido. E, falando de remexidos, voules poñer un exemplo. ¿Vostedes coñecen a Lei 3/2007, a lei de incendios? Para algo estará. Para algo temos unha lei de incendios. Pois non, aquí metemos a valoración de beneficios e a restauración do chan queimado. Pero, ¿que sentido ten? Iso é atomizar a lexislación. Canto máis espaxado, mellor. Iso chámase facer un remexido, non é outra cousa. Iso non é lexislar con carácter xeral. Atomizar a lexislación en disposicións adicionais no canto de facer leis sólidas e concretas. Para mostra, a Lei do sector eólico que citabamos antes. Trece modificacións. Bueno, coa que pretenden agora na Lei de acompañamento, van catorce. E sempre baixo ese subterfuxio da Lei de acompañamento, nunca facilitando o debate, nunca citando as partes interesadas a opinar sobre unha modificación lexislativa. Pero logo os que non dialogamos somos os demais e os do «non» somos os demais. *Hágaselo mirar.*

Algo parecido sucede tamén cos créditos do carbono. Deséñase unha medida de créditos do carbono. Cuestionable. E non só o cuestionamos nós; tamén llelo cuestionou o Consello Económico e Social, que lles di que quedarán, moi probablemente, inmediatamente obsoletos e descolgados da dinámica do mercado, de valoración económica dos dereitos de captación do carbono e que pode resultar unha duplicidade coa lexislación que se está a desenvolver na Comisión Europea. Nós dixemos que o deixasen aparcado; isto pode ir a unha lei de medio ambiente. Tampouco quixeron. Non quixeron nin dialogalo. É unha pena que non existan gravacións das sesións que fixemos na ponencia, porque non houbo opción a dialogar, non houbo opción a debater. En fin. Tampouco se lles ocorreu dar marcha atrás, e despois falan de posicións dogmáticas. Non sei cal é o dogma do Partido Popular para aferrarse a este texto lexislativo.

Outro exemplo máis da aplicación das teorías de Friedman atopámolo no capítulo que trata os residuos biometanizables. Tamén outra cousa é que non entendemos por que ten que ir dentro dunha lei de beneficios. Pero neste capítulo vostedes blindan para Sogama e o seu socio industrial o negocio da metanización dos residuos sólidos urbanos. E aquí non teñen en conta ningunha das nosas emendas nas que dicimos que falen cos concellos, que lles dean voz aos concellos. Eles son os responsables da recollida dese tipo de residuo e eles teñen que ser os primeiros que opinen como se vai facer: se en plantas modulares, se carretando todo para Sogama... Pero non quixeron saber nada disto. ¿Onde está o diálogo? Oportunidade perdida, unha vez máis.

Tampouco quixeron escoitar nada sobre a recarga de vehículos eléctricos. Nós pedímoslles que fixesen unha planificación, unha xestión, un fomento deste tipo de infraestruturas necesarias, porque imos cara a unha electrificación do parque móbil. Iso si, facilitano, pero que o fagan outros. Segue sendo o mesmo modelo; é a privatización pola privatización e nada máis. Iso é o que lles interesa.

Señorías, como dixen antes na primeira exposición, imos aprobar unha lei que non deixa de ser a terceira lei de depredación do territorio. Unha lei que segue poñendo os recursos do noso país en mans do lobby eléctrico, en mans das grandes empresas. Unha oportunidade perdida. Decía o señor Pazos que estamos traballando na Galiza que nos deixaron os nosos país para cedérllela aos nosos fillos. Espero que algún día — como el mesmo asegurou nunha



ponencia— cando o Bloque Nacionalista Galego chegue ao Goberno poidamos dar para atrás a todas estas leis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Grazas, señoría.

Eu comparto con vostede, señor Golpe, ese optimismo no futuro. Estou seguro de que algún día o Bloque chegará ao Goberno, como estou seguro de que algún día o home chegará a Marte. Non teño claro cal das dúas cousas vai pasar antes, tamén llo teño que confesar.

Mire, parece que están vostedes moi molestos con isto dos dezaseis anos do Goberno popular. Non sei que queren: ¿que non nos presentemos?; ¿que fagamos cousas distintas? Cústame entendelo. Pero debería entender vostede que estamos dezaseis anos no Goberno porque nas sucesivas convocatorias electorais os galegos ratificaron maioritariamente as políticas que desenvolveu este partido. Vostedes tiveron a primeira oportunidade, e a consecuencia do Goberno do señor Touriño e compañía, do que tanto presumen vostedes, é que na primeira oportunidade que tiveron os galegos o chimpanaron fóra da Xunta. Home, eu creo que hai que empezar a asumir algunha autocrítica. Digo eu, eh, digo eu. *(Aplausos.)*

A min é a primeira vez que me critican a cordialidade... Son cordial, pero non se traduce en nada. Bueno, está moi ben. Hoxe —hoxe; non outro día— tildáronnos vostedes na hora e cuarto de pleno que levamos de «oportunistas, casposos, explotadores, depredadores e soberbios». Oia, pois moitas grazas polas leccións de modestia e de cordialidade. A verdade é que son vostedes o perfecto exemplo a non seguir. Iso é certo. *(Aplausos.)*

Sobre os criterios do PSOE respecto ao tema da enerxía —vaime permitir, señora Iglesias—, é que son vostedes un tanto cambiantes. Presumía hoxe vostede da señora Ribera. *(O señor Pazos Couñago amosa un documento.)* Non sei de cal das dúas Ribera presume; ¿da que paralizaba toda a enerxía nuclear e o desenvolvemento nuclear en España ou da que, ao mes de chegar ás súas responsabilidades europeas, se estreou cun «sí a las nucleares»? Non sei cal das dúas Ribera concorda máis con vostedes.

Pero quero recordarlle que a esa paralización xudicial do eólico, a Xunta respostou como hai que respostar: a través de recursos. E quero recordarlle que o Tribunal Supremo de España o que fixo foi darlle a razón á Xunta en todos eles. E agora o que estamos é ante unha consulta ante un tribunal da Unión Europea para saber se a lexislación española se axusta ou non á normativa europea. Non a galega, señoría; ja española! Eu creo que vostede debería amosar unha certa prudencia neste sentido; tanto como cando fai comparacións sobre a transmutación dos plans nacionais a territorios tan dispares como Aragón ou Galicia. Eu



creo que nos parecemos como un ovo a unha castaña. Non sei se vostede quere o modelo Monegros para aquí, pero entendo que non.

Respecto a algunha das emendas que presentaron... Home, eu creo que os galegos tamén teñen dereito a coñecer algunhas. Por exemplo, as que presentaron vostedes que afectan directamente o funcionamento de Sogama. Que o que fan directamente é encarecer os procesos e os custos asociados ao tratamento do lixo en Sogama. Iso si, mentres presentan emendas para encarecer eses procesos, saen á rúa dicir que o Goberno é moi malo e que vostedes o que queren é que non se suba a tarifa aos galegos. ¿Pero non se dan conta de que esta hipocrisía é insostible e que os galegos son moito máis listos do que vostedes cren? Eu creo que deberían deixar de tomarlle o pelo ao conxunto da poboación, porque se lles ve o plumeiro. E falaron tamén —isto preocúpalles moito— sobre o tema da comercializadora. Non lles gusta o público-privado.

Primeiro, si concordo con vostedes en que houbo un cambio no debate a nivel nacional. ¿Vostedes acórdanse cando neste Parlamento era prioridade máxima —por impulso da oposición— o debate sobre a pobreza enerxética? ¡Curiosamente foi desaparecer Mariano Rajoy do Goberno e dispararse as tarifas eléctricas como nunca antes na historia de España para que vostedes calasen de inmediato! (*Murmurios.*) Pero tiñan grandes ideas para combater a pobreza enerxética. Voulles recordar unha, miren: (*O señor Pazos Couñago amosa un titular de prensa.*) «O concello de Lugo aproba crear unha comercializadora municipal de enerxía». Proposta do BNG. Era cando, efectivamente, neste país había un problema de pobreza enerxética. Ano 2018, señor Golpe. ¿Pode aquí, diante das persoas que nos ocupan e diante de todos os representantes dos galegos, dicirnos cantos lucenses se beneficiaron do modelo de comercializadora de enerxía cen por cento público que vostedes aprobaron no concello de Lugo? (*Aplausos.*) Cero, señor Golpe. ¡Cero! ¡Nin unha! Metérono no caixón e alí segue seis anos despois.

Con esa bagaxe vostede vén facer unha crítica radical a unha proposta innovadora que se está facendo desde a Xunta de Galicia. Funcionará ou non funcionará, que eu adiviño non son, pero, home, un mínimo de prudencia. Porque o que si temos claro é que despois de seis anos o seu modelo fracasou rotundamente. Nin un lucense. ¡Nin un, señoría! E non hai o máis mínimo atisbo de autocrítica. Vostedes practican o dogma de fe e despois véñense aquí queixar de que eu digo que se parecen moito a unha seita. É que é difícil de explicar, señoría, porque dende logo no coñecemento empírico vostede non se basea.

Eu durante o debate que, efectivamente, non é público, pedinlle a vostede que me puxese un exemplo. Un exemplo dunha industria que o BNG estea disposto a apoiar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Púxome varios. Si, si... (*O señor Pazos Couñago amosa un titular de prensa.*) «UGT defiende el parque eólico de Tesouro en As Pontes frente a las críticas del BNG». Este era un dos que vostede pedía. (*O señor Golpe Acuña fai xestos de negociación coa cabeza.*) Díxome que apoiaba o proxecto de Ence nas Pontes: «Adega incorpora ao listado a Ence e considera que os proxectos de ambas as compañías esconden un maior consumo de recursos natu-



rais». Este é tamén o que vostedes apoiaban. ¿Con Adegas non teñen ningunha relación? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡¿Nooon?! (Risos.)*

Señoría, ese é o problema, que algúns vimos a este Parlamento debater en serio sobre os problemas reais que teñen os galegos de a pé e outros veñen aquí facer exercicios de lucimento que poida que lle vailan para algún ascenso...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...no seo do BNG, pero aos galegos non lles soluciona nin un só problema. Para solventar eses problemas, aquí hai unha maioría ao servizo de Galicia que hoxe vaille dicir «si»...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...a unha lei dunha enorme...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor PAZOS COUÑAGO: ...utilidade para o futuro dos galegos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Xa falaremos dentro duns anos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Procedemos agora ao seguinte debate.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei de iniciativa popular para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras

O señor PRESIDENTE: Para a presentación do proxecto de lei pola persoa designada pola comisión promotora, ten a palabra don Xaquín María Francisco Xabier Rubido Muñiz, por un tempo de quince minutos, a quen lle prego que se acerque á tribuna de oradores.

(Aplausos.)

Non, non está permitido. Non poden facerse manifestacións nin de aprobación nin en contra. Son as normas que hai no Parlamento. Prégolles que as poidan cumprir. Grazas.

O señor REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Rubido Muñiz): ¿Como controlo o tempo, señor presidente?

O señor PRESIDENTE: Ten aí un reloxo que se vai acender con quince minutos e vai en sentido descendente ata chegar a cero.

Cando queira pode empezar.



O señor REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Rubido Muñiz): Señor presidente do Parlamento de Galicia, deputadas e deputados, Goberno da Xunta de Galicia.

En primeiro lugar, permítanme darlles as grazas aos colectivos e persoas que nos axudaron a chegarmos aquí e cuxas representantes hoxe nos acompañan; tamén ás funcionarias e á Mesa do Parlamento, que nos facilitaron a tramitación, e ás deputadas e deputados dos tres grupos parlamentarios que se reuniron con nós para coñecer a nosa proposta.

Presentamos esta ILP con afouteza, pois foi elaborada dun xeito participativo polo tecido social vinculado profesionalmente ao mar e co apoio da Federación Galega de Confrarías, asemade de todo o sector bateiro, asociacións de mulleres da pesca —Anmupesca e Mulleres Salgadas—, sindicatos —CIG, Comisións e UXT—, asociacións ecoloxistas e culturais e as corporacións municipais da ría de Arousa.

En Galiza, como todas e todos vostedes viven e coñecen, as actividades do mar destacan pola súa presenza social e económica, pola súa fonda tradición, polo seu legado patrimonial e cultural e tamén pola súa riqueza produtiva.

O noso país é a principal rexión pesqueira de Europa. Isto é un feito incontestable. Tanto a última análise do sector da pesca do Instituto Galego de Estatística como o informe máis recente sobre a economía galega do Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia coinciden en subliñar que o sector económico da pesca e a acuicultura ten un carácter senlleiro, porque é o que presenta o maior índice de especialización produtiva.

Ademais da achega na creación de renda, valor e emprego, é indiscutible que as actividades do mar representan un dos sinais de identidade máis importantes de Galicia. Vertebran e arraigan poboación nos municipios costeiros, coidan do mar, consolidan a nosa paisaxe, fixan CO₂ e contribúen á soberanía alimentaria fornecendo produtos naturais de calidade. Finalmente, estimulan outros sectores da economía, tecendo unha rede de pequenas e medianas empresas que crean emprego estable en múltiples ámbitos.

A ILP que traemos hoxe a debate, co apoio de 17.838 sinaturas validadas, xorde dun sentimento xeneralizado de indefensión no sector do mar de baixura. Un colectivo social nuclear na identidade de Galiza e tamén na súa economía, que nas derradeiras décadas e, de xeito acelerado, debe enfrontar novas ameazas: a competencia doutros actores económicos tanto polo espazo marítimo como polo uso da auga, un ben que é vital conservar en estado óptimo no actual contexto de emerxencia climática.

Apoiándonos nos datos que fornecen tanto o IGE como o Idega, referidos ao ano 2023, imos describir brevemente cal é a situación actual de crise.

Galiza conta coa maior frota rexional da Unión Europea en termos de cantidade e de capacidade. Pero é unha frota máis envellecida que a media da Unión Europea e de España e amosa unha tendencia decrecente en número de embarcacións e en potencia. Ao mesmo tempo, prodúcese o devalo do emprego en todos os segmentos do sector do mar.



No último ano descargáronse nas lonxas galegas 125.000 toneladas, moi próximas ao mínimo histórico de 2003. Unha baixada de capturas que non estivo causada pola redución das cotas comunitarias, senón polo descenso nas poboacións de cefalópodos, bivalvos e crustáceos.

Analizando polo miúdo o marisqueo, as cifras amosan unha redución sostida en todas as especies. A baixada de produción respecto ao quinquenio 2018-2022 é do 63 por cento na ameixa babosa, do 48 por cento na fina, 52 por cento na rubia, 28 por cento na xapónica e a especie máis alarmante, o berberecho, desapareceu nun 79 por cento no ano 2023.

Neste mesmo ano, as mariscadoras perderon dezaoito millóns e medio de euros. Reduciuse nun 28 por cento o valor da súa actividade económica. En termos de emprego directo, en 2018 había 3.792 Permex; cinco anos despois traballan 263 mariscadoras menos. Se dividimos as perdas de 2023 entre os Permex, saberemos que cada mariscadora ingresou 5.300 euros menos.

No tocante ao mexillón, a súa produción achegábase ás 250.000 toneladas, que se traducen en 160 millóns de euros. En 2023 só se obtiveron 178.000 toneladas cun valor de 119 millóns e medio de euros. Por tanto, corenta millóns e medio de euros menos, que equivalen a unha perda de 12.000 euros por batea. Por tanto, ao igual que co marisqueo, perdeuse o 29 por cento do valor.

Ante estes datos, señorías, só podemos concluír que a situación actual é moi preocupante para o conxunto do sector; alarmante na acuicultura extensiva do mexillón e, especificamente, no marisqueo está en estado crítico.

O exposto interpela directamente o conxunto do Parlamento e tamén, por suposto, o seu Goberno. Alude ás súas respectivas obrigas de enfrontar conxuntamente esta realidade e tomar medidas que eviten perdermos un colectivo profesional tan inmensamente valioso en coñecemento e experiencia; e tomar medidas ambientais, tamén, que faciliten sanear as rías, rexenerar os bancos marisqueiros e controlar os desencoros.

As rías son o espazo de traballo do sector, mais tamén o fogar e o lecer de milleiros de persoas e familias. A sociedade galega e o seu representante democrático, o Parlamento de Galicia, temos unha débeda histórica co sector tradicional do mar: a de recoñecerlle o seu status legal de ser considerado «de interese xeral». Só así poderá desenvolverse en equidade con outros sectores da economía.

Neste punto, queremos facer fincapé nunha observación. É certo que o artigo 59.2 da Lei do litoral recoñece o uso pesqueiro, marisqueiro e acuícola como estratéxico e prioritario para o desenvolvemento sustentable do litoral. Isto supón un avance positivo para o sector, mais tamén é certo que non soluciona a posición de subordinación e desigualdade en relación a outros sectores da economía que si teñen a consideración «de interese xeral». Por iso, é esencial para o futuro do sector —e é o que vimos defender hoxe aquí— que sexa declarado expresa e inequivocamente «de interese xeral», como recolle a nosa proposta de incorporar o artigo 5 bis á Lei de pesca.



Do mesmo xeito, parécenos un avance positivo o artigo 63 da Lei do litoral, que require a axentes promotores dun proxecto elaboraren un informe do impacto socioeconómico anexo ao estudo de impacto ambiental. Mais a nosa petición salienta que o Goberno de Galicia debe exercer máis activamente a súa responsabilidade de protección do territorio. Por iso, propoñemos a introdución do artigo 5 *ter* na Lei de pesca, para priorizar e garantir as actividades do sector do mar nos plans de ordenación do espazo marítimo, mediante a obriga, por parte da Consellería do Mar, de emitir un informe preceptivo e vinculante ante calquera proxecto que poida afectarlles.

Por todo o devandito, e en representación das traballadoras e traballadores do noso mar, pedimos a todos os grupos políticos o seu voto favorable para esta proposta, para que esta proposta sexa tomada en consideración. Estamos a defender o futuro de miles de familias que viven do mar, que o cultivan —o mar das rías, o mar de voltar á casa cada xornada— e que atesouran a sabedoría e o patrimonio do mar. Votar afirmativamente amosa que comprendemos e compartimos o que significa o mar para Galicia, sobre todo comprendemos que o medio mariño e a sociedade que vive del —e nel— atravesan unha fonda crise que precisa de todos os apoios institucionais.

O problema social, ambiental e económico que temos debe ser abordado desde diversos ángulos, procurando solucións cunha ollada integradora do territorio. Somos un país quen de innovar e xerar un futuro atractivo para miles de familias traballadoras do mar. O mar de litoral é unha industria potente e a nosa responsabilidade é mantela e preparala para as incertezas do tempo de mudanzas que estamos a afrontar.

Se Galicia sabe a mar ou, como di a campaña institucional, se «Galicia sabe amar», o Parlamento de Galicia atenderá a proposta que presenta a xente do mar e votará a favor da admisión a trámite desta e ILP para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras tradicionais.

Moitas grazas no nome de todas as persoas que hoxe nos confiaron a súa voz. Moitas grazas no nome da xente do mar. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Pode vostede permanecer no escano ata que remate o debate.

Damos paso agora á rolda dos distintos grupos parlamentarios. En primeiro lugar, ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto, que descarta intervir no seu uso de palabra, e pasa ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra don Julio Ernesto Abalde Alonso por tempo de dez minutos.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días, presidenta.

Deputadas e deputados, xente do mar que nos acompaña hoxe aquí, asinantes desta iniciativa popular e representantes institucionais de distintos concellos da costa.

Está claro que o sector da pesca artesanal, do sector de baixura, marisqueo, e acuicultura está pasando un momento complicado e complexo. O representante dos asinantes desta ini-



ciativa xa comentou os datos económicos importantes, que son discutidos sesión tras sesión neste Parlamento cando intervimos sobre temas relacionados coa pesca e co marisqueo. Polo tanto, todos somos conscientes —ou deberíamos ser conscientes— de que temos que prestar unha especial atención a este sector produtivo económico do noso país.

Algunhas cuestións económicas xa as comentou o representante dos propoñentes e, polo tanto, non vou entrar nese apartado. Pero si que vou dar unhas pequenas pinceladas, para que sexamos conscientes da importancia deste sector económico en Galicia.

Este sector económico representa aproximadamente o dous por cento do PIB, reducíndose precisamente como consecuencia da baixada do poder económico, dos ingresos dos distintos traballadores e traballadoras. Representa en torno a vinte mil traballadores en Galicia; vinte mil traballadores, que veñen a ser aproximadamente un tres por cento do total do emprego en Galicia. Polo tanto, é un sector moi importante.

Pero ademais ten outra consideración, que non só é unha consideración económica, senón o valor socioeconómico para determinadas zonas. Porque os traballadores e as traballadoras, as industrias, as empresas, as pequenas e medianas empresas e os traballadores do mar están fundamentalmente desenvolvendo a súa actividade na zona costeira; en moitos casos en vilas, en pequenas cidades e en pobos que a única fonte económica de que dispoñen é a pesca, o marisqueo e a acuicultura. Polo tanto, é o motor de todas esas comunidades costeiras. Isto, sobre todo, é importante cando estamos falando dunha situación que estamos intentando conseguir: a fixación de poboación e o crecemento destas cidades e destas vilas. Polo tanto, o sector pesqueiro e marisqueiro é fundamental para o desenvolvemento desas cidades e desas vilas, porque sen esa aportación económica é imposible que todo o resto do sector económico desas zonas poida seguir vivindo e, polo tanto, cada vez vai ser máis difícil fixar esa poboación nesas zonas costeiras.

Polo tanto, temos que ver o sector marisqueiro non só como un sector económico, senón como un sector social e como un sector cultural. Porque tamén a cultura e a forma de vida desas cidades está intimamente relacionada co sector marisqueiro e coas distintas actividades do sector pesqueiro de baixura, fundamentalmente a pesca artesanal. E, como non, tamén Galicia é unha potencia; de feito, foi fundamentalmente a que desenvolveu de forma industrial todos os sistemas de cultivos en bateas. Polo tanto, forma parte xa da nosa cultura, da nosa personalidade como país. Eu sempre suelo dicir que Galicia non é unha terra; Galicia é un mar. Porque o mar é un sector fundamental na nosa cultura. Polo tanto, tamén a cultura que se desenvolve na zona costeira ten a súa importancia, baseada fundamentalmente neste sector.

Pero este sector desenvólvese fundamentalmente nuns ecosistemas como son as rías, as zonas costeiras próximas á nosa costa, que son uns ecosistemas que teñen unha estabilidade complicada e complexa. ¿Por que? Porque están moi sometidos a procesos vinculados fundamentalmente ao cambio climático: variacións na temperatura, na salinidade e nas correntes producidas polo cambio climático. Pero, á parte, son os sectores aos que estes cambios van afectar claramente: a produción destas rías, das nosas rías, a produción primaria —aquí váiseme á miña parte investigadora— e a produción pesqueira e marisqueira. Pero



tamén son zonas que están fortemente afectadas pola actividade humana; pola actividade humana desde o punto de vista do propio desenvolvemento das cidades, o tratamento e o saneamento e tamén desde o punto de vista das industrias que se coloquen nesas zonas. Tamén están influenciadas polas infraestruturas portuarias, infraestruturas na costa que se fagan. Xa se comentou aquí, tamén a xestión que se faga dos encoros e dos sistemas de vaciado deses encoros. E, polo tanto, son ecosistemas que están neste momento sometidos a unha presión moi importante.

Precisamente para conseguir que sexa sostible o sector do marisqueo e o sector da pesca artesanal necesitamos traballar intensamente para que esas condicións ambientais sexan absolutamente controladas e, polo tanto, que se modifiquen o menos posible. Por iso é importante que todas as actividades que desenvolvamos a partir de agora e todos os controis das actividades que nestes momentos están realizando se sometan a unha estrita análise desde o punto de vista non só de avaliación do impacto ambiental, senón tamén de avaliación sobre o sector marisqueiro, que é moi particular; en concreto, porque en moitos casos se producen efectos no curto prazo, pero tamén no longo prazo, como poden ser cambios de mareas que poden xerar unha modificación dos leitos onde van crecer os moluscos que despois van ser recollidos polos mariscadores e as mariscadoras.

Polo tanto, é importante que se faga un estudo dese impacto sobre ese sector. Para iso é fundamental, como se dicía aquí, que consideramos que ese sector é un sector estratéxico para Galicia; é un sector de primeiro nivel para o desenvolvemento económico e social da nosa comunidade autónoma. Polo tanto, nós entendemos que a sustentabilidade non só é unha cuestión ambiental, senón que a sustentabilidade só é posible se conseguimos que a sustentabilidade tamén sexa económica e sexa social. Ese paquete ten que ir conxuntamente.

Polo tanto, nós cremos que é necesario que se manteña un necesario equilibrio entre os desenvolvementos industriais, a reindustrialización, as instalacións que é necesario facer na nosa costa, as infraestruturas que son necesarias e o tratamento e o saneamento das nosas augas; sempre tendo en conta un obxectivo claro, que é conseguir que o sector marisqueiro, o sector da pesca artesanal, o sector da agricultura extensiva non sufra os efectos desas modificacións. Temos que conseguir ese necesario equilibrio. ¿Por que? Porque non podemos desenvolver un sector á custa doutro sector; e, sobre todo, un sector tan desenvolvido — como dicía antes —, un sector que afecte tanto a cultura, o desenvolvemento económico e social das nosas costas.

Desde o Partido Socialista defendemos e defenderemos sempre — antes falouse precisamente no tema dos eólicos — unha ordenación rigorosa baseada en criterios científicos, en criterios sociais e en criterios económicos de todas as nosas zonas; e sobre todo no caso do mar, porque aí é moito máis sensible ese sector da pesca artesanal, do marisqueo e da acuicultura.

E, polo tanto, desde o Grupo Parlamentario Socialista imos apoiar a toma en consideración desta iniciativa. Desde aquí quero agradecer, sobre todo, o traballo de todo o sector, o traballo de todos os mariscadores e mariscadoras, dos pescadores artesanais, dos produtores de mexillón, porque están traballando precisamente para desenvolver ese sector económico tan importante para Galicia, para facer que Galicia teña futuro.



Ante iso atopámonos, lamentablemente, cunha Consellería do Mar que, día tras día, nega —negábao anteriormente— os efectos do cambio climático sobre este sector. Negaba absolutamente e segue negando as medidas de apoio ao sector, cando está pasando unha situación económica complicada. Porque os datos que dicía son do ano 2023, pero o ano 2024 os datos seguen empeorando. Polo tanto, desde aquí, para apoiar e para axudar o sector contará co Partido Socialista sempre para desenvolver estas actividades.

Como dicía anteriormente, imos votar afirmativamente a toma en consideración desta proposición de lei, nos dous aspectos. No aspecto inicial, no que se falaba de considerar o sector marisqueiro como un sector de interese xeral para Galicia —non pode ser doutra maneira, é un sector fundamental, como dicía—; e tamén desde o punto de vista do outro artigo, onde se establece que ten que haber uns informes clarísimos de efecto sobre o sector pesqueiro e marisqueiro realizados pola Xunta de Galicia, con base nas súas competencias. Porque as competencias sobre este sector marisqueiro son da Xunta de Galicia e, polo tanto, é a que se ten que implicar, precisamente, en defender, a través dos informes serios e rigorosos que ten que facer, que todas estas actividades non afecten de ningunha forma o sector pesqueiro e marisqueiro. Polo tanto —como dicía—, apoiaremos a toma en consideración desta proposición non de lei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona Rosana Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta. Señorías, moi bo día.

Quero saudar moi especialmente todas as persoas que hoxe nos acompañan na tribuna, representantes institucionais, mais sobre todo a xente do mar. A xente do mar que dá vida a moitísimos pobos e a moitísimas comarcas do noso país. Realmente sen vós, sen o voso apoio, sen o voso tesón e sen a vosa afouteza esta ILP non estaría hoxe aquí. (*Aplausos.*) Polo tanto, somos nós as que agradecemos de corazón que a trouxédeses, porque falta facía xa, efectivamente, debater sobre este tema.

Señorías, escoiten isto, presten atención. O sector marítimo pesqueiro ten un valor fundamental en Galiza. Se tivéssemos que definir un trazo diferencial da economía galega sobre a europea, este sería a importancia da nosa economía da pesca, do marisqueo e da acuicultura, ao que habería que engadir toda unha importante cadea mar-industria. Non existe ningún país europeo no que as actividades primarias do sector pesqueiro e a súa capacidade de indución de actividade industrial teñan un peso tan relevante no produto interior bruto, acadando o complexo mar-industria o 4,8 por cento —o sector extractivo chega ao 2,1— e englobando a nivel laboral máis de cincuenta mil persoas con empregos directos. Este conxunto de datos leva a que o valor engadido bruto que xera a pesca e a acuicultura sexa en Galiza 25 veces superior ao da Unión Europea, e máis de seis veces superior ao de España. As últimas táboas *input-output* da pesca e conserva galegas do ano 2019 certifican que dende



2011 o valor da produción do sector ascendeu preto dun cincuenta por cento e que a suma da actividade da cadea extractiva do mar-industria e do comercio exterior pesqueiro de Galiza roldou os nove mil millóns de euros en ingresos, acadando a cifra máis alta da historia. Ademais, certifícase que nove de cada dez actividades económicas na comunidade relaciónanse coa pesca e coa cadea mar-industria.

Señorías, isto que acabo de ler non o di o Bloque Nacionalista Galego; vén recollido, literalmente, na memoria de orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2025. (*Aplausos.*) E a pregunta é, señorías: diante da magnitude destes datos, que o propio Goberno galego plasma nos seus documentos, ¿como é posíbel que no día de hoxe o sector marítimo pesqueiro galego, as actividades da pesca, do marisqueo e da acuicultura de bivalvos aínda non estean considerados como de interese xeral no noso país? Certo é que a Lei de pesca de Galiza é do ano 2008, mais naquela altura xa a pesca galega era unha potencia.

Pero máis recentemente, no ano 2023, a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galiza declara —quero subliñar— como «actuación estratéxica» a sustentabilidade económica e social do conxunto do sector pesqueiro e a cadea mar-industria alimentaria, que inclúe este sector, as actividades de extracción, de cultivo, de produción, de manipulación e de transformación e comercialización dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura. «Actuación estratéxica» —Lei do litoral—. Tamén esa propia Lei do litoral do ano 2023 reconece —subliño— o uso pesqueiro, marisqueiro e acuícola como «estratéxico e prioritario»; actuación e uso, e recoñeceo estratéxico e prioritario para o desenvolvemento sustentable do litoral. Incluso a disposición adicional 5ª desa propia Lei do litoral é a que pon os puntos sobre os ies e di: «as disposicións contidas nesta lei —na Lei do litoral— son —subliño— complementarias das establecidas nos plans aprobados en virtude da normativa sectorial, concretamente nos plans de pesca, marisqueo e acuicultura».

Do que fala esta ILP é precisamente de que na lexislación sectorial, é dicir, na lexislación principal, sexa onde se consideren de interese xeral as actividades, nin as actuacións nin os usos, que son os que recolle a Lei do litoral; as actividades é o que hai que recoñecer, as que son, precisamente, ter a facultade de obrar. Propón esta ILP tamén que, diante dos plans de ordenación do espazo marítimo en Galiza, se priorice e se garanta o exercicio desas actividades pesqueiras fronte, precisamente, a calquera outro proxecto ou explotación ou á introdución doutras actividades que resulten incompatíbeis ou supoñan unha afectación negativa para estas actividades produtivas. E a Lei do litoral, señorías, achanda o camiño para a instalación desas instalacións; da instalación, tamén, da eólica mariña.

Señorías, xa se dixo aquí: a actividade pesqueira, marisqueira e mexilloeira está a sufrir a crise máis brutal da súa historia. A perda de produtividade das nosas rías non ten parangón e, como consecuencia, a perda tamén de embarcacións e de postos de traballo. O que cómpren son actuacións, serias e rigorosas, de investigación das causas do que está a pasar. Medidas decididas e continuadas de saneamento integral, de loita contra todo tipo de contaminación, en regulacións normativas que eviten que as eléctricas continúen a abrir as comportas dos encoros en baixamar só porque lles convén máis aos seus bolsillos e porque ninguén, ata o de agora, llelo impediu nin llelo sancionou. (*Aplausos.*) Medidas políticas que sexan verdadeiramente conscientes do que nos xogamos como país, das graves ameazas que



supoñen industrias de enclave como Altri para a calidade das augas do río Ulla e da ría de Arousa. Industrias mineiras como San Fins, onde a propia Xunta tivo que recoñecer —mágoa que quince anos despois— o que o sector marisqueiro e toda a comarca de Muros e Noia lle viña dicindo dende había moito. Ou como a Mina de Touro, onde é a propia Fiscalía a que investiga Augas de Galicia pola súa contaminación.

Os gobernos, señorías, señores e señoras, non poden estar de costas á protección de medio ambiente, dos ecosistemas e do sector pesqueiro e marisqueiro no noso país. Non poden, sen estudos científicos que o avalen, consentir o impacto que a eólica mariña vai ter nas nosas costas e que promoven as grandes eléctricas, que esas si teñen considerada a súa actividade como de interese xeral. *(Aplausos.)*

Aínda non é tarde para reaccionar. Esta ILP, avalada case por dezaoitto mil sinaturas, é apoiada por concellos que, sen a pesca, sen o marisqueo e sen o sector mexilloeiro, serían verdadeiros desertos. É unha oportunidade. Esta ILP é unha oportunidade para o propio sector pero, sexamos conscientes, para todo o país.

O que esta ILP pide non está en ningunha lei. Tampouco na Lei do litoral, que, señorías, non vai resolver, como di o Partido Popular, todos os gravísimos problemas que ten o noso mar. Non, quedan moitos sen resolver. Polo tanto, a toma en consideración desta ILP, señorías dos catro grupos políticos que hoxe conformamos este Parlamento, é unha responsabilidade; unha grandísima responsabilidade de todos e de todas as que estamos aquí. En consecuencia, conta co apoio rotundo e claro do Bloque Nacionalista Galego. Pase o que pase, señores e señoras, coa votación desta proposta, animámosvos a seguir adiante, loitando precisamente polo que é realmente valioso, que é o noso, o voso sustento e que é o noso país.

Moita forza e adiante. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fidalgo.

O señor FIDALGO IGLESIAS: Grazas, señor presidente.

Moi bo día.

Quixera comezar dándolles unha cordial benvida ás persoas que hoxe nos acompañan na tribuna, agradecéndolles a súa presenza e o seu interese en participar e escoitar no Parlamento, a casa de todos, este debate.

Hoxe convócanos un asunto que transcende o económico, o social e mesmo o cultural. Falamos da pesca, unha actividade que non só define a historia de Galicia, senón que segue sendo a alma viva das nosas costas, o sustento de miles de familias e un dos principais motores do noso futuro. Manuel Murguía dicía: «Galicia vive de fronte ao mar e del toma o carácter e a forza que a define». *(Aplausos.)* Esta cita resume a profunda relación que a nosa terra ten coa pesca, unha actividade que non só é parte da nosa economía, senón tamén da



nosa alma colectiva. Defender a pesca en Galicia é defender o que somos e o que seremos: unha terra que vive grazas ao mar e que sen el non se entendería.

¿Podería concibirse Galicia sen o mar que a rodea? ¿Non é a pesca e o marisqueo unha das actividades máis tradicionais e fundamentais para a nosa identidade como galegos? Se a pesca desaparecese —que non vai suceder—, estaríamos a perder non só unha fonte vital de emprego, senón tamén unha herdanza cultural e económica que marca o carácter desta terra.

Por iso, ¿quen pode ter máis interese en protexer a pesca que a forza política que maioritariamente elixen os galegos, tamén maioritariamente entre os profesionais do mar, que é o Partido Popular de Galicia? (Aplausos.)

O que os cidadáns esperan de nós é que lles arranxemos os seus problemas, que apliquemos o sentidiño. E por iso apelamos á unidade, á unidade de todo o sector. Porque é certo que dun tempo a esta parte a pesca no seu global está en perigo. Está en perigo porque algúns pretenden confundir ecoloxía con ecoloxismo, porque hai *lobbys* que atacan a proteína animal, investindo moito diñeiro, porque teñen outros intereses.

Pero é que ás veces tamén desde o Partido Socialista e desde o BNG se ataca o sector. Non hai máis que lembrar este mesmo ano que, na crise dos *pellets*, mentres a Xunta traballaba para arranxar o problema, a oposición vertía bulos que danaron a imaxe de Galicia; (*O señor Fidalgo Iglesias mostra unhas fotografías.*) o PSOE, cunha foto dun peixe de Sri Lanka tomada no ano 2021, e o BNG cunha foto feita en Texas no 2014, como se fose unha praia de Galicia. Xa vimos o que lles interesa a vostedes a pesca e o marisqueo, que ata o propio sector lles tivo que calar a boca; xa o vimos na crise dos *pellets*. (Aplausos.)

Señorías, non dubidamos que a iniciativa lexislativa popular que hoxe é obxecto de debate teña boa intención. De feito, ten a súa orixe nun contexto no que determinadas decisións, protagonizadas fundamentalmente polo Goberno de Sánchez, estaban poñendo en cuestión o desenvolvemento das políticas pesqueiras e marisqueiras na nosa comunidade.

Por iso quero dirixirme aos representantes do sector, moi en particular ás confrarías galegas, ás agrupacións profesionais do marisqueo, do sector da conserva, depuradores, bateeiros, e así un longo etcétera, para agradecerlles o seu apoio pechado á Lei do litoral de Galicia. A súa mobilización, sen precedentes, liderando as explicacións, porto por porto, sumando apoios cando estaban cuestionando a constitucionalidade da lei e a súa aplicación, foi decisiva para que esta norma saíse adiante. E, tras o aval do Tribunal Constitucional, ese desafío xa está superado. Hoxe dispoñemos dunha lei autonómica que permitirá afondar no desenvolvemento das competencias propias de Galicia e que proporciona a necesaria seguridade xurídica ao conxunto da cadea mar-industria, á nosa pesca, ao noso marisqueo e á nosa acuicultura.

Pero tamén consideramos —e dicímolo con total sinceridade— que a finalidade e o obxectivo do texto que vostedes propoñen a debate, esta ILP, xa está incorporada e superada pola Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integral do litoral de Galicia, a Loxilga, unha



lei que ademais —e cómpre non esquecerlo— non é unha lei do Partido Popular, senón que é froito da cogobernanza do sector, feita de abaixo arriba, froito dun proceso no que participaron desde o Observatorio do Litoral pasando por científicos, académicos, xuristas e que contou con achegas decisivas da cadea mar-industria (*Aplausos.*); unha lei vixente que recolle ao longo do seu articulado diversos preceptos que inciden e abordan de xeito ambicioso as cuestións que se plasman na iniciativa lexislativa obxecto deste debate, en particular o apoio ao noso mar, marisqueo e acuicultura e a súa consideración como actividade preferente, iso si, evitando empregar conceptos xurídicos indeterminados e reforzada coa seguridade xurídica que ofrece o aval do Tribunal Constitucional.

Así, a Lei do litoral, xa no título preliminar, recolle, no artigo 3.b), o apoio ao sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola de Galicia. E o que é aínda máis importante, no título II, o artigo 25.b) regula o Plan de ordenación mariña e fala de priorizar e garantir a pesca, o marisqueo, a miticultura e a recolección de algas. No título IV cita expresamente a sustentabilidade deste sector marítimo-pesqueiro, cando se exige un informe de impacto económico e social. No artigo 59 dise que será preceptivo o informe de impacto económico e social nos procedementos de aprobación de plans, proxectos ou programas que pretendan levarse a cabo en augas do litoral de Galicia e sexan susceptibles de provocar un impacto apreciable no desenvolvemento económico e social do sector marítimo-pesqueiro, incluídos os proxectos de implantación de enerxía eólica mariña; un informe que, segundo se recolle —e tamén falaba del o señor Rubido— no artigo 63, ten carácter vinculante cando a competencia para a aprobación do plan, do proxecto ou do programa lles corresponda ás administracións públicas de Galicia. Ir máis alá, señor Rubido, sería exceder os límites da normativa autonómica e derivaría na súa inaplicación. Vostede sábeo perfectamente. En resumo, as actuacións que pretendan levarse a cabo no litoral de Galicia deberán contar cun informe previo de sustentabilidade.

Por outra parte, a ILP pide declarar de interese xeral a acuicultura, pero só a de bivalvos, e nese sentido pensamos que a proposta queda curta. ¿Que pasa coa piscicultura? Señorías, lembrámoslles que a acuicultura xa foi declarada de interese público no Consello da Xunta de maio do 2011, e polo tanto xa goza desde o punto de vista xurídico da consideración como actividade preferente, prioritaria e de interese xeral. Somos a principal potencia na pesca extractiva e os primeiros no cultivo de peixes e mariscos de Europa, somos o maior produtor de rodaballo de acuicultura da Unión Europea e unha das maiores potencias de linguado. ¿Que pensarían en Xove, en Camariñas, en Muxía ou en Cambados, por exemplo, se quedase fóra a piscicultura? ¿Non quedamos en que se trata de defender as actividades respectuosas co mar?

Por todos estes argumentos, non podemos apoiar esta iniciativa, xa superada pola Lei do litoral, e que grazas á mobilización do sector do mar hoxe xa non está en cuestión. (*Aplausos.*)

Por certo, señorías do PSOE e do BNG, hai que ser un pouco coherentes. Se algunha vez máis, señora Pontón —que o dubido—, ten que volver firmar un acordo de investidura, lémbrese que en Galicia hai mar, en Sarria non, pero en Galicia hai mar. Porque nos acordos que vos tedes firman co Goberno central, (*O señor Fidalgo Iglesias mostra un documento.*) con Pedro Sánchez, con *el 1* ou *el marido de Begoña*, non ensinan nin unha soa palabra, non se acordan



do mar, nin sobre a pesca, nin sobre o mar, nin sobre o marisqueo, nin unha soa palabra. *(Aplausos.)*

Xa termino, señor presidente.

Temos claro que defender a pesca en Galicia non é só protexer un sector económico, é salvagardar a nosa identidade, o noso pasado e o futuro de miles de familias. Parafraseando o gran Castelao, «se aínda somos galegos, é por obra e graza do noso mar.» Hoxe, máis que nunca, debemos honrar esas palabras, afastarnos de liortas e traballar unidos, para garantir que o mar siga sendo a fonte de vida prioritaria e con prosperidade para a nosa terra.

Xa demostramos que a unidade de acción é posible e que, unidos, conseguimos todo o que nos propoñemos. Xa demostramos que, en diálogo e en colaboración coas confrarías, podemos desenvolver un modelo de cogobernanza do sector pesqueiro que funciona e que permite frear proxectos que vaian en contra dos intereses do noso mar, pesca e marisqueo. Xa demostramos que, xunto co sector, e a pesar dos atrancos dalgúns, sacamos adiante a Lei do litoral, unha norma pioneira que puxo negro sobre branco o carácter estratéxico e prioritario da actividade pesqueira para o desenvolvemento sostible da costa galega.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FIDALGO IGLESIAS: E seguiremolo defendendo hoxe, mañá e no futuro, porque, sen a pesca e o marisqueo, Galicia non sería Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a rolda de réplica, ten a palabra a persoa designada pola comisión promotora, don Xoaquín María Francisco Xabier Rubido Muñiz, por un tempo agora de cinco minutos.

O señor REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Rubido Muñiz): Lamento o uso de persoas da nosa cultura de tanto significado como Murguía e Castelao para tapar as miserias do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Dito isto, observo con estupefacción como o Partido Popular bota abaixo a protección do sector do mar, nunha situación absoluta de desamparo como a que padecemos hoxe, cando debería, como partido maioritario, defender os intereses do conxunto da sociedade galega. Estou sinceramente abraiado, como cidadán independente que defende o noso mar.

Vostedes... *(Murmurios.)* ¿Acaso dubida da miña independencia, señora? ¡Por favor! Vostedes queren o sector do mar desprotexido fronte ás empresas eólicas, mineiras, celulosas, e tamén fronte á piscicultura industrial, porque vostedes queren mudar de modelo produtivo; se non, non se explica como deixan morrer o mar. Vostedes queren levar o sector a unha situación terminal.



En cada campaña marisqueira hai menos barcos e persoas, porque non hai marisco, e non poden pagar a seguridade social. Malvenden as súas lanchas marisqueiras e deixan o mar na procura de estabilidade nun traballo en terra.

Iso si, vostedes publicitan as axudas FEMPA, como se fosen a solución para o marisqueo, aparentando que están a protexer as traballadoras, cando na realidade só se pode acoller unha minoría; axudas inferiores ás prometidas e que se devolven á Unión Europea sen ser executadas. Señor Rueda, devolveu 95 millóns de euros no exercicio 2023, o 30 por cento asignado das axudas europeas, nunha situación que vostede mesmo cualifica de catastrófica.

Hai dez anos xa que pedimos que se realizara un estudo para abordar as causas da deterioración da produción marisqueira. Cando os plans de explotación decaían e se perdían as concesións marisqueiras, cando o mar estea baleiro de traballadores que tiveron que procurar outra ocupación en terra, entón si, entón vostedes tomarán medidas para prepararlle o mar á acuicultura industrial promovida pola xente VIP.

¿Cantos postos van aparecer presuntamente nos consellos de administración das empresas que se implanten derivados das portas xiratorias? Dígamo, dígamo xa para entendela.

Parece claro que os problemas estruturais do mar seguen sen resolverse, porque ao seu Goberno, señor Rueda, non lle presta. Vostede pode ao mesmo tempo cualificar a situación de catastrófica diante do Goberno central e ao día seguinte esquecerse cando elabora os seus orzamentos. Porque vostede ten outros plans e os seus intereses e os de Galicia non coinciden, por moito que cite Castelao e Murguía. *(Aplausos.)*

Levamos moitos anos, moitos anos, reclamándolle ao Goberno galego o saneamento integral das rías, o control efectivo das verteduras e un plan de rexeneración urxente dos bancos marisqueiros, cunha forte dotación económica. Mais a Xunta de Galicia dedícase a aprobar un conxunto de normativas que son a andamiaxe legal para recortar os nosos dereitos ambientais e promover e axilizar iniciativas empresariais, como a mina de Touro, Altri, a acuicultura industrial e os eólicos, iniciativas que van castigar os sectores produtivos de Galicia. E estes proxectos traerán máis contaminación aos ríos e ás rías e virán ocupar tanto o espazo marítimo dos nosos caladoiros como o das actuais concesións marisqueiras.

Como non me dá tempo —e vexo que me ameaza este... tal (*O señor Rubido Muñiz sinala o reloxo do estrado.*)—, vou dicir que agradezo o apoio prestado polo BNG e o PSOE. E convido o Partido Popular e a actual Xunta de Galicia a que reflexionen a súa postura diante dunha lata de mexillóns de Chile e outra de ameixas de Portugal. ¡Amen dunha vez Galicia!, ¡amen dunha vez Galicia!

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Pérez Fernández pide a palabra.)



¿Perdón? ¿Si? ¿Para que quere a palabra? ¿Con base en que artigo?

(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

Non sei a cal... *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, pero se me pode dicir exactamente cal foi. *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, por iso estoulle dicindo que... *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

Déanlle voz ao escano.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Dicía que pido a palabra polo artigo 76 por inexactitudes ou xuízos de valor sobre a persoa ou conduta dun deputado. E refírome a que o señor portavoz do Partido Popular fixo alusión ao pacto de investidura entre o Bloque Nacionalista Galego e o PSOE, *(Murmurios.)* e referiuse a que non recollía absolutamente nada no mar. Iso é unha falsidade *(Murmurios.)* —remato, presidente—. Recolle, primeiro, a rexeneración das rías; e, segundo, pola vía das transferencias, evidentemente...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Pero iso... *(Murmurios.)* Perdón. *(Protestas.)*

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: A ver, estoulle explicando en que consiste. Iso é unha inexactitude.

O señor PRESIDENTE: Pero —perdoe— eu creo que iso está dentro do que foi o debate parlamentario. *(Protestas.)*

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Non, *(Protestas.)* el amosou o documento na man.

O señor PRESIDENTE: ¿Cal é...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: E ese documento que amosou recólleo.

O señor PRESIDENTE: Pero ¿cal é a alusión persoal?

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Non, a inexactitude, a inexactitude. *(Murmurios.)* Fixo alusión...

O señor PRESIDENTE: ¿Onde está a alusión persoal?

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Pero, señor presidente, estoulle dicindo a inexactitude.

O señor PRESIDENTE: Iso forma parte dun debate. Eu non sei... *(Protestas.)*

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Non, non, señor presidente, é unha inexactitude...



O señor PRESIDENTE: Non. (*Murmurios.*)

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...por non dicir unha falsidade. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Pois a ver se é unha inexactitude ou non, aquí ese señor saberao. (*Aplausos.*)

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Si, aludiu...

O señor PRESIDENTE: Non, non. (*Aplausos.*)

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Señor presidente, aludiu directamente á portavoz nacional do BNG.

O señor PRESIDENTE: Iso é outra cousa.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Aludiu a unha persoa en concreto.

O señor PRESIDENTE: Iso é outra cousa. (*Murmurios.*)

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: E é unha inexactitude o que dixo a respecto dela.

O señor PRESIDENTE: Non —perdón—, non, non, imos ver, eu sei chegar ata onde sei chegar. (*Murmurios.*) Se vostede me está dicindo que aludiu á señora Pontón...,

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Claro, certo.

O señor PRESIDENTE: ...¡que pida a palabra ela! (*Murmurios.*) Correcto.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Non. E aludiuna cunha inexactitude.

O señor PRESIDENTE: Estoulle dicindo: aludiu á señora Pontón.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: E cunha inexactitude.

O señor PRESIDENTE: Pero a señora Pontón estaba no debate. Se ela quere pedir a palabra...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: E cunha inexactitude. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Perdón, estaba no hemiciclo, como persoa aludida. (*Murmurios.*)

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Señor presidente, foi aludida cunha inexactitude.

O señor PRESIDENTE: É o que eu observei.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Foi aludida cunha inexactitude que eu acabo de puntualizar...



O señor PRESIDENTE: Eu non sei se iso é...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...e quero que se recolla...

O señor PRESIDENTE: Eu non coñezo o pacto. Eu non coñezo o que firmaron, eu non o sei. *(Murmurios.)*

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Non, non, pero el ten o documento. El ten o documento na súa man.

O señor PRESIDENTE: Eu —perdoe— non podo valorar iso como inexactitude ou exactitude. *(Protestas.)* Eu non coñezo iso para sabelo.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Pero, imos ver, o documento está...

O señor PRESIDENTE: Pero non teño por que coñecelo tampouco. *(Murmurios.)*

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Ben.

O señor PRESIDENTE: Entón, eu non digo que iso sexa exacto ou inexacto; simplemente non o coñezo e, como non o coñezo, non fago unha valoración. *(Murmurios.)*

Entón, rematou esta cuestión, *(Murmurios.)* rematou.

Moi ben, pódeme vostede... *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*
Moitas grazas, acéptoo, pero non me pida que no debate eu me pronuncie sobre algo que eu non coñezo. *(Aplausos.)*

¡Perfecto! *(Aplausos.)* *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

Paréceme moi ben. Trataré de lelo hoxe contra a noitiña. *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, agora non. *(Protestas.)*

Perfecto. Vostede xa me entregou o documento. Está isto rematado. *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, rematou aquí a cuestión. *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, rematou a cuestión. *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*
¡Rematou! *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Rematou a cuestión! *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, xa está... *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, coñezo o Regulamento pero iso xa está. *(Protestas.)* Perfecto. *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, por favor. *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*
Por favor, silencio. *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*



Non, ben. Xa está. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Xa está! *(Murmurios.)*

Ben, e agora a ver se podemos parar un pouco. Vou facer eu unha petición, se é posible. A ver, imos ver. *(Murmurios.)*

Agora temos que votar os textos lexislativos, a votación —déixenme ler— do Ditame emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía e Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. Vostedes saben —todos os deputados e deputadas— que normalmente, se o Goberno solicita unha intervención final, sóeselle conceder. *(Murmurios.)* Perdón... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero ¿que vou dicir, señor Bará, que vou dicir? *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Vou preguntar, porque o erro está na Presidencia, porque... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, voulle explicar. Resulta que a min... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, non, ¡pero déixeme que lle explique! A min sempre me poñen aquí no guión: se o solicita, peche polo Goberno. Eu entendín que ela non o solicitou porque non levantou a man para pedilo. Pero, consultadas fontes da Administración parlamentaria e os do meu propio gabinete, manifestaron onte —ou antonte, non sei cando foi— o desexo expreso de que a conselleira quería intervir. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso a min... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —perdón—, iso a min non mo comunicaron. *(Murmurios.)* Pero estaba convencida de que ao transmitilo alí eu lle ía dar a palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)* Pero, imos ver, non estamos entendendo... *(Protestas.)* Non, non, non estamos entendendo... Imos ver, se é unha cuestión que é soamente de poder... Ela non pediu a palabra porque estaba convencida de que eu lla ía dar. *(Murmurios.)* *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, esa é outra cousa. *(Murmurios.)*

E entón eu o que solicito é se agora pode facer un turno de tres minutos, que se abre o debate si que sería outra historia; iso valoraríao eu. *(Murmurios.)* Pero, se o teñen a ben, eu daríalle un turno de tres minutos.

(A señora Rodil Fernández pide o uso da palabra.)

¿Si, señora Rodil? *(Murmurios.)* Señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si. A ver, presidente, imos ver.

Nós, que ademais sabemos que a conselleira ten voz, que a usa, que a sabe usar, entenderíamos perfectamente que cando se debateu a primeira das leis —para que a xente que está aquí tamén entenda de que se está falando—, coa que se comezou a orde do día desta sesión plenaria, se ela, que sabía que quería falar —e pode levantar a man, como acabo de facer eu agora, e pedir intervir en calquera momento do debate da lei—, se o fixera, nós encantadas, porque ten dereito a facelo e ninguén lle ía impedir o exercicio dese dereito. Pero é que agora xa estamos noutro punto, no segundo texto lexislativo, froito dunha iniciativa lexislativa popular, e é unha anomalía absoluta que se reabra agora un debate que xa foi substanciado ao inicio desta sesión plenaria. Entón, nós mantémonos no Regulamento, na interpretación estrita do Regulamento, e estou segura de que pode vir comparecer, se quere, a propia con-



selleira para darnos a súa opinión sobre a lei que se vai votar agora na próxima sesión plenaria. *(Aplausos.)*

(O señor Gómez Besteiro pide o uso da palabra.)

¿Si, señor Besteiro? *(Murmurios.)* Por favor, hai que deixar que se pronuncie. Hai que deixar que a xente fale. *(Murmurios.)* Silencio.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: A ver, ten todo o sentido isto que acaba de comentar a portavoz do BNG; é dicir, unha vez cerrado o debate e pasado a outro debate, xa non procede.

Eu creo que, ademais, o lóxico sería que a propia conselleira agora —para non forzar unha situación que creo que é totalmente absurda: unha vez pasado ese punto da orde do día, feito o debate, non procede reabrilo unha vez máis, non sei se se lle pasou ou o que foi— debería renunciar a esa petición que fai. *(Murmurios.)*

Pero, en todo caso, señor presidente, o sentido común e o rigor e todo non impide volver reabrir un debate que xa foi cerrado. *(Aplausos.)*

(O señor Pazos Couñago pide o uso da palabra.)

O señor PRESIDENTE: A ver, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: A verdade, un non deixa de sorprenderse neste Parlamento. *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio.

O señor PAZOS COUÑAGO: Perdón, igual o meu silencio durante as súas intervencións levounos a pensar que me parecían razoables. Non é así. *(Murmurios.)*

O que eu quero dicir é que a conselleira, ademais de ter voz, ten correo electrónico, e de maneira explícita, por correo electrónico —e xa está comprobado—, solicitou expresamente a súa intervención no peche desa iniciativa. Non parece moi razoable que por un erro da Presidencia —seguro que non intencionado, porque todos cometemos erros— agora se lle prive do dereito que a asiste a unha solicitude que formulou por escrito expresamente. Digo eu que non serán tan temerosos do que poida dicir a conselleira os grupos da oposición como para impedir que un membro do Goberno de Galicia se manifeste na Cámara, que representa a todos os galegos, nun debate despois de telo solicitado, de maneira oficial e por escrito. *(Aplausos.)* ¡Un pouquiño de mesura!

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Imos consultar a quen sabe. *(Murmurios.)* Señor letrado... *(Murmurios.)* ¡Home, por favor!, *(Murmurios.)* ¡por favor! Imos consultar... *(Murmurios.)* ¿Téñenlles medo aos letrados? *(Murmurios.)* ¡Ah!, ben, pensei. *(Murmurios.)* *(O señor presidente dialoga co oficial maior.)*



O máis conveniente é sempre consultar, non todos temos a razón. E o letrado acábame de dicir: non procede abrir o debate outra vez. Respeten os letrados. *(Risos.) (A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Non, eu xa non dubidei deles. *(Murmurios.)* Eu consultei con eles e adopto a decisión que acaba de transmitirme o letrado. *(Aplausos.)* Oxalá en todos os parlamentos se fixera así; oxalá fora así noutros parlamentos. *(Murmurios.)*

(O señor Pazos Couñago pide o uso da palabra.)

¿Si? Déanlle a palabra ao señor Pazos. *(Murmurios.)*

O señor PAZOS COUÑAGO: Por suposto, este grupo acata a decisión dos letrados e transmite que no futuro, dada a cortesía parlamentaria, faremos uso precisamente desa estrita aplicación do Regulamento da Cámara. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.)

Ben, pois entón, rematado este intercambio de opinións, procedemos, se lles parece, á votación.

Entón, comezamos votando as emendas mantidas ao Ditame elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Sométense a votación, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia mantidas ao Ditame elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego mantidas ao Ditame elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos o Ditame da Comisión coas emendas incorporadas, que neste caso non foron as que se incorporaron antes.

Votamos.

Votación do Ditame elaborado pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei de iniciativa popular para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei de iniciativa popular para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Sen máis, agora, que remataron as votacións, continuamos coa orde do día, neste caso mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a evolución en Galicia do problema da violencia de xénero e da violencia sexual

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.



Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes novos puntos:

«4. Ampliar a rede de vivendas de acollida, para vítimas de violencia de xénero, mediante a firma dun convenio cos concellos de Pontevedra e Santiago, ambos territorios nos que non existe ningún recurso deste tipo.

5. Modificar o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento para:

a. Incorporar a figura de axente de igualdade entre o persoal necesario para o normal funcionamento do CIM.

b. Regular con criterios obxectivos as necesidades cuantitativas e cualitativas das e dos profesionais cos que debe contar un CIM, establecendo ratios do persoal requirido en función da poboación de mulleres, demanda recibida e as actividades que se acrediten que se realizan.

c. Establecer como requisito para ser persoal cualificado dun CIM (dirección, asesoría xurídica ou psicolóxica, axente de igualdade) ter realizado un mínimo de 500 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes, para contribuír a unha maior especialización do persoal dos CIM.

d. Establecer que ningunha muller teña que desprazarse máis de 15 quilómetros do seu domicilio para poder ser atendida nun CIM.

6. Presentar no Parlamento de Galicia antes de que remate o actual período de sesións un informe de seguimento da execución do I Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.

7. Impulsar medidas e as modificacións lexislativas autonómicas necesarias para traballar por unha Galicia libre de prostitución, garantindo sempre a protección das mulleres prostituídas.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Hai quince días interpelabamos a conselleira de Política Social e Igualdade para abordar unha cuestión fundamental neste país: a violencia machista. Facíamolo despois de que, tras meses de inxustificable atraso, por fin o Goberno galego remitira os informes correspondentes ao ano 2023, informes que nos deixaban unha situación absolutamente clara. Deixou 2023 en Galiza máis de mil catrocentas ordes de afastamento, case oito mil casos en seguimento en Viogén, máis de 900 delitos contra a liberdade sexual e 3 feminicidios; 3 feminicidios no



2023, que son xa tamén o mesmo número no que levamos de 2024 a tres meses de rematar o ano. Xa acadamos esa cifra, desafortunadamente, cos asasinatos de Fadoua Akkar, Mercedes Ríos e Andrea Yturry, asasinatos que deixaron tamén 2 menores vítimas de violencia vicaria, asasinatos que son tamén un fracaso, un fracaso social e institucional, porque cada vez que se consuma un feminicidio temos que preguntarnos en que fallamos.

Faciamos esa interpelación para propoñer cuestións en positivo e para recoller que valoración fai o Goberno da evolución dos datos e que ámbitos consideraba máis relevantes para ser reforzados. A resposta foi decepcionante. A conselleira repetiu xeneralidades, anuncios xa avanzados, e, por suposto —non podía fallar—, o argumentario carroñero e manipulador do Partido Popular contra os cambios legais. Porque ao Partido Popular impórtalle máis facer seguidismo de Génova que corrixir máis dunha década no Estado español de incumprimento sistemático do Convenio de Istambul, ignorando o tratamento da violencia sexual como unha forma de violencia machista.

En todo caso, o BNG si fixo ese traballo, o BNG si veu a esa interpelación e vén hoxe co traballo que tería que facer o Goberno, que é ver ámbitos nos que é feble a política de acción contra a violencia machista e propoñer melloras.

Sinalabamos tres de forma concreta: o ámbito da sensibilización, o dos recursos de proximidade e o da atención psicolóxica.

Por iso hoxe na nosa moción propoñemos, en primeiro lugar, o reforzo dos centros de información á muller. A Xunta errou no 2016 cando os sobrecargou de competencias en materia LGTBI sen darlles tampouco un reforzo orzamentario ou de persoal, e a Xunta erra hoxe en día ao non atender con suficiencia ás demandas do municipalismo e do asociacionismo deste ámbito de traballo. Os propios orzamentos que acaban de entrar nesta Cámara son máis unha evidencia, pois non aumentan conforme deberían para dar cumprida necesidade a todas as demandas.

Por iso propoñemos na nosa moción que se dialogue coa Fegamp e cos traballadores e traballadoras destes servizos un novo marco orzamentario e tamén organizativo. Primeiro, que a Xunta incremente a súa achega económica; segundo, que se reforce e amplíe a rede, a comezar por aquelas zonas que están máis desatendidas, pero tamén por aqueles servizos que están especialmente sobrecargados; propoñemos tamén fixar *ratios* mínimas de persoal e favorecer a contratación a xornada completa como mínimo de todo aquel persoal que é mínimo e exixible para ser obrigatoria a acreditación do CIM.

Propoñemos tamén, en segundo lugar, blindar a atención psicolóxica e cumprir, despois de dezasete anos da aprobación da Lei 11/2007, o que recolle o seu artigo 25, que é algo tan elemental como que a atención psicolóxica continuada e integral ás vítimas sexa fornecida directamente na atención sanitaria, na atención primaria pública.

Cos propios datos da Xunta, avaliando o informe do 2023, a atención psicolóxica só chega, cunha estimación moi xenerosa, ao 20 por cento das vítimas, só ao 20 por cento das vítimas. Hai un gran traballo do Colexio de Psicoloxía do noso país. Onte, casualmente —eu imaxino



que non ten nada que ver co debate desta moción—, o Consello da Xunta aprobaba unha ampliación dos convenios con este instrumento, sen dúbida importantísimo. Pero non chega, non é suficiente. Nesta moción inclúese un punto para que se aproveite a tramitación orzamentaria de 2025 e se comprometan partidas específicas para dotar de persoal e de recursos a atención primaria e avanzar no desenvolvemento —insisto— dun artigo da lei que leva dezasete anos enriba da mesa e que é hora de desenvolver.

E, por último, queremos centrar hoxe o debate nunha cuestión fundamental, un recurso que se atopa en vías de construción, que ten que ver coa atención psicolóxica, que ten que ver coa atención de urxencia, que ten que ver coa sensibilización e cos recursos próximos ás vítimas. Refírome aos futuros centros de crise 24 horas para vítimas de violencia sexual.

E quero recordar que o feminismo fixo historia na última década situando o consentimento e o desexo no centro do debate e forzando por fin cambios legais, institucionais e de prioridades para considerar a violencia sexual o que é, que é unha forma máis de violencia machista e de intento de dominación contra as mulleres.

Houbo diversos cambios e avances e, froito diso, froito do Pacto do Estado e froito da Lei 10/2022, Galicia debe crear no noso país eses centros de crise 24 horas. E nin sequera ten que sacalo do seu orzamento, porque hai fondos europeos finalistas para isto.

A Xunta, polo tanto, tiña unha oportunidade: fortalecer a atención ás vítimas, pero decidiu a Xunta precarizar e privatizar, cuns cadros de persoal absolutamente raquíuticos. Cada centro vai estar atendidos 24 horas ao día, 365 días ao ano, con seis persoas e media; seis persoas e media que, por suposto, non poden traballar 24 horas ao día, 365 días ao ano, e que van rotar. Dúas traballadoras sociais, tres psicólogas, unha xurista e un administrativo a media xornada; persoal insuficiente que non garante a atención presencial continuada nin suficiente.

E, por riba, non van ser de xestión pública. E quero determe nesta cuestión. Non van ser de xestión pública non porque o mande o Estado, non porque o manden os fondos europeos, senón porque o decidiu conscientemente o Partido Popular, porque o Partido Popular decidiu facer negocio cos dereitos das mulleres. *(Aplausos.)*

E, señorías do Partido Popular, a violencia sexual non é un negocio; a atención á violencia sexual ten que ser un servizo público e non unha porta máis para beneficiar empresas multiservizo ou empresas que se dedican a traballar con autovías e construcións.

Ou, dito doutra maneira, señorías do Partido Popular, a atención á violencia sexual ten que ser un servizo público, non outra coadeira para que dean cartos públicos, xogando cos dereitos das mulleres, a empresas amigas do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Porque ¿que empresas van recibir esta adxudicación? Coñecidas as mesas de contratación, é evidente con quen van formalizar. Con OHL, empresa de construción do excargo franquista, moi coñecido polo Partido Popular de Galiza, Villar Mir, que saía por certo nos papeis de Bárcenas de financiamento ilegal do seu partido. Ou Eulen, vinculada á irmá de Feijóo; outro



contrato máis para investigar que terá que engadir esa comisión de investigación, que xa ten máis de 1.300 contratos a dedo que están pendentes de fiscalizar.

É absolutamente impresentable. Falamos de vítimas de violencia sexual, e isto demostra que, se queda algún escrúpulo no Partido Popular, está ben escondido. Por iso nesta moción pedímoslles tamén, sobre todo, parar esta privatización e que estes centros sexan de xestión pública e directa a través do noso sistema sanitario e a través do noso sistema de protección ás vítimas, reforzar os CIM e reforzar a atención psicolóxica. Tres propostas moi claras, tres propostas que son realistas, executables e necesarias, porque as mulleres deste país necesitamos menos lazos lilas e máis recursos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Os socialistas compartimos esa idea de que camiñar cara á igualdade ten que ser unha tarefa conxunta e, por iso, cremos que hai que construír, e non negar ou destruír. E por iso hoxe tamén vimos con vontade de construír e imos apoiar esta iniciativa. Imos apoiala porque compartimos todo o nela peticiónado. E, sen prexuízo de que entendemos que é necesario que se implementen algunhas medidas máis —e por iso, tamén de forma construtiva, presentamos unha emenda de adición a esta moción—, cremos tamén que fai falla algún impulso a maiores por parte do Goberno galego que traeremos proximamente nós tamén como iniciativa ao Parlamento.

En relación cos centros de crise 24 horas, creo que España deu un gran paso coa creación deste novo modelo, para responder a un novo modelo de intervención integral que se reclamaba desde había moito tempo polos movementos feministas. Creo que é un recurso necesario para dar unha resposta activa, para, por fin, atender aos danos, á reparación e ao acompañamento das vítimas de violencias sexuais, cunha reparación específica e un espazo para atendelas a elas e tamén aos seus familiares. E todo co fin de que estas mulleres por fin poidan ser amparadas, sintan a seguridade, o respecto institucional e a boa dilixencia; esa boa dilixencia tan necesaria nestes momentos nos seus procesos, nos seus tempos e na súa toma de decisións.

E, por desgraza, temos que seguir falando disto e temos que cada día convivir diariamente coa violencia sexual contra as mulleres. E esta é sen dúbida unha das máis terribles manifestacións da violencia de xénero e da vulneración dos nosos dereitos humanos, e un dos crimes tamén máis silenciados e normalizados do mundo aínda na actualidade. Porque aínda seguen moi presentes eses falsos mitos que amparan a cultura da violación e que serven de instrumento a eses agresores sexuais e, principalmente —e isto é o peor—, perpetúan a culpabilización e a falta de credibilidade das vítimas. Vémosto todos os días. Esas preguntas que se fan: ¿por que quedaches utilizando unha app? ¿Por que non denunciaches inmediata-



mente?; ou ¿por que non te metiches nun portal? Etcétera etcétera. Unha longa lista de porqués que amplían a lupa sobre a vítima e exoneran dos seus actos os agresores.

Non hai que ir moi lonxe para ver exemplos bochornosos, e falo do recente escándalo xudicial das menores captadas en Murcia por unha rede de empresarios —diría eu, por unha manada de empresarios—; iso si, ricos, brancos e poderosos. Ricos, brancos e poderosos, motivos polos cales, entre outros, se fixo que estas sentenzas de conformidade acabasen exculpándoos a todos do cárcere e cunhas obrigas indemnizatorias —que ata me dá vergoña dicilo— de ata dous mil euros. Con iso temos que convivir e, mentres teñamos que que convivir con iso, seguiremos pensando que estes danos sociais de tan difícil reparación seguen a ser unha débeda pendente tanto para os estados como para as institucións públicas.

Por iso tamén foi un gran paso esa lei orgánica de garantía integral sobre a muller, que vos tedes demonizan e que fan bulos e *fakes* con ela, terxiversando o contido real da mesma. Unha lei que soubo poñer no centro as vítimas e o seu consentimento e que ampliou esta posibilidade de tipificar como delito determinadas condutas, como a situación de superioridade, a vulnerabilidade da vítima, que a mesma se achase privada de sentido ou cunha situación mental que o impidise ou que se realizasen estes actos coa vontade da vítima anulada.

Por iso esta lei tamén contribúe coa creación destes centros de crise. Estes centros que recomendaba dende hai anos, ademais, o convenio de Istambul e que había que cumprir. Uns centros que son, por fin, un modelo proactivo; non ese modelo paternalista, paliativo, de despois, senón un modelo proactivo cara ás vítimas, baseado nas condicións de dignidade e respecto ás súas decisións e sobre todo á súa autonomía. Son centros multidimensionais, que é o que necesitan.

E nós, polo tanto, pedimos á conselleira que cumpra o compromiso manifestado da apertura destes centros neste ano; que estes centros conten con persoal suficiente e, sobre todo, coa suficiente formación en igualdade para que non pase o que está a pasar nos puntos de encontro familiar; e que non se precaricen estes centros. Entendemos que son necesarios para dar a resposta que estas vítimas necesitan. Ademais, temos a experiencia doutras comunidades autónomas.

En relación aos CIM, quero dicir que nós compartimos a necesidade de modificar estes recursos. Os CIM son o centro de entrada, a primeira axuda que necesitan as mulleres que se achen nunha situación de necesidade e teñen que contar con eses medios materiais, económicos e persoais suficientes. E, como dicía a señora Presas, ademais dese marco orzamentario organizativo que hai que modificar, cremos que tamén hai que modificar o marco legal. Por iso, mediante unha emenda propoñemos a modificación dese Decreto 130/2016 para incluír algunhas necesidades, como incorporar a figura de axente de igualdade, necesario para o normal funcionamento do CIM; regular os obxectivos e necesidades cuantitativas e cualitativas segundo o territorio, segundo o número de mulleres que existan nesa poboación e as necesidades e as demandas recibidas nese centro; e establecer o persoal cualificado. É necesaria unha cualificación mínima para poder asistir estas mulleres e tamén que nunca exista un a máis de quince quilómetros.



Falabamos do CIM como porta de entrada e queremos tamén, dende o Grupo Socialista, poñer o foco en que non simplemente é a entrada. Esa muller, cando dá o paso de denunciar, necesita despois que non se peche esa porta de entrada, senón que siga existindo un sistema que a asista, un sistema que a protexa. Para iso son moi importantes as casas de acollida ou esas vivendas de transición; e por todo o territorio. Por iso plantexamos como emenda que se habiliten estas, unha casa de acollida ou unha vivenda de transición, tamén nas grandes cidades de Santiago e de Pontevedra, porque son as únicas en todo o territorio galego que non contan con este recurso tan necesario. En Pontevedra aínda é máis grave, porque aprobouse en pleno por unanimidade hai un ano e a conselleira da área transformou esta vivenda nunha casa para sen teito no canto dunha casa de acollida, que aínda non está aberta un ano despois. Polo tanto, como penso que vostede ten relación, a ver se lle di dende aquí que predique co exemplo e abra esa casa para vítimas de violencia machista en Pontevedra, que foi aprobada no pleno de hai un ano.

Despois, por último, centramos a nosa emenda na prostitución. Non podemos falar de violencia de xénero excluindo a escravitude e a escravización dos corpos das mulleres e a mercantilización dos mesmos, porque cremos que é unha das expresións máis duras da violencia de xénero. *(Aplausos.)* E cremos que a loita en prol da igualdade debe levar implícita a liberdade sexual das mulleres. E, mentres non consigamos abolir a prostitución, isto non será posible. Por iso cremos que é necesario que se estableza, que se dea conta do cumprimento dese plan galego contra a trata de seres humanos que, polo que nós podemos comprobar, non se cumpriu a nivel orzamentario. Queremos tamén ver se se cumpriu a nivel das medidas que se tiñan que implementar. E despois que se impulsen as modificacións autonómicas que sexan posibles para conseguir esta tan difícil tarefa —pero non imposible—, dende o punto de vista de poder acadar unha Galicia máis igualitaria e polo tanto democrática. Para iso temos que avanzar nunha Galicia libre de prostitución. Mentres os corpos das mulleres sexan mercantilizados non teremos unha sociedade democrática plena nin libre. *(Aplausos.)* Polo tanto, cremos que é imposible separar, cando falamos da violencia machista, este tipo de violencia e, por iso, tamén a incluímos como engádega da nosa moción.

Esperemos que se teñan en conta as aportacións que facemos dende o Grupo Socialista para completar esta moción e para que todos, como dicía ao meu inicio, poidamos seguir loitando xuntos cara a unha igualdade real.

Sen máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grupo Parlamentario Mixto. *(Negación.)* Declina. Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Mire, señora Presas, contra a violencia de xénero hai varias cousas que todos deberíamos ter claro. A primeira é tolerancia cero. Eu creo que nisto todos estamos de acordo. Pero hai tamén outras, como por exemplo que, mentres haxa unha soa vítima, autocompracencia cero. Pero tamén que isto é un tema para sacar da loita partidista; absolutamente para sacar da loita partidista. *(Aplausos.)* Porque a violencia contra as mulleres, efectivamente, repre-



senta unha agresión contra os dereitos humanos e unha agresión contra a liberdade das mulleres. Só poderemos saír adiante se o facemos xuntos todas as administracións, todos os partidos políticos e a sociedade no seu conxunto.

Precisamente por iso a loita contra a violencia de xénero é unha prioridade para a Xunta de Galicia. Somos a primeira comunidade en ter unha dirección xeral específica contra a violencia de xénero, que pon o foco concretamente nese tema e que fai que axude máis de preto as mulleres e que se tomen tamén máis medidas de prevención, co foco posto precisamente nelas.

Somos a primeira comunidade cunha axuda mensual ininterrompida ás vítimas. Fomos os primeiros en poñer a quenda de garda para mulleres vítimas e para os seus fillos menores. Somos os primeiros en ofrecer asistencia integral aos nenos orfos por violencia de xénero. Os primeiros en ofrecer vivendas tuteladas para mulleres vítimas de violencia de xénero con enfermidades mentais e tamén o imos ser agora para mulleres vítimas con problemas de adicción. *(Aplausos.)* E fomos unha das primeiras comunidades en recoñecer a violencia dixital como unha parte da violencia de xénero. Os primeiros en ter un decreto de igualdade de prevención e loita contra a violencia de xénero en toda a administración. E temos a Lei de violencia de xénero, das máis avanzadas de España, grazas ás dúas reformas do ano 2016 e do ano 2022.

Galicia é pioneira na loita contra a violencia de xénero e moitos deses avances aprobáronse neste Parlamento e aprobáronse por unanimidade. Unha unanimidade que vostedes, PSOE e Bloque Nacionalista Galego, racharon cando non quixeron aprobar a Lei de igualdade o pasado mes de decembro, a pesar de que recollía boa parte das propostas que vostedes facían e a pesar de ser unha das leis máis avanzadas do Estado, se non a máis.

Dende logo, foi decepcionante ver como socialistas e nacionalistas preferiron a confrontación antes que seguir avanzando na igualdade e contra a violencia de xénero. Os mesmos socialistas e nacionalistas que votaron «si» á Lei do só si é si que provocou que 1.450 violadores e agresores sexuais visen reducidas as súas penas e 126 saísen antes do cárcere. Nacionalistas e socialistas son culpables do maior dano que nunca unha lei fixo ás vítimas da violencia de xénero. *(Aplausos.)* Señora Presas, ¿refírese vostede ao argumento carroñero do Partido Popular cando nós dicimos que vostedes foron os que máis dano lles fixeron as mulleres vítimas de violencia de xénero? Votando «si» a esa lei e votando en contra da reforma desa lei por proposta do Partido Popular *(Aplausos.)* ¿Refírese a iso, señora Presas?

Miren, se vostedes queren de verdade loitar a favor das mulleres, volvan ao consenso; as galegas agradeceránllo, e os galegos no seu conxunto tamén. Mentres, a Xunta de Galicia segue a facer os seus deberes. Si, cos centros de crise 24 horas; cinco que se poñerán en marcha nos próximos meses. E mire, señora Presas, non son privados; son centros públicos. Cando vostede di que o Goberno quere facer negocio, ¿a que goberno se refire? ¿Refírese ao goberno do Partido Socialista cando a directora do Instituto da Muller e a súa parella obtiveron 64 contratos a dedo para xestionar puntos violeta en municipios gobernados polo Partido Socialista? En total, 250.000 euros. ¿Refírese a ese Goberno socialista, señora Presas? ¿Ou tamén se refiren a vostedes mesmos, xunto co PSOE, na Deputación de Lugo? *(A señora*



Arias Rodríguez mostra un documento.) Todas estas son empresas ás que vostedes lles teñen asignadas a xestión das residencias da Deputación de Lugo. ¿Fan vostedes negocio cos maiores da provincia de Lugo, señora Presas? ¿É iso ao que vostede se refire? *(Aplausos.)*

Nós poñemos os cinco centros de crise 24 horas nos propios hospitais, nos centros médicos, para que as vítimas teñan todos os recursos ao lado, sen ter que sufrir unha segunda vitimización. Será a Xunta de Galicia quen xestione os centros, establecendo a cualificación dos profesionais que prestan o servizo nos diferentes centros e supervisando todos os requisitos dos traballadores. Será a Xunta quen confeccione un protocolo de funcionamento dos centros e será a Administración quen supervise, controle, administre e resolva as posibles incidencias que existan neses centros.

Nos centros de crise 24 horas, por certo, haberá loxicamente atención psicolóxica. É importante destacar que Galicia conta cun dos servizos de tratamento psicolóxico ás vítimas máis completos de España e que reforzará o vindeiro ano, ampliando moito esa atención no medio rural. E que, ademais, política social —e concretamente esa dirección que a vostedes lles gusta tan pouco, a Dirección Xeral de Violencia de Xénero— iniciou xa os traballos para impulsar este mesmo ano a implantación e a atención psicolóxica en todos os xulgados que atenden a máis de cen vítimas de violencia de xénero.

En definitiva, señorías, hai moitas cousas que se levan feito e moitas que hai que facer. Por suposto, os centros de información á muller están entre as previsións da Consellería de Política Social. Seguiranse incrementando e traballando na mellora dos profesionais que están neles e na atención ás persoas que atenden.

Como dicía, é moito o que se está facendo e moito o que se leva feito, pero hai que seguir avanzando. E para seguir avanzando é imprescindible tamén que o Goberno central faga os seus deberes, porque sós non o podemos facer. É imprescindible que canto antes se renove o Pacto de Estado, que leva bloqueado dende hai dous anos e do que só se cumpriu o sesenta por cento. Que se renove e que se meta no mesmo medidas específicas contra a violencia vicaria ou a violencia dixital, por exemplo. Que se revisen os erros do sistema Viogén e que se promulgue, dunha vez por todas, unha lei contra a trata de persoas.

Porque ata o de agora o Goberno de Sánchez, coa complicidade do BNG, foi o goberno que máis dano fixo á igualdade e ás mulleres. Todas as leis —¡todas!— que promulgou o goberno de Sánchez, en teoría para favorecer a igualdade da muller, acabaron prexudicando as mulleres: a Lei do só si é si, a Lei trans, a Lei de paridade. Tamén pretendían facer o mesmo coa Lei de trata.

Nas súas mans está decidir se prefiren estar con Sánchez ou coas mulleres galegas, coa igualdade. Nós témolo claro. Nós queremos estar coas mulleres galegas. Nós, sempre coa igualdade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Grupo autor da moción, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Señora Arias, claro que non; claro que non hai que sacar a igualdade e o feminismo da loita política. Sen loita política, sen dar ese debate nas rúas e nos parlamentos, cando por fin tivemos dereito a voto, non poderíamos estar aquí vostede e eu falando destas cuestións. *(Aplausos.)* Claro que si, claro que si. Preocúpame o discurso do Partido Popular, porque están vostedes cada vez máis nesa dinámica de falsa apolítica que só agocha o avance da extrema dereita; *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (O señor presidente pide silencio.)* só agocha co avance de idea retrógradas. *(Aplausos.)* Efectivamente, señora Arias, é o que agocha esa falsa apolítica. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (O señor presidente pide silencio.)* Nós, desde logo, imos estar sempre poñendo esta cuestión no centro do debate político, porque é o que nos fai avanzar. Se vostedes seguen adheridos a eses discursos que intentan facer que todo o que ten que ver coa violencia machista estea edulcorado, estea diluído noutras violencias, nós non imos entrar nesa cuestión.

Respecto da voceira do Partido Socialista, agradezo a súa intervención construtiva e a súa emenda propositiva. Nós temos unha máxima, que é falar do que vai nos asuntos. Polo tanto, propoñemos aceptar a parte do punto número 5, que ten que ver cos centros de información á muller, e deixar as outras cuestións para outros debates. Porque despois pasa o que vimos aquí: que o Partido Popular aproveita esa cuestión para falar de todo menos das cuestións que se propoñen.

Mire, señora Arias, ¿sabe por que se abstivo o BNG nesa pseudoreforma da Lei de igualdade que fixeron vostedes? Porque nós non estamos aquí para lavarlle a cara ao Partido Popular, nin para poñer ese *lacito lila guay* os días que toca; nós estamos aquí para impulsar lexislacións e medidas ambiciosas. Por iso Galiza estivo á vangarda en materia de loita contra a violencia machista e por iso non apoiamos esa Lei de igualdade, porque non achegaba medidas novas nin avances. *(Aplausos.)* Non, efectivamente.

E, mire, eu mesma falei do orgullo que sentimos do noso marco lexislativo na interpelación á conselleira pero, se tan orgullosas están no Partido Popular, cumpran a lei. É que vai votar vostede en contra dun punto que pide desenvolver un artigo que leva dezasete anos no marco legal. ¡Dezasete anos! Nalgún momento teremos que avanzar e cumprir ese artigo respecto á atención psicolóxica. Eu estou orgullosa, por suposto, de que haxa mecanismos de atención psicolóxica neste país, pero non cobren nin o vinte por cento das vítimas, e iso é inasumible para unha democracia avanzada.

E si, falo de que o Partido Popular fai negocio cos dereitos das mulleres, por suposto que si. O Partido Popular de Galiza, con empresas amigas do Partido Popular de Galiza: OHL e Eulen. Non sei se quere máis datos. É que xa antes de que estivese en vías de formalizar esa contratación o dixemos en comisión en xullo. E cando veu o señor Barba comparecer dixemos que podíamos pechar un sobre e poñer o nome «Eulen», que seguro que lles toca a eles e a elas. Xa estaba Eulen buscando traballadores e traballadoras antes de que sacasen a licitación. Non teñen vergonza e ímolo denunciar, porque este recurso debería ser público, de xestión pública e directa e a través dos servizos sanitarios. *(Aplausos.)*



Eu preguntome ás veces se se molestaron en ler a Lei do só si é si. Eu preguntome ás veces se se molestaron en lela, porque critican unha lei que é a que dá ese recurso que van impulsar. É basicamente así. Si, e houbo consecuencias indesexadas, claro que si. ¿Por que? Porque é moi difícil loitar contra o patriarcado e contra unha xustiza patriarcal. Non só coa Lei do só si é si, acabamos de velo co caso de Murcia. ¿Que nos di o caso de Murcia? Eses violadores, esa manada de empresarios, non vai pisar o cárcere, porque a Fiscalía decidiu, sen contar coas menores, sen contar coas vítimas, que lles rebaixaba as penas máis do mínimo legal que impuxera por dilación indebida. (*Aplausos.*) Claro que si. Claro que hai un problema: un problema de recursos, que non hai suficientes na xustiza, e un problema de que é moi difícil desmontar o patriarcado; e máis difícil cando privatizamos recursos no lugar de aproveitar o coñecemento que temos.

Nada máis e moitas Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. ¿Acepta o punto número 5, non? O 5 vai. Grazas.

Moción do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Armando Ojea Bouzo, sobre as políticas de mellora da calidade de vida urbana coa recuperación das zonas verdes e a renaturalización das cidades

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Proponse substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º) Impulsar a aprobación, con intervención de todas as administracións públicas afectadas, participando no financiamento do proxecto de renaturalización da cidade de Ourense que sobre a base do xa elaborado a instancias do Concello de Ourense, contemple, entre outros extremos, a plantación de cando menos 15.000 árbores.

2º) Informar o Parlamento de Galiza, no prazo de 5 meses, do grado de execución do proxecto e dos prazos previstos para a súa total conclusión.

3º) A estender o proxecto de renaturalización e de creación de infraestruturas verdes aos núcleos de poboación de Galiza en xeral e de Ourense en particular, co obxectivo de mellorar a calidade de vida e saúde das persoas, e combater os efectos das temperaturas extremas.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra o señor Ojea.



O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías e público que nos segue na sala e no *streaming*.

Imos co asunto último, pero esperemos que non sexa o menos importante, como adoita dicirse. Esta moción substancia unha interpelación que se debateu na pasada sesión plenaria, na que compareceu a conselleira e nos deron unhas explicacións que non nos convenceron en absoluto. Vou ler primeiro as cuestións que pide a moción, a medida que as vou comentando: «Pedimos que nun prazo máximo de tres meses a Xunta presente un informe detallado sobre o compromiso de plantación de polo menos 15.000 árbores na cidade de Ourense, no marco das actuacións de renaturalización da cidade en relación co Plan de infraestruturas verdes como punto inicial de experiencia piloto que culminará coa plantación de 260.000 árbores en toda Galicia.»

Como saben, este plan foi deseñado polo Concello de Ourense. A conselleira o outro día dicía non ter coñecemento del, cousa curiosa porque se lle presentou a todos os grupos parlamentarios e entendemos que ten comunicación, desde logo, co Grupo Parlamentario Popular; e incluso se lles presentou aos representantes políticos do Concello de Ourense, cos que tamén estou seguro de que manteñen contacto permanente, así como teñen contacto en tempo real para outra clase de cuestións. Pero tamén se lle fixo chegar —segundo entendín— á propia Consellería.

De todos os xeitos, este compromiso é un compromiso documentado polos medios de comunicación do propio presidente Rueda nunha xuntanza que tivo co alcalde de Ourense —tal e como se lle recordou tamén á conselleira— e na que mesmo chegou a dicir que podería ser un programa piloto co que obter información, obter *feedback*, para despois implantalo no resto da autonomía. Volvo recordar que é unha promesa documentada do señor Rueda, que nos pediu un plan, que estimamos suficientemente detallado e suficientemente profesional tal e como foi concibido e como se lle entregou. Entregueillo fisicamente á conselleira, co cal entendo que o leu e que o considerou, á marxe de que estou seguro de que xa o coñecía e que xa lle chegara por outros lados.

Ela falou —a conselleira— de que o Concello de Ourense se incardinara no proxecto de Galicia Verde, que fóramos petar á porta da Consellería, pero entendemos que a cidade de Ourense precisa dunha atención preferencial da Xunta de Galicia. Precisa que a Xunta de Galicia tome unha actitude proactiva nese tema —acerca do cal xa temos reclamado bastante— e non siga coa permanente ignorancia con relación á discriminación á provincia. Vimos de recibir os presupostos dos orzamentos, que nos foron facilitados en plena fin de semana —é un pouco curiosa tamén a data en que se nos dan—. Á espera de seguir analizando con máis detalle e con máis atención o groso dos orzamentos, o que podemos ver xa de primeiras é que a provincia de Ourense é a que menos cartos recibe nestes orzamentos previstos para o 2025. Ese é un dato obxectivo, un dato numérico; un dato medible, como dicía o *lord* Kelvin aquel.

Logo maquíllano co tema da renda per cápita. Loxicamente, se a provincia de Ourense é a máis despoboadada, a que ten menos densidade de poboación, o lóxico é que a renda per cápita



aumente; porque, claro, canto máis escasa é a poboación, loxicamente, a renda per cápita, a pouco que se invista, aumenta. O dato da renda per cápita tería sentido se a densidade de poboación fose homoxénea en toda a autonomía, pois aí si que tería algún dato ou algunha información para efectos de comparación a renda per cápita. Pero non é o caso. A cuestión está en que, en termos absolutos, a provincia de Ourense é a que recibe menos cartos das catro provincias. Entón, precisamos que a Xunta de Galicia tome xa unha especie de discriminación positiva cara á provincia de Ourense —e, en particular, cara á cidade de Ourense— que podía moi ben empezar por esta reclamación que xa levamos facendo máis veces no pasado pleno, baixo o formato da interpelación.

Ademais, é unha cuestión na que practicamente estamos todos de acordo. Porque este debate sobre a renaturalización das cidades, sobre a importancia de plantar árbores contra o cambio climático e o control os problemas que causa a ausencia de natureza nas cidades é unha cuestión na que fundamentalmente coincidimos todos. Non é un debate de alto compoñente ideolóxico. Aí tamén penso que a Xunta de Galicia podería, sen comprometer demasiado as súas cuestións ideolóxicas, aportar eses cartos e a execución dese plan que lle presentamos.

Ademais, a provincia de Ourense, e en concreto a cidade de Ourense, é un lugar especial para probar esta clase de cousas. El mesmo dicía que podería ser —o presidente, refírome— un bo lugar para empezar a probar, porque é unha provincia con particularidades —xa saben, alcanza as maiores temperaturas—, pero ademais é un perfecto lugar experimental porque na provincia de Ourense non teñen influencia outros factores, como podían ser cercanía do mar coas súas accións termorreguladoras etcétera etcétera. Ou sexa, que o número de variables climatolóxicas na cidade de Ourense é menor que noutras partes e a influencia positiva, seguramente —como non pode ser doutra maneira— da plantación destas árbores é moito máis fácil de avaliar e sería incluso unha boa información para efectos científicos. Seguramente a universidade —ou incluso estudos biolóxicos ou ecolóxicos etcétera— podería aproveitar, á parte de mellorar a calidade de vida dos ourensáns, para achegar esa información científica para a que, como digo, a cidade de Ourense sería especialmente interesante como proba piloto.

En esencia, tamén pedimos un compromiso para efectos de cronograma, que nun prazo máximo de cinco meses se comece a execución do compromiso e a información do seu estado. Activar de xeito urxente os programas públicos de subvencións destinados ao financiamento destes proxectos en colaboración coa Fundación Biodiversidade —que, como saben vostedes, precisamente a súa liña é esta, tal e como recolle o plan de acción que lle fixemos chegar—. E, desde logo, o último punto que aparece na moción é o de aproveitar, como dicía antes, o exemplo do proxecto de renaturalización de Ourense para a creación de corredores verdes e a mellora da conectividade dos espazos naturais noutros núcleos da provincia de Ourense e no resto das provincias, co obxectivo de mellorar a calidade de vida e combater os efectos das temperaturas extremas e as outras dificultades que teñan a súa orixe na ausencia de arborado e na ausencia de espazos verdes e espazos materiais nas cidades.

En canto á emenda do BNG, esencialmente di o mesmo. Nós tamén coincidimos no tema de que as emendas non deberían apartarse da proposta inicial, porque ás veces cando se engaden cousas dá a impresión de que se quere resolver o problema facéndoo aínda máis



grande, co cal é un pouco absurdo. A única diferenza é que pretende impulsar a aprobación cunha intervención de todas as administracións públicas afectadas e, claro, ¿quen máis afectada que o Concello de Ourense? Parece que quere dicir que tamén o Concello de Ourense participe nisto. Nós entendemos que a Xunta de Galicia ten unha débeda coa cidade de Ourense e que debería ser a Xunta de Galicia a que asumise ese custo na súa totalidade; que tivese ese detalle, dunha vez por todas, para empezar a reverter a situación de discriminación da cidade. O resto das cousas que pide a moción do BNG esencialmente é a mesma cousa redactada doutro xeito, entón non a imos aceptar; non porque non esteamos no fondo do acordo, senón porque parece redundante. Parécenos totalmente redundante en relación ao que nós estamos...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Un segundiño e xa remato, señora presidenta.

Entón, eu entendo que o Bloque Nacionalista Galego non terá absolutamente ningún problema en aceptar a moción tal e como a presentamos, porque os cambios que pretenden son mínimos. Aínda que, xa digo, como pretendería que tamén colaborase o Concello e nós pretendemos que sexa a Xunta a que o financie, pois non o imos aceptar.

E tamén estou seguro de que, nestas dúas semanas, o Partido Popular reflexionou acerca desta proposta. Teño a corazonada de que tamén a vai aprobar e que, polo tanto, esta moción será aprobada pola maioría e en breves meses poderemos ver o beneficio que aportou para a cidade de Ourense.

Nada máis.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten un segundo turno. Grazas.

[Inaudible.] ...os distintos grupos parlamentarios. Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señora presidenta.

O debate previo a esta moción o que deixou claro son dúas cousas; sobre todo, a consideración que o Partido Popular ten coa cidade de Ourense e cos problemas de Ourense. Se o señor Oxea estivese un pouco atento —que seguro que si—, podía comprobar que na totalidade do debate non había ningunha representante, ningunha deputada por Ourense do Partido Popular. Iso é o que importan os problemas de Ourense ás deputadas e deputados do Partido Popular. Na totalidade do debate, ningunha deputada ou deputado do Partido Popular por esta circunscrición. Xa non que viva en Ourense, senón escollido por esta circunscrición. E tamén permitiu evidenciar a mala xestión que fai o Goberno local de Ourense. Iso tamén é responsabilidade do Partido Popular, pero non responsabilidade exclusiva. O desprezo polos recursos públicos e a nula capacidade do Goberno local para impulsar proxectos novidosos; bueno, novidosos e non novidosos, para impulsar proxectos.



Hai máis de dous anos é certo que, despois de camiñar en dirección contraria, o alcalde de Ourense deuse conta de que Ourense era unha illa de calor e deuse conta da necesidade de plantar árbores. Entón, anunciou —en Ourense temos moitos anuncios e poucas realidades— que ía plantar 10.000 árbores. Pero diso nada se soubo. Despois, certamente, nunha entrevista co presidente da Xunta parece que lle comunicou e lle trasladaba á Xunta de Galiza ese traballo de plantar 10.000 árbores. A Xunta de Galiza ofreceu a súa colaboración —e por iso entendo que hoxe votarán a favor— pero, creo que con bo criterio, a Xunta de Galiza pediulle un proxecto. Pasaron os meses e ese proxecto non existiu.

Iniciativas do Bloque Nacionalista Galego, acordos do pleno do Concello de Ourense, moita mobilización e pronunciamentos sociais e ecoloxistas fixeron que por fin o Concello de Ourense decidise elaborar un proxecto de renaturalización. O que é curioso e é lamentable é que ese proxecto o Concello de Ourense non llo encargase aos funcionarios e funcionarias cualificados que ten, numerosos e moi cualificados. Non, externalizouno e encargouno a unha empresa de fóra, cos custos adicionais, neste caso de 18.000 euros, que implicaba.

Pero isto non é o máis sorprendente. O máis sorprendente é, como dicía o señor Oxea, que a conselleira na interpelación dicía que non tiña coñecemento dese proxecto elaborado para transmitirle á Xunta de Galiza. E resulta que —como é normal, como é institucional— por rexistro non llo comunicaron á Xunta de Galiza. Imaxino que a conselleira —que hoxe ten ganas de falar— ten razón e non se lle comunicou ese... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Risos.)* Efectivamente, ten razón, non é a mesma conselleira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, en todo caso consideramos que o proxecto de renaturalización da cidade de Ourense é necesario e é urxente, porque Ourense, como di ese proxecto, soporta as temperaturas máis altas de toda Galiza. No proxecto falan de 28 grados de media no verán e 35 nalgún pico. Eu, sincera e modestamente, creo que bastante máis. Porque as obras executadas por vostedes, polo Goberno local, realizadas particularmente no centro —Xaquín Lourenzo, Ramón Cabanillas...— de substituír o empedrado por aglomerado asfáltico, elevan ese problema, non só de deshumanización, senón que eleva ese problema das temperaturas da illa de calor. Porque as obras executadas pola Xunta de Galiza van tamén eliminando a masa arbórea. Porque nin o Concello nin a Xunta coidan moito do patrimonio arbóreo da nosa cidade.

Ourense aínda carece dun catálogo de especies arbóreas, un instrumento necesario para saber onde están as árbores, que tipo de árbores e en que estado se encontran. Iso permitiría evitar problemas como o do outro día, que unha árbore centenaria cerca dun centro escolar caese, co risco que comporta para os rapaces e agora, polo visto, tamén para os xabarís que andan pola zona.

A Xunta de Galiza, a intervención na universidade laboral, onde tallou sen consentimento centos, centos de árbores, nalgún caso centenarias e moitas especies autóctonas. Existe unha falla de coidados por parte do Concello: podas a destempo, mal feitas; ausencia de actuacións preventivas, que implican, como di o proxecto que vostedes presentaron, unha proliferación de especies invasoras, nalgúns casos tan significativos como no xardín botánico. Resulta que o xardín botánico de Montealegre está pragado e é un problema a proliferación de es-



pecies invasoras. Existen plantacións de alcorques en lugares inadecuados, non tendo en conta a especie ou incluso as posibilidades de hidratación destas especies.

A realidade é que Ourense, efectivamente, é unha illa de calor. Existe unha árbore por dez habitantes, cando as recomendacións internacionais marcan o triplo. Existe a metade de metro cadrado de zona verde do que aconsellan as normas internacionais, algo que é moitísimo máis grave naquelas zonas máis densamente poboadas, como é o centro da cidade, como é o barrio da Ponte ou incluso en espazos sensíbeis como son os centros educativos e hospitalarios.

Partimos dunha realidade, que é o asunto máis grave e que a nós, como BNG, e a min, como Ourensán, nos preocupa máis: que uns e outros non teñen modelo de cidade. Recorrentemente —hoxe, sen ir máis lonxe—, falan de incumprimentos do pacto de investidura do Partido Socialista. Efectivamente, vostedes poden facer iso, porque hai un pacto de investidura asinado e con compromiso. Nós non podemos facer iso, porque vostedes teñen un pacto de lexislatura, pero non hai compromiso ningún. *(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro mostra un documento escaneado.)* Isto, unha mala fotocopia, como tamén é un mal pacto. Este é o seu pacto: simplemente a Deputación de Ourense a cambio do Concello de Ourense; sen ningún compromiso, sen nada, sen modelo de cidade *(Aplausos.)* E isto é o que agora estamos padecendo.

E mire, en relación coa nosa emenda, señor Oxea —e con afecto—, non é unha cuestión de emendar a plana para facer unha iniciativa nosa. Non, simplemente o que dicimos é que se impulse e se traballe coas administracións públicas atinxidas. ¿Por que? Porque no proxecto —que imaxino que leu— fálase de proxectos da Deputación de Ourense; terá que falar a Deputación de Ourense. Fálase de zonas verdes nas ribeiras dos ríos; imaxino que tamén a Confederación Hidrográfica terá algo que dicir. Son administracións públicas ás que nos referimos. E, sobre todo, ten que liderar —porque ten a competencia e a responsabilidade— o Concello de Ourense. E por iso vai a nosa emenda, porque nos interesa e nos preocupa este problema. Pero realmente a súa proposta o único que supón é que desconfía do informe que vostedes elaboraron. E non está mal. Ten algún erro, como dicir que o AVE chega a Ourense cando o AVE aínda está en Taboadela. Ou como dicir que o casco histórico é peonil; era peonil ata que entraron a gobernar vostedes, agora non hai onde aparcar. *(Aplausos.)*

Pero, de todas maneiras, ese proxecto entendemos que é interesante; pero léao e execúteo e, sobre todo, o Concello de Ourense, que uns e outros gobernan, non se pode botar do lado de fóra. Por iso lle pido que recapacite; polo ben de Ourense e polo ben da cidadanía á que tanto dano están facendo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.



A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e todas.

Señor Ojea, vólvese interesante para a cidade de Ourense mudar dunha política arboricida, a que practicaron vostedes ata o de agora, pola preocupación que hoxe mostra de cara á plantación desas 15.000 árbores. Un mandato, o de Democracia Ourensana, caracterizado pola tala indiscriminada do patrimonio arbóreo. De feito, o grupo municipal socialista víase obrigado, entre outras, a presentar unha moción na que instaba o Concello de Ourense a elaborar un plan director do arboredo do concello de Ourense que permitise pór en marcha un plan de xestión integral do mesmo no concello. Presentábase esta iniciativa polo enorme patrimonio estragado e zonas verdes desfeitas, decapitacións sen xustificacións, tala polo pé de árbores centenarias, espazos verdes sen regar en plena seca etcétera.

O Partido Popular tampouco escapa desta práctica. Temos as ourensás na retina imaxes do formigonado, do pouco verde que temos, dos xardíns Antonio Faílde, do pavillón dos Remedios; actuacións, neste caso, da Xunta de Galicia, pero ante as cales o alcalde Jácome miraba para outro lado. E mesmo a construción da nova senda peonil de mobilidade sostible da Xunta de Galicia, que unirá a intermodal co Paco Paz; lonxe de ser un exemplo de sostiabilidade, este proxecto está a destruír a contorna natural, desperdiciando os recursos e afectando a parques e zonas verdes. Formigón e máis formigón.

Miren, tamén un capítulo que foi chamativo acontecía na rúa Castela. Vostede ben o coñece, señor Ojea, a carón do IES As Lagoas. Un exemplar moi coñecido, un *platanus hybrida* que estaba en perfectas condicións, foi talado polo pé, concretamente o 8 de agosto. Aínda hoxe non deron resposta á causa que motivou esta acción.

A falta de mantemento dos espazos verdes é palmaria. Mesmo o pasado verán as árbores do campus de Ourense sufriron a falta de mantemento e rego por parte do Concello, o que provocaba a seca de árbores e plantas.

Na moción que antes comentaba constataba que, segundo os datos obrantes na Concellería de Medio Ambiente, cun patrimonio arbóreo censado de 4.200 árbores —isto non é real— e unha superficie de pouco máis de 415.000 metros cadrados de zonas verdes, o que suporía nese momento unha media de unha árbore por cada 25 veciños e veciñas. As recomendacións da OMS, tendo en conta a *ratio* de números de árbores por cidadán, di que o ideal sería unha árbore por cada tres veciños, o cal serviría para garantir a rexeneración e o aumento da calidade do aire no casco urbano. E está claro que a insuficiencia de árbores é evidente na nosa cidade, aínda tendo en conta tamén que o censo que dicía non computaba as zonas do entorno das cauces fluviais.

Imos relatar unha serie de arboricidios, podas e talas salvaxes e indiscriminadas que se fixeron, tanto polo Goberno do Partido Popular, como polo Goberno Partido Popular-Democracia Ourensana, como polo Goberno actual de Pérez Jácome.

No ano 2017, gobernando o Partido Popular, producíase un dos maiores atentados medioambientais da historia recente da nosa cidade: a tala de árbores da praza de San Marcial. Da-



quela o Partido Socialista vírase obrigado a denunciar esta tala masiva e criticamos a falta de criterio e a previsión na reposición destas árbores polo alcalde, naquel momento do Partido Popular.

Despois, na praza da Magdalena, nesta marabillosa praza do noso casco vello, elimináronse árbores existentes tamén nos últimos tempos. Deixouse máis espazo para o establecemento hoteleiro que coñecemos. Tamén se instalaron xardineiras neste enclave histórico, non sei se para paliar a ausencia destas árbores. Un lugar que sempre conservaba ese ambiente tranquilo no que brillaba o cruceiro barroco tan importante, que agora loce bastante máis deostado pola falta de sensibilidade e de respecto ao noso patrimonio do Bipartito Partido Popular–Democracia Ourenzana; que segue aí, baixo a sombra, ese bipartito.

O parque do Couto tamén sufría coa construción por parte da Xunta de Galicia da famosa pista de *skate*. Os socialistas pedíramos o cambio de ubicación para que non afectase este parque do Couto, pero esa petición non foi atendida.

A decisión do alcalde —señor Ojea, recorda— de retirar o arce da praza dos Suaves; porque, segundo afirmaba en palabras textuais «tapaba as vistas da Catedral de Ourense». Diversos colectivos e tamén veciños e veciñas mobilizáranse nese momento para reivindicar o seu mantemento no lugar que está, pero tampouco mudou de opinión o señor alcalde. Bueno, exemplares decapitados en institutos escolares, nos colexios públicos de Seixalbo, no Mestre Vide e na Universidade Laboral —como mencionaba o portavoz que me precedía no uso da palabra—; unha catástrofe ecolóxica, fora aquilo.

O perímetro rural tampouco se libra desta práctica. No Castro de Beiro, onde hai unha placa destinada ao mestre Xerardo Abellas, tamén decapitaron plátanos de sombra e cortaron polo pé o abeto, tan famoso nesa zona.

Pero si, dende o Grupo Parlamentario Socialista valoramos positivamente, señor Ojea, que o executivo de Gonzalo Pérez Jácome presente o proxecto para plantar 15.000 novas árbores. Si é verdade que tiñan que presentalo —como é preceptivo— por rexistro na Consellería de Medio Ambiente. Aínda que temos que lembrar que se trata dunha promesa incumprida en reiteradas ocasións, con subvencións que o Goberno local anunciaba e non chegaban. O que non entendemos é por que non se solicitaron xa os fondos europeos prometidos hai un ano. Non o entendemos. Outra oportunidade perdida por este Goberno, que non é quen de xestionar os recursos que a nosa cidade precisa. Tampouco entendemos por que non convocan, señor Ojea, o Consello de Medio Ambiente. Sería a primeira vez que o convocasen, porque está constituído pero non o convocan. E aquí tamén estaría ben incluír a Xunta de Galicia neste órgano, como fixeron coa Praza de Abastos, que nós aplaudimos; que estivese nese Consello de Medio Ambiente a Xunta de Galicia, para levar a cabo este proxecto que vostede presenta. Ademais, poderíanse aportar ideas —e eu creo que nisto concordará comigo— que enriquezan este proxecto que vostedes presentaron na anterior interpelación ante a conselleira.

Creemos as socialistas que a aposta medioambiental ten que ser liderada polas administracións: o Concello e a Administración autonómica. Aínda queda moito traballo pendente de



cara a conseguir un Ourense máis verde e sustentable, que non se levou a cabo nin cando gobernaba o Partido Popular, nin cando o facía conxuntamente con Democracia Ourensana de forma pública nin cando rexe este último en solitario pero mediante o pacto da Alameda, en que o Partido Popular os mantén no poder.

Levamos anos vendo talas masivas, arboricidios; un abandono total dos espazos verdes mentres as temperaturas máximas continúan superándose e chegamos, como ben sabe, aos corenta graos. Máis do que o informe que vostede presenta; que está bastante ben, a verdade, pero sen nada. Lamentamos que o Executivo municipal e o autonómico semellen estar sumerxidos nunha carreira para ver quen fai máis anuncios, nesa foto con Rueda e falando das dez mil árbores.

Polo tanto, imos aprobar esta iniciativa, pero pedimos seriedade, responsabilidade e que non se continúen perdendo oportunidades para facer de Ourense unha cidade máis verde e habitable. E remato aclarando que este proxecto non pode quedar en promesas baleiras; que exixiremos ao Goberno, á Xunta e ao Concello transparencia e eficiencia na xestión do mesmo e dos fondos que se soliciten para iso.

Hoxe piden que se cumpra a promesa dada por Rueda. Na miña opinión, instar o presidente Rueda a que cumpra coa palabra dada con Ourense é, á vista dos feitos, unha párvula inxenuidade. Porque os orzamentos para a cidade de Ourense, de novo, non sei se a Democracia Ourensana os defraudan ou non; ao Grupo Parlamentario Socialista si que nos defraudan e decepcionan: nin árbores, nin emprego, nin termalismo. ¿Recordan o famoso ecobarrio, eses douscentos postos de traballo directos?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Nin hotel balneario, nin CAPD de xestión directa —veremos a contestación desde a Consellería— nin centros de saúde necesarios para a cidade de Ourense.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Partido Popular. Ten a palabra don Gonzalo Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moi bos días, señorías.

Parece que ao señor do Bloque Nacionalista Galego lle molesta que o voceiro de Medio Ambiente do Partido Popular interveña nunha moción sobre medio ambiente no Parlamento de Galicia. Isto non é Venezuela. *(Murmurios.)* Polo de agora, cada grupo elixe quen son os seus voceiros. *(Aplausos.)* Quizais deberíamos de preguntarnos por que alguén que non sabe de medio ambiente fala de medio ambiente no Parlamento de Galicia, pero iso tamén é unha decisión do seu grupo. E claro, cando os que non son voceiros dunha temática falan desa temática ocorre, como acaba de ocorrer aquí, pois que a portavoz do Partido Socialista fala de



«arboricidio», cando en Galicia cada vez que se fala de arboricidio todos pensamos no alcalde de Vigo, que parece que lle ten certa manía e certo acoso a todas as árbores da súa cidade.

E falando de orzamentos da provincia da Coruña, eu quero lembrar, señor Ojea, que son 1.700 —1.759, concretamente— millóns os que están recollidos para a provincia de Ourense; e 238 millóns para a cidade de Ourense, 5.742 euros per cápita, 200 euros máis dos que se dedicaban o ano pasado. Ourense é a provincia onde máis medra o orzamento per cápita de toda Galicia. Por só citar algunhas das partidas máis importantes, hai que lembrar que este ano van 27 millóns de euros para o hospital, o que vai permitir finalizar ese edificio de doce plantas do novo hospital; 2 millóns para o CIS Novoa Santos; 1 millón para a Praza de Abastos; 2,2 millóns para iniciar a circunvalación —este é o novo vial de acceso ao hospital—; ou, por exemplo, os 4 millóns que saen recollidos para o Centro de Ciberseguridade de Galicia. Así poderíamos seguir con cada unha das consellerías. Creo que desta forma se poderá demostrar que Ourense é a provincia onde máis medra o orzamento.

Falando xa do que é a infraestrutura verde. Galicia é a primeira comunidade autónoma en aprobar unha estratexia de infraestrutura verde e de conectividade e restauración ecolóxicas. Así o anunciou a conselleira na resposta da interpelación da que xorde esta moción e ratificouno o presidente o luns 7 de outubro no Consello da Xunta de Galicia. O obxectivo deste plan é a creación dunha rede de espazos e elementos que melloren a resiliencia ante o cambio climático, que contribúan á conservación da biodiversidade e que beneficien, polo tanto, as poboacións das contornas.

A infraestrutura verde é unha iniciativa promovida pola Comisión Europea orientada a integrar, fortalecer e propiciar un uso racional dos elementos territoriais, acorde cos compromisos adquiridos na Estratexia de Biodiversidade e nos distintos regulamentos e directivas que inciden no medio ambiente. Nesa liña, busca a integración entre as necesidades de conservación de determinadas áreas e o uso sustentable dos recursos naturais. Todo iso a través dunha planificación que permite a coordinación das administracións, a adaptación ás novas necesidades e, en definitiva, que a Estratexia galega de infraestrutura verde da conectividade e da restauración ecolóxicas logre crear unha rede territorial continua entre aqueles espazos de maior valor ambiental, paisaxístico e tamén —e así hai que dicilo— cultural. Para iso deseñárase unha planificación que permita conservar a biodiversidade e que garanta o bo estado dos ecosistemas polos beneficios que achegan á sociedade e tamén á sustentabilidade.

Ademais, reforzarase a posición de Galicia como refuxio climático e como destino turístico verde e sustentable. Nesta liña, é fundamental dotar as cidades de espazos verdes urbanos, como parques, xardíns, fontes ou áreas recreativas que repercutan na redución das emisións á atmosfera. Hai que lembrar que as áreas urbanas son esenciais, xa que nelas se xera entre un corenta e un setenta por cento das emisións de gases de efecto invernadoiro. Por iso, a Estratexia de infraestrutura verde fai especial fincapé nas urbes e impulsa iniciativas como a creación de rúas verdes coa plantación de especies autóctonas que, xunto co uso de pavimentos naturais, buscan atenuar o efecto illa de calor. En definitiva, trátase de renaturalizar as cidades. De feito, as cidades disporán de tres millóns de euros para a súa implantación.



Outras accións que se contemplan son, por exemplo, a implantación de novos espazos como fachadas, cubertas, muros e balcóns verdes, o deseño de parques e xardíns ou o aproveitamento das oportunidades que ofrecen as zonas da periferia; refírome aos camiños rurais e ás áreas recreativas. Así mesmo, recuperarase a integridade ecolóxica dos cursos fluviais e as zonas húmidas, englobadas nas áreas urbanas e periurbanas. Controlaranse e erradicaranse as especies exóticas invasoras, crearanse microrreservas que sirvan de refuxio á fauna e tomaranse en consideración as necesidades de conexión dos hábitats.

A Estratexia representa, polo tanto, un cambio de paradigma na ordenación do territorio, clave para o benestar da poboación, xa que permitirá reducir a fragmentación de hábitats que albergan ecosistemas. Tamén se fortalecerá a coordinación entre as diferentes administracións públicas para garantir o éxito da implementación desta infraestrutura. Darase prioridade á información, á formación e á participación da cidadanía nesta materia.

Ademais, a aprobación desta estratexia sitúa Galicia nunha posición vantaxosa para poder captar fondos europeos orientados á restauración ambiental, tanto por parte das administracións como tamén por parte das entidades privadas. Deste xeito, serán susceptibles de obter financiamento proxectos de renaturalización como, entre outros, a plantación de árbores, a creación cintos verdes nas cidades e a reformulación de espazos con solucións baseadas na natureza.

Polo tanto, señor Ojea, reitérolle a invitación da señora conselleira para que coñeza e, sobre todo, para que participe nesta estratexia, coa que ademais podemos fortalecer a colaboración entre o Concello de Ourense e a Xunta de Galicia e desa forma garantir o éxito da implementación desta infraestrutura verde. Que a colaboración logre que Ourense sexa a primeira cidade en impulsar a infraestrutura verde é unha boa nova. Hai tres millóns de euros para implantar a estratexia, que ademais vai dispoñer dunha liña de axudas para potenciar a renaturalización que incluírá —como xa lle dixen antes— a plantación de árbores.

Señor Ojea, participen nesta estratexia que xa aprobou a Xunta de Galicia, porque esta definición das actividades en materia de infraestrutura verde a nivel galego, por suposto, vai permitir mellorar a ordenación do territorio tamén no eido local. Porque establece —como lle dicía antes— un marco no que os concellos se poden apoiar para poder definir os seus propios plans locais, para impulsar as infraestruturas verdes como a de Ourense e impulsar proxectos concretos no territorio. Vai contribuír, en definitiva, a previr os efectos adversos do cambio climático e os seus riscos principais.

A promoción dunha rede de espazos verdes interconectados leva consigo moitos efectos benéficos para a cidadanía. Pero é que ademais o desenvolvemento destes proxectos vai permitir a creación de novos postos de traballo ligados ao emprego verde.

Xa para rematar. Señor Ojea, colaboremos, fagamos de Ourense o referente das infraestruturas verdes. Son moitos os beneficios e, se hai vontade de colaboración, non teño ningunha dúbida de que esta infraestrutura verde vai ser unha realidade tamén na cidade de Ourense.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Trenor.

Turno de peche, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Ben, de todas as intervencións o que máis me sorprende é que, no caso do Grupo Parlamentario Popular, veu falar unha persoa que non é de Ourense. Si, pretendeu explicar que era o portavoz de Medio Ambiente e dicía que a ver que entendíamos nós de medio ambiente... Mire, aquí no Parlamento tómanse decisións políticas e fálase en termos políticos. Aquí falamos moitas veces de sanidade e de hospitais e creo que a maioría de nós non somos médicos. Pero, claro, non fai falta ser médico para saber que unha cama non pode estar nun pasillo dun hospital. E cousas así. Quero dicir que...

Ben, o señor portavoz do Partido Popular falou de xeneralidades. Falou a nivel autonómico. Non nomeou ningunha rúa de Ourense, ningunha praza, ningún topónimo menor... Quero dicir que non se referiu en ningún momento á cidade. Falou en termos xerais do que ten pensado facer o Goberno en materia de medio ambiente a nivel xeral, abstracto, a nivel de autonomía. Imaxino que ningún dos deputados ou deputadas da circunscrición de Ourense quixo verse, como se di habitualmente, «no marrón» de ter que votar en contra dunha proposta que parece totalmente razoable e totalmente positiva; coas deficiencias que pode ter, como todo, pero á que en esencia todos os grupos, salvo o Partido Popular, xa manifestaron o seu apoio. Tampouco escoitei un rexeitamento explícito por parte do portavoz do Partido Popular, jeh! Ao mellor aínda votan a favor. Falou en termos tan abstractos que é case imposible saber o que van votar. Ben, eu animo a que, para outra vez, fale un deputado de Ourense; polo menos para dar a cara ante a cidadanía, porque isto vaise emitir na televisión local de Ourense, como todos vostedes saben.

Vou empezar polo señor Iago. Señor Iago, os funcionarios de Medio Ambiente tamén cobran. Quero dicir, que un funcionario de Medio Ambiente faga o plan non é gratis, tamén cobra. Pero é que ademais pasa outra cousa: tamén teñen traballo, teñen traballo cotián, teñen moito que facer. Non temos ao mellor os suficientes funcionarios —vostede sabe cales foron as consecuencias da Lei Montoro, da taxa de reposición e todo iso— e, nese caso concreto, encargouse a unha empresa profesional, que fixo un traballo de calidade. Tampouco ten maior problema porque non se lle puidese encargar aos funcionarios do Concello, porque eles sen traballar non estiveron, que tiñan moito que facer igual. Non penso que sexa algo tan negativo encargar un traballo a unha consultora.

Falou de que non había catálogo, o Servizo de Medio Ambiente si que ten un catálogo das especies que están. Non sempre está moi actualizado, porque, claro, todos os días unha actualización diaria pois é imposible. Pero si que hai un catálogo, froito dun traballo.

Logo, unha cousa que me fixo moita graza. Xa cambiando un pouco o rexistro, o último que dixo foi que a Alcaldía e o grupo de goberno do Concello de Ourense estaba facendo moito dano á cidadanía. Home, non sei, ou a cidadanía é masoquista ou, se non, non entendo como a cidadanía volveu votar maioritariamente o Goberno de Democracia Ouren-



sana nas últimas eleccións municipais; con dez concelleiros, cando o seu grupo ten catro. Ou sexa, ou a cidadanía é masoquista...; que eu penso que non, eu penso que acerta cando vota, que vote o que vote a cidadanía, por definición, acerta. Entón, ben, «dano á cidadanía», pois non sei...

Pero ben, volvendo ao tema das árbores. Mire, nomeou algúns casos concretos a portavoz do Partido Socialista. Vostede sabe que as árbores son seres vivos e ás veces morren e ás veces secan e ás veces...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: ... —si— hai que cortalas. Vostede falou das de San Marcial que, se veu os tocóns, veu como estaban totalmente podres. Vou botar unha lanza a favor do Partido Popular, porque as árbores da Universidade Laboral tamén houbo que cortalas. Pero, ¿cal é a razón diso? A razón de ser é que as árbores estaban nese mal estado polos gobernos anteriores do Partido Popular e do Partido Socialista, que non as coidaron. Porque esas árbores non as plantou Jácome nos últimos anos. Esas árbores teñen a historia que teñen. Non foron atendidas no seu momento e, ao final, ás veces hai que tomar esas medidas, porque vén un furacán...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: ...e rompe as árbores.

Ben, e nada máis. Quero agradecer o apoio do Bloque Nacionalista Galego, agradecer o apoio do Partido Socialista e agradecer o voto a favor que, estou seguro, van dar tamén os deputados do Partido Popular.

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¿A emenda do BNG como queda?

O señor OJEA BOUZO: A emenda xa dixen que non a aceptabamos, aínda que nos parece totalmente razoable tamén... (Risos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Pero non a acepta, ¿non? Non me retome o debate.

O señor OJEA BOUZO: Non cambia esencialmente o contido da nosa moción. Polo tanto, ímola deixar coa nosa.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moi ben, moitas grazas.

Si, ¿para que quere a palabra, señora Otero? (A señora Pérez López pronuncia palabras que non se perciben.)

Si, déalle voz ao escano da señora Noelia, por favor. Si, diga.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Quería pedir a palabra polo artigo 76, por inexactitudes.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Dígame cal foi a inexactitude, que esta mañá temos o artigo aínda fresco.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Non, presidenta. Esta vez... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio, por favor!

A señora PÉREZ LÓPEZ: ...si que é por inexactitudes e non por ter un minuto de gloria nin por enredar nesta Cámara. *(Protestas.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pero, ¡¿queren, por favor, escoitar a señora Otero?! *(Murmurios.)*

Diga, ¿cal foi a inexactitude?

A señora PÉREZ LÓPEZ: Para dicirlle que esta deputada de Ourense si estaba aquí na interpelación... *(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)* É que agora voulle ter que pedir permiso ao señor Tabarés para ir ao baño...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moi ben. Moitas grazas. *(Murmurios.)* Quedou aclarado, quedou aclarado.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Iso é o que nos queda neste Parlamento, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Agardamos que non.

Suspendemos a sesión, que será reanudada ás 16 horas.

Bo proveito. *(Un deputado: Igualmente.)*

Rematamos a sesión.

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e dous minutos da tarde e retómase a sesión ás catro.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Reanúdase a sesión. Prego que ocupen os seus escaños e que garden silencio, por favor.

Grazas pola colaboración.

Empezamos coa iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego...

(Murmurios.) Señor Trenor, por favor.



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as necesidades de atención á saúde mental desde o sistema sanitario público

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción presentouse unha emenda, numerada co número 13697, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por dona María Elena Espinosa Mangana.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Elena Espinosa Mangana, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o contido do punto 2.a) polo seguinte texto:

«a) Incorporar o vindeiro ano, nos centros de saúde de Atención Primaria, equipos completos en saúde mental que, polo menos, inclúan: psiquiatras, psicólogos clínicos e enfermeiras especialistas, que permita atención directa.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a moción, por tempo de oito minutos, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

O BNG levamos anos denunciando que a saúde mental é unha das grandes damnificadas das políticas sanitarias do Partido Popular, que, tras máis de quince anos desta última etapa do Goberno do Partido Popular, segue sen asumir a realidade, persiste en crear o seu propio relato paralelo, segue sen asumir a dramática situación, que non son estatísticas, senón que afecta miles de persoas e miles de familia. E o tema é que a situación, lonxe de mellorar, lonxe de verse algo de luz ao final do túnel, non fai máis que aumentar, e, diante desta situación, dende logo non debería caber a autocompracencia, senón un goberno que tomara medidas.

E quedou claro que o Partido Popular prefire a autocompracencia, e vímolo na interpelación que lle fixemos ao conselleiro de Sanidade no anterior pleno, no que nos dixo cousas como que están a impulsar medidas para os vindeiros catro anos enmarcadas nun novo plan. Ese mesmo día pola mañá o presidente da Xunta xa anunciara tamén ese mesmo plan. Para esa elaboración non están contando con absolutamente ninguén, non están falando cos profesionais, non están falando coas familias. Dixo, claro, o conselleiro que iso o fai a Subdirección, que creou, de Saúde Mental, eles saben o que van falar e dialogar. Iso de falar, dialogar, escoitar queda para os titulares de prensa. Logo, cando se trata da realidade, vemos que nada diso, e, claro, díxoo claramente o conselleiro: está a subdirección para facer o plan. E dixo que era unha subdirección xeral específica e, polo tanto, non fai falta practicamente nada máis, xa está esa subdirección. Que crearon 244 prazas de profesionais de saúde mental, cando a realidade é que practicamente non crearon ningunha; é dicir, o que fixeron foi estabilizar persoal, o cal nos parece moi ben, que levabamos anos



demandándolle ao Partido Popular, que votaba en contra porque dicía que non era necesario, que non había tanta precariedade como dicíamos, que non había tanta temporalidade, que eran os campións, que noutros sitios están moitísimo peor. Ben, logo resulta que quitaron aí unha lei para estabilizar, si, para estabilizar, e practicamente non crearon ningunha praza, contrataron algunha xente e nunha parte con cargo a uns plans. O que non sabemos é, cando rematen eses fondos que veñen da Unión Europea e do Estado, se ese persoal se vai manter; iso é o que queda por saber. Contestar vostedes non contestan, pero iso é o que nos queda por saber.

Dixo que avanzou en *ratios* profesionais/doentes. O que non dixo é que, aínda así, con todas esas medidas, eses teoricamente 83 millóns de euros investidos, non sabemos como non os presentan a avaliación, non sabemos realmente cantos nin onde se investiron, pero aínda así, damos por bos estes datos.

Estamos á cola do Estado, e xa non digamos da media da Unión Europea. Xa lle dixen: hai estados da Unión Europea que teñen 50 psicólogos clínicos por 100.000 habitantes, cando en Galicia temos 5,5 agora, con todas esas medidas, é dicir, nin sequera a media do Estado, pero moitísimo menos que a media da Unión Europea e a anos luz dalgún dos estados da Unión Europea.

Tamén dixo que precisaban que o Goberno do Estado acreditara máis prazas de especialidade de saúde mental. Podemos estar de acordo. O que tampouco dixo é que durante anos deixaron sen ofertar unha cantidade importantísima de prazas que estaban habilitadas e que non ofertaron, que deixaron sen ofertar. Polo tanto, non quixeron planificar cantos se ían xubilar e, polo tanto, ofertalas todas; foron deixándoas aí, nos dous-tres últimos anos si, todos os anteriores non.

Lémbrolles que o Partido Popular leva gobernando toda a vida menos tres anos e pico; ou sexa, que tempo para planificar tiveron. Lémbrolles que o plan do Partido Popular co Goberno Fraga establecía que facían falta o dobre de profesionais despois de acabar este plan, pero o Partido Popular agora vén como se para el, cando se fala de problemas, o mundo empezara onte, no Bipartito, como se o Bipartito fora onte; o mundo empezou onte e empezou co Bipartito, que, como todos sabemos, leva dezaseis, case dezaseis anos gobernando en Galiza.

Esa é a estratexia. Toda a estratexia que ten o Partido Popular é botarlle a culpa ao Bipartito e facer como que o mundo acaba de empezar e, polo tanto, non ten ningunha responsabilidade. Os problemas están aí e son de calquera menos do Goberno que ten que resolvelos, que é o Goberno do Partido Popular.

Entón, non dixo que non foron ofertando, e tampouco dixo cantas lle pediron ao ministerio que lle acreditara e que estaban habilitadas en Galiza; non nos dixo cantas lle ofertaron e o Goberno do Estado lles dixo que. Din que necesitan máis. Agora, ¿cantas puxeron á disposición coas condicións para formación? Non sabemos. Todos son misterios, todos son cuestións que merecerían contestación, pero o conselleiro dedicouse a calquera cousa menos a contestar o que lle preguntaba o BNG.



E, ben, tamén lle pedimos que trouxera a avaliación tanto do Plan de prevención do suicidio, que houbo que esperar ata o 2017 para que presentaran un, como do Plan de saúde mental, que houbo que esperar ao 2020 para que presentaran un; unha avaliación de como estaba resultando; dixeron que non; os plans, ata que rematan, non se avalían. Todo o mundo sabe que iso é así, ata calquera estudante sabe que hai unha cousa que se chama avaliación continua en ensino, pero que iso vale para calquera outra cousa, e sobre todo vale para ir vendo se o que estás facendo o estás facendo ben ou o estás facendo mal. Pero non, ata que se remate todo, aquí non se avalía nada.

Permítanme este ton así un pouco de brincadeira, porque o tema é tan serio, é tan serio que causa estupor ver o desleixo e a autocompracencia do Partido Popular diante destas cuestións. E, claro, din no meu pobo que se colle antes un mentireiro que un coxo, e, efectivamente, van facer un plan, van incorporar psicólogos clínicos, empezando polo prometido polo presidente da Xunta e seguindo polo conselleiro. Claro, pero é que resulta que o sábado entregaron os orzamentos da Xunta para o ano 2025 aquí no Parlamento e ¿con que nos topamos? ¡Ah!, que todo iso xa se fará así, sen recursos, porque neses orzamentos, nese Anteproxecto de lei de orzamentos para o ano 2025 aparecen 700.000 euros para ese Plan de saúde mental poscovid 2020-2024, teoricamente remata este ano, pero aparecen aí 700.000 euros, non sabemos moito para que é; para a prevención do suicidio, 463.000; e logo partidas para botarlles ao lombo a asociacións, para que as asociacións se fagan cargo de cuestións de inserción, de tratamento, de seguimento. Iso é todo o que hai no orzamento para a saúde mental.

Entón, estamos máis que lonxe de acadar os obxectivos mínimos de protección á saúde mental, e por iso son necesarias medidas, e por iso o BNG trae aquí unha proposta de mínimos. E a primeira é un informe, ou sexa, ter información. E supoño que o Partido Popular votará en contra de ter información, co cal a pregunta é: ¿a que lle temen que coñezamos a información se o están facendo tan ben? Esa é a pregunta.

Entón, pedimos que se faga un informe da situación da saúde mental, porque dixo o conselleiro que tiña que facer un novo plan para ir vendo cal era a situación, cales eran as novas tipoloxías. ¡Ah!, pero resulta que non sabemos para cando será. Entón, nós pedimos que se nos diga cal é a situación, a situación epidemiolóxica, cales son as características das persoas suicidas, as listas de espera, a *ratio* de profesionais, é dicir, ter a información, non ter que nós andar buscando por aí, que se poña negro sobre branco, para saber cal é a situación.

O desenvolvemento do Plan de saúde mental e de prevención do suicidio, que se concrete cando e de que forma se van incorporar os psicólogos clínicos á atención primaria. Realizar unha auditoría para determinar cales son as condicións de atención residencial a esas persoas con problemas de saúde mental que teñen metidas nas residencias de maiores. E incluílos nos orzamentos da Xunta para o ano 2025. Isto poñémolo antes de coñecer os orzamentos; agora é máis necesario aínda.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora PRADO CORES: Incorporar os psicólogos clínicos aos centros de saúde, para crear unha unidade de hospitalización infantoxuvenil en cada área sanitaria, porque neste mo-



mento soamente hai en Vigo e en Santiago, 12 prazas en Santiago e en Vigo aínda non chegan a esas, para toda Galiza.

Posta en marcha da Unidade de Psicoxeriatría en Ourense. Incorporar a perspectiva de xénero, porque o dopado, o que teñen a poboación, especialmente as mulleres, é brutal. Hai que rematar con esa situación ou presentar un informe sobre cal é a situación das *ratios* de profesionais para ver canto necesitamos formar para que esta non sexa a situación. Parécenos cousas de mínimos.

Agardo que o Partido Popular máis unha vez teña un pouco de sentido común e apoie estas medidas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Espinosa Mangana.

A señora ESPINOSA MANGANA: Presidenta, deputadas, deputados, boa tarde.

O 51,4 por cento dos adolescentes afectados por problemas de saúde non piden axuda. A vida cunha enfermidade mental: non somos nin tolos nin violentos, non durmía máis de dúas horas, tiña apatía, falta de atención e non quería estar con ninguén, con 22 anos a esquizofrenia paranoide daba un envorco á súa vida. Claves para visualizar, entender e previr o suicidio adolescente e xuvenil. A xente apártase e non che fala pola enfermidade mental. Antidepressivos para sempre, cando a pastilla eternízase. As galegas reciben un 50 por cento máis de fármacos antidepressivos que os homes. As baixas por saúde mental dispáranse un 10 por cento en seis meses. Os suicidios alcanzan a súa cifra máis alta e suman 600 nunha década. Familias de nenos con patoloxía mental reclaman máis medios na área de Vigo. Reclaman dotar os centros de saúde de psicólogos. Vigo, onde houbo máis suicidios en Galicia no ano 2023. Inquietude médica polo impacto dos problemas nos mozos. Só un de catro suicidas recibía atención mental. Os pediatras solicitan un plan que axude a previr os suicidios.

Señorías, estes son algúns dos titulares de información publicada nos últimos quince días nos medios de comunicación escrita de Galicia, e quero insistir: son só algúns dos titulares. Por iso poderíamos dicir que a saúde mental está á orde do día. E é certo que a saúde mental é un problema ao que se lle empeza a dar visibilidade, pero tamén é certo que estes titulares chegan aos medios de comunicación porque a atención á saúde mental por parte da Xunta de Galicia, do Partido Popular, foi e é moi deficiente, por non dicir desastrosa.

A nosa saúde mental determina directamente a nosa forma de pensar, de actuar, de sentir. Por iso é tan importante recorrer a un especialista e dispoñer das ferramentas necesarias para previr e tratar os distintos trastornos. Pero ¿que sucede se para acudir a un especialista temos máis de cen días de espera? Ninguén é alleo a que Galicia se atopa á cola das comunidades autónomas de España en canto ao cociente de profesionais por habitante nas categorías de psicoloxía clínica, psiquiatría ou enfermería especializada en saúde mental. E neste



escenario temos un grave problema de recursos humanos que afecta as persoas que teñen algún problema de saúde mental, e aféctalles de maneira grave.

E imos pór un exemplo moi claro con datos. Segundo os datos publicados polo propio Sergas, en Vigo, a finais do ano pasado, do ano 2023, había 3.171 persoas esperando unha primeira valoración de saúde mental, pero, o que é máis grave, eran 1.000 persoas máis que o ano anterior, e, con toda seguridade, hoxe tamén serán máis. Ou podemos engadir que o acceso a primeira consulta no Servizo de Psiquiatría de Vigo alcanza o peor resultado dos últimos anos, cunha demora de case catro meses para poder ser atendido. A finais do ano pasado, a espera media estaba en 113 días, máis do dobre da que tiñamos hai un ano, que eran 70 días. Quixen pór o exemplo da área sanitaria de Vigo, pero calquera outra área sanitaria de Galicia revelaríanos o problema específico que temos.

Os psicólogos quéixanse de que o número de profesionais non chega, que non chega á metade dos recomendados e que nalgunha área sanitaria hai que esperar ata nove meses entre consulta e consulta para acudir a consulta do psicólogo. Os especialistas están desbordados pola demanda e esta infradotación de persoal tradúcese en tempos inasumibles, e isto si que é un vento a favor da cronificación e do agravamento dos trastornos mentais. De aí a nosa emenda ao punto 2.a), porque non queremos que os psicólogos clínicos nos centros de saúde poidan chegar en detrimento doutros profesionais. Si queremos psicólogos, pero que non resten ningún outro profesional, e este é o motivo polo que falamos de equipos completos.

E, fronte á falta de médicos por unha desidia da Xunta de Galicia, atopámonos con que os últimos datos dispoñibles sinalan Galicia como a segunda comunidade autónoma onde máis crece a porcentaxe de diagnosticados con trastornos mentais. E isto lévanos a que o número de especialistas debería crecer polo menos nesa mesma porcentaxe; e isto non é así. Pero lévanos tamén a outra triste realidade: que Galicia é líder no recurso a antidepressivos, cuxo consumo segue sen tocar teito tras subir o 52 por cento nunha década.

No tempo transcorrido desta lexislatura creo que é a terceira vez que se debate sobre saúde mental, e isto mostra a preocupación da situación. Con todo, por parte da Xunta de Galicia non vimos máis avance que a simple modificación dun organigrama, coa creación dunha subdirección xeral.

E, se falásemos de saúde infantoxuvenil, os datos son realmente preocupantes. Os problemas de saúde mental en nenos e adolescentes aumentan de forma exponencial, con graves consecuencias para os nenos, para as súas familias, e eu diría coas graves consecuencias que conleva.

Pero tamén Galicia segue un rumbo errático no deseño do sistema asistencial de saúde mental, e non é a primeira vez que o sinalamos, e, aínda que non dá tempo a entrar en profundidade neste aspecto, si sabemos que impacta de forma preocupante nas idades infantoxuvenís, pola carencia de camas de hospitalización en situacións agudas.

Finalizo xa dicindo que apoiaremos esta iniciativa, pedindo que poidan ter en conta a nosa emenda, que creo que enriquece, e é intentar que non nos fagan trampas en solitario, e fi-



nalizo rematando que á falta de recursos humanos se suma a falta dun modelo claro en saúde mental por parte da Xunta de Galicia. E xa non vale que a Xunta diga que van seguir traballando ou que van seguir avanzando, necesítanse compromisos certos e que Xunta de Galicia teña a saúde mental na súa axenda, pero de verdade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do grupo Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Boas tardes.

Imos ver, está claro que a saúde mental, que as psicopatoloxías van ser un problema, se non o están sendo xa, que seguramente xa o están sendo, a medio e a curto prazo que vai haber que abordar desde o ámbito sanitario sen ningunha dúbida.

Está claro que os contornos sociais nos que nos movemos e cara a onde van evolucionando cada vez non son os máis axeitados, os mellores, para que un rapaz, un adolescente sobre todo —xa que se está centralizando o tema fundamentalmente nesas primeiras épocas da vida—, teña un desenvolvemento san psiquicamente, realizador etc.

Empezamos xa cos rapaces pequenos, que non teñen practicamente espazos onde xogar, espazos suficientes para xogar nas cidades. O outro día chamábame a atención unha noticia que me fixo reflexionar un pouco, que era —non sei en que colexio— que os recreos estaban intervidos polos profesores, ou sexa, que os rapaces xogaban baixo a dirección dos profesores, unha cousa que me chamou moito a atención, porque, tal e como nolo explicou o famoso Huizinga naquel delicioso libro *Homo ludens*, o rapaz debe xogar libremente, ¡home!, supervisado por un adulto, de xeito que non pelexen ou tal, pero non que lles dirixa o xogo aos rapaces; que os chavales non poidan xogar de forma libre é algo que a min realmente me parece digno de análise.

Despois, pois, efectivamente, moitos rapaces viven en familias desestruturadas, polos cambios de modelos familiares e sociais que fomentan conflitos nas propias familias e os rapaces ás veces non están preparados para xestionar esa clase de cousas.

O individualismo progresivo entre os rapaces, que tanto necesitan por bioloxía a integración social, a interacción cos outros nenos. Cando se lles compra un móbil, empezan a illarse do contorno e a recibir estímulos das pantallas dopaminérxicas que non saben procesar. Está habendo moitos problemas tamén —segundo din— de insomnio, porque o uso progresivo de pantallas fai que os rapaces e os adolescentes de xeito crónico padezan insomnio ou mala calidade do sono, e iso, loxicamente, deixa algunha traza na súa saúde psíquica; etc., etc., etc.

Son moitas cousas que progresivamente se van xuntando, e calquera de nós pode pensar que os rapaces e os adolescentes non teñen defensas psicolóxicas, non teñen mecanismos



de defensa; xa aos adultos lles custa ás veces defenderse deses ataques; e por iso, efectivamente, a automedicación mediante eses produtos farmacéuticos contra a ansiedade e contra outras patoloxías psíquicas.

Pero, efectivamente, dáse unha falta de sentido que moitas veces teñen os adolescentes, que están na busca da súa identidade, por falta de referencias sociais ou por referencias negativas, porque non hai que olvidar que hai intereses comerciais e intereses empresariais en que a xente non acade un equilibrio psíquico e unha saúde psíquica, hai intereses en determinados sectores comerciais aos que lles interesan as condutas compulsivas, os reflexos pavlovianos de consumo, etc., etc. E, entón, claro, o Estado, as administracións sanitarias terán que ter en conta iso, polo menos na idea central de que as autoridades sanitarias —que neste caso compete á Xunta de Galicia— deben tomar en serio a saúde psíquica, que ao mellor no futuro ten incluso máis importancia que a psíquica. Hai un escritor, aquel que escribiu *Gérmenes, armas* e non sei que, aquel famoso Diamond, creo que era, que dicía que na sociedade actual o problema non é contaxiarse dos virus, o problema é contaxiarse dos malos costumes, que son os que causan eses problemas de saúde psíquica a medio e a longo prazo.

Apoiaremos a proposta. Grazas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos.

Hoxe imos debater aquí unha moción sobre saúde mental, que é resultado da interpelación que hai quince días lle fixo a señora Prado ao conselleiro de Sanidade e na que o señor Caaño deu conta de maneira exhaustiva, con datos fiables, con medidas obxectivas, do moito que se ten feito e do que se ten mellorado nos últimos anos neste ámbito coas políticas promovidas polo Partido Popular e a ambición que representa ese Plan de saúde mental en marcha que xa estamos desenvolvendo.

Pero, antes de entrar no fondo do asunto, véxome na obriga de matizar o relato do Bloque Nacionalista Galego, ese Bloque Nacionalista Galego que se erixe como defensor da sanidade pública e dos seus profesionais pero que en realidade só busca unha escusa para confrontar co Partido Popular.

Señora Prado, xa non é que nos falte ao respecto aos militantes do Partido Popular, que estamos afeitos a escoitar os seus insultos, por exemplo, como cando nos tratou publicamente de psicópatas. É que, señoría, agora vostede tamén lles falta ao respecto aos galegos, ás mulleres e ás e aos profesionais sanitarios. ¿Vostede é consciente de que case o 80 por cento da plantilla do Servizo Galego de Saúde está composta por mulleres e que entre os médicos as mulleres representamos o 59 por cento? Vostede dixo no seu relato —e despois repetiuno por se non lle quedaba claro a alguén— que, se un home entra nunha consulta cunha sin-



tomatoloxía similar á dunha muller, o home sae cunha batería de peticións de probas complementarias para chegar a un diagnóstico e a muller sae con ansiolíticos. E dío e ¿é consciente da acusación? Vostede non é consciente desa acusación, non é consciente da falta de respecto que vostede ten cos profesionais, que deixan a pel cada día na intención de que eses pacientes saian con diagnóstico e co tratamento máis axeitado de esa consulta. (*Aplausos.*) Señoría, a ética dos profesionais non se pode poñer en dúbida, e menos por parte dunha representante do pobo. Vostedes teñen unha médica na súa bancada e eu mesma tamén son médica. ¿E vostede pensa, cre realmente que nós tratamos de maneira diferente un home ou unha muller cando entra na consulta? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señora Rodil, non está no debate. (*Murmurios.*)

Señora Prado, estamos falando de saúde, a situación que nos fai máis vulnerables na vida, calquera patoloxía, calquera por mínima que sexa, e máis cando se trata de saúde mental. Eu espero que rectifique, e xa non sei que pensar. Mire, non sei se entende vostede moito en temas de saúde ou se directamente a mala fe está presente nas súas verbas. Pero, mire, repito o que vostede dixo aquí no debate este. Hai que ter moi pouca vergonza para facer estas afirmacións, e agardo que vostede sexa quen de rectificar no segundo turno.

Tamén outra frase que dixo, no caso de que eses 200 profesionais —referíndose a profesionais dos plans de saúde mental— estean todos facendo o que din vostedes que están facendo, señoría, nós confiamos no bo facer dos profesionais. ¿Sabe vostede que fan os médicos e as médicas do Servizo Galego de Saúde? Traballar, iso é o que fan, traballar e resolver problemas de saúde.

Eu, persoalmente, dígolle que penso que a vostedes, ao Bloque Nacionalista Galego, o que lles importa a saúde dos galegos é pouco ou nada; no único que son especialistas é en alporizar a xente, en terxiversar informacións e en enredar, e xerar problemas alí onde non os hai.

Señorías, o compromiso que a Xunta de Galicia e os gobernos do Partido Popular teñen coa saúde mental quedou patente xa hai anos, cando no ano 2017 se implementou o Plan de prevención de suicidio en Galicia; aínda que lles molesta recoñecelo, foi o primeiro plan autonómico implantado en España; nel incorporáronse trinta e sete medidas, en sete liñas estratéxicas. E, posteriormente, no ano 2020 aprobouse o Plan de saúde mental 2020-2024, que converteu novamente Galicia nunha comunidade autónoma pioneira por definir unha folla de ruta tan ambiciosa na saúde mental, logo de que a pandemia evidenciara a súa necesidade; un plan que segue vixente no día de hoxe, do cal se dará conta cando remate, e, en base a esa análise, redactarase o próximo Plan de saúde mental, de maneira máis ambiciosa e axeitada á realidade da saúde mental galega.

E nesta lexislatura, sobre esa pouca importancia que din vostedes que lle dá este goberno á saúde mental, creou unha Subdirección de Saúde Mental, para dedicarse única e exclusivamente a temas de saúde mental. Datos que puxo de manifesto xa o conselleiro.

Piden concreción no tema dos psicólogos clínicos; xa foi concretado, non deberon de estar moi atentos ou non leron as contestacións, ou, o que é máis grave —e parece o máis posi-



ble—, é que se podería extraer da conclusión, á vista da parte resolutiva desta moción que hoxe presentan, que xa a tiñan preparada, independentemente do que respondera aquí o conselleiro.

Eu voulle repetir textualmente palabras do conselleiro en canto a isto. Dixo: como se comprometeu no programa electoral, no posible no futuro Plan de saúde mental incorporaremos psicólogos clínicos nos centros de saúde, dependentes dos servizos de psiquiatría, un plan que incluírá, polo tanto, a formación dunha rede de asistencia psicolóxica en atención primaria, que dependerá dos servizos de psiquiatría das áreas sanitarias, e que estará coordinada por profesionais de psicoloxía clínica, e isto achegará a saúde mental á poboación, mellorando o acceso aos pacientes pola proximidade dos servizos.

Señorías, as unidades de hospitalización infantoxuvenil están creadas: Santiago de Compostela, para o norte de Galicia, e Vigo, para atender os usuarios do sur de Galicia. Constantemente se analiza desde a consellería a necesidade de persoal —tamén o transmitiu o conselleiro—, o aumento das *ratios*, o aumento de persoal, ata duplicar os profesionais diarios en saúde mental con respecto ao 2009. Incrementouse a oferta de formación sanitaria especializada, ata acadar o cen por cento de todas as prazas acreditadas MIR. Con respecto ao Bipartito, dobráronse os psicólogos clínicos formados e multiplicáronse por dez as prazas de formación de enfermería en saúde mental.

Sabemos que necesitamos máis, efectivamente, claro que sabemos que necesitamos máis, e sabemos onde está a solución. E ten valor, señora Espinosa, dicir que a falta de médicos é responsabilidade da Xunta. Vostedes sabe, ¡eh!, porque o debatemos aquí máis veces, porque nos meses que leva xa se debateu, que esa responsabilidade é do Goberno central, que non lle fai pouco ou nada de caso, que cambia de ministros de sanidade cada vez que cambia o tempo case, seis ministros en seis anos. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¡Silencio!

A señora AMIGO DÍAZ: Esas solucións que sabemos non sabemos onde están, pero aí desde logo non os atopamos a vostedes. Vostedes, que sempre falan de transparencia, ¿por que non lles explican aos galegos que dixeron «non» a unhas medidas que propuxo o Goberno da Xunta do Partido Popular para contribuír a ofrecer unha mellor atención sanitaria aos galegos? Ata dúas veces, en dúas ocasións, tanto o Partido Socialista como o Bloque se negaron a que se puideran cubrir esas prazas. Pero, afortunadamente, Galicia conta cun goberno serio, que non depende de ninguén máis que de si mesmo, e pensa no pobo galego, e esa maioría, que xa por quinta vez lle outorgou o pobo ao Partido Popular, fixo posible que desde a Consellería de Sanidade se ofertaran 175 prazas de difícil cobertura para a saúde mental, que, se fose polo seu voto, tanto polo Partido Socialista como polo Bloque, esas prazas hoxe non existirían. E esta é a realidade.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora AMIGO DÍAZ: Remato xa.



Desde logo, co apoio do BNG ou sen el, co apoio das forzas da oposición ou sen a súa axuda, Galicia vai seguir facendo un esforzo sen precedentes por protexer, por previr e por favorecer a saúde mental dos nosos cidadáns, porque é un tema que nos importa e que nos interesa e no que o Goberno galego está plenamente comprometido. Con ou sen o seu apoio —remato xa—, seguiremos sendo pioneiros en medidas, reforzos de persoal e iniciativas en canto á saúde mental.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche, señora Prado. Tres minutos.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Señora deputada do Partido Popular, di aquel refrán que non insulta quen quere, senón quen pode. Nin vostede nin o Partido Popular liña Ayuso-Tellado-Pazos, co seu ventilador, non poden... (*Murmurios.*) Non, vostedes cren que poden vir aquí insultar, dicirse cousas que non se dixeron para desviarnos do tema. ¡Alá vostedes!, (*Aplausos.*) ¡alá vostedes! Eu, nin unha palabra máis.

Mire, que unha señora deputada, que ademais é médica, paréceme moi ben... Dixo o señor Ojea pola mañá: para saber as cousas que fan falta ou tal, non hai por que ser médico, e estamos falando de recursos. (*Murmurios.*) Si home si, si, efectivamente.

Pero mire, vostedes xa negaron aquí a existencia de nesgos de xénero, negaron aquí as veces que trouxo o BNG este tema, a existencia de nesgos de xénero, recoñecidos por toda a literatura científica que existe. (*Aplausos.*) E ela vén presumindo de que «*ella sabe de esto.*» Pois lea un pouquiño máis, perdoe, lea un pouquiño máis, ¡eh!

E, ademais, mire, un caso práctico. En Santiago, no CHUS, crearon unha unidade de cardiología específica para mulleres, para corraxir ese nesgo de xénero, e no tema, se estivese atenta na interpelación da semana pasada, fixo referencia a un informe que se acaba de elaborar do País Vasco coas universidades onde se di que temos as mulleres o 50 por cento máis de medicación, de ansiolíticos e demais. (*Aplausos.*) Dino todos os informes, sempre que se queira facer informes, e como resulta que o Partido Popular non quere facer informes, non quere analizar a realidade, porque así poden vir aquí e dicir o que lles pete, ¿entende? E, como o falar non ten cancelas, pois aí queda. Vostedes digan o que lles pete. Pero esa é a realidade, e vostedes soamente saben negar a realidade.

E falaba a deputada de ambición do plan, un plan que —volvo repetir— non chega nin á metade que no ano 1997 o Goberno Fraga establecía para aquel momento; non houbo a crise de 2008, non houbo a pandemia, non houbo unha crise actual, e non estamos nin na metade. Iso é a ambición, e chámalle ambición, pero como aquí a tribuna aguanta todo, pois chámalle ambición a estar á cola da cola da cola. Pero ben, cada un usa as palabras como quere, pero esta é a realidade.



Eu, polo tanto, miren, a realidade de miles de galegos e galegas é tan dramática que non se soluciona cun plan que non pasa do papel, non se soluciona non poñendo orzamentos para a saúde mental nos orzamentos da Xunta, e convídoos a que me digan onde están os millóns de euros para o Plan de saúde mental, para as actuacións que van facer para o ano que vén, non para o futuro, senón que os problemas están en tempo real, e vostedes nos orzamentos para o ano que vén non teñen partidas para abordar os problemas da saúde mental. Non hai cronograma, non sabemos cando, non sabemos de que xeito.

E presumiu vostede aquí do tema de infantojuvenil: 20 prazas para todo o país. ¿Vostede cre que é para sacar peito? Unha das medidas que hoxe pedimos é dotar as unidades infantojuvenís...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...de unidade docente, porque mire, a unidade de saúde maternoinfantil de Vigo leva sen profesores desde o inicio do curso, e os de psiquiatría e oncoloxía presencial nos domicilios non teñen profesorado. E esa é unha das cousas que pide aquí o BNG, que haxa profesorado. ¿Que vai facer o Partido Popular? Votar en contra, como fan sempre, negar a realidade e logo dicir o que lles peta. Pero detrás da súa realidade está o que sofren os galegos e as galegas.

E eu quero agradecerlle —e descúlpeme, presidenta— ao Grupo Mixto que vote a favor, e ao Partido Socialista tamén, e se quere a emenda de adición, porque nós cando falamos de psicólogos clínicos son equipos multidisciplinares de atención primaria. O que fai o Partido Popular é...

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¿Aceptaríaa como unha emenda de adición?

A señora PRADO CORES: ...de adición, onde se incorporen os psicólogos clínicos no orzamento do ano que vén, e na presente lexislatura ir incorporando as prazas de psiquiatría e enfermería especialista en saúde mental.

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¿Está propoñendo unha transacción ou está propoñendo unha emenda de adición?

A señora PRADO CORES: Estoulle propoñendo unha transacción. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Vale, pois entón falemos con propiedade.

Procedemos ás votacións, e rogo que pechen as portas.

Empezamos a votación das mocións. En primeiro lugar, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Presas Bergantiños.

¿Aceptou a emenda do Partido Socialista? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Está de acordo o Partido Socialista? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón, propoñemos o texto íntegro co punto 5 do Partido Socialista.



Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a evolución en Galicia do problema da violencia de xénero e da violencia sexual.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Procedemos a votar a seguinte iniciativa, neste caso do Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa de don Armando Ojea Bouzo.

O señor Ojea non aceptou a emenda do Bloque Nacionalista Galego

Votamos.

Votación da Moción do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Armando Ojea Bouzo, sobre as políticas de mellora da calidade de vida urbana coa recuperación das zonas verdes e a renaturalización das cidades.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Imos votar a última moción, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores.

E como acabamos de escoitar o debate e vin en tempo real que propoñía unha transacción, non sei se esta é aceptada ou non. Acéptaa o Partido Socialista. Non sei se os grupos coñecen a literalidade do acordo; entendo que, se estiveron atentos, si. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vale.

Procedemos entón á votación.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores, sobre as necesidades de atención á saúde mental desde o sistema sanitario público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 36.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos substanciando a orde do día, e hai unha alteración da mesma, consistente en tramitar as preguntas de maneira conxunta, a número 13292 e a 13293, que se acumulan para efectos de debate. Son as preguntas ao Goberno que citei, de dona Sonia Vidal Lamas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e de dona Lara Méndez López e dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Pregunta de D^a Sonia Vidal Lamas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do sector agrogandeiro, especialmente no que atinxe á recollida da pataca e do millo forraxeiro, despois dos efectos da borrasca *Kirk*

Pregunta de D^a Lara Méndez López e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o eventual desenvolvemento dun plan de axudas directas ao sector agrario co obxectivo de compensar as perdas ocasionadas pola borrasca *Kirk*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Van intervir, por esta orde, primeiro, a deputada do Bloque Nacionalista Galego, e despois a deputada do Partido Socialista, por tempo de tres minutos, e dará contestación conxunta a conselleira, por tempo de seis minutos.

Ten a palabra dona Sonia Vidal.

A señora VIDAL LAMAS: Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Bo día, señora conselleira.

Nas últimas semanas Galiza viviu un novo episodio de temporal de ventos e chuvias intensas que deixaron o noso sector agrario ao bordo do colapso. Unha vez máis as condicións meteorolóxicas adversas demostran unha vulnerabilidade dun sector esencial para a nosa economía e a nosa agricultura, pero que segue a estar abandonado e desprezado polo Goberno da Xunta de Galiza. As consecuencias deste último temporal foron devastadoras: colleitas destruídas, prados alagados, danos estruturais en explotacións e infraestruturas, perdas económicas incalculables para centos de familias que viven directamente da terra, directamente da recollida da castaña, da faba, do millo forraxeiro, do millo en gran, da pataca, alimentación do gando en perigo, e fortes subas de custos que vai ter que afrontar, tanto de alimentación animal como das avarías da maquinaria, por forzar unha situación crítica.

A forza das chuvias e o vento levou por diante meses de traballo, sacrificio e investimento, afondando na precariedade dun sector que xa estaba en crise, afectado por prezos baixos e



a falta de apoio institucional e políticas que favorecen a desaparición progresiva das pequenas e medianas explotacións.

O Goberno da Xunta non pode continuar ollando para outro lado mentres as familias agrarias ven como as súas explotacións se afunden sen ningún tipo de axuda ou apoio real. A falta dunha planificación axeitada antes estes eventos climáticos extremos e o abandono da Galicia rural son síntomas dun modelo de gobernanza que prima os intereses doutros sectores e non os de quen traballa e vive no rural alimentando a poboación.

¿E que está facendo a Xunta para protexer os nosos agricultores e gandeiros? ¿Cales son as medidas urxentes que van adoptar para paliar os danos que este temporal deixou no campo galego? Vimos de escoitar promesas baleiras e anuncios de axudas que nunca chegan a tempo, mentres o sector afonda na desesperación, como foi coa EHE, dando axudas unicamente ás mortes, porque era o que menos gasto lle supuña. Reclamamos accións inmediatas e contundentes. Necesitamos un plan de emerxencia para o sector agrario, medidas preventivas ante futuros temporais. É inadmisibile que, ano tras ano, os temporais sigan arruinando o traballo de miles de familias, sen que a Xunta asuma a súa responsabilidade nin se tomen medidas estruturais para protexer un dos piares máis importantes da nosa economía. Se o Goberno da Xunta non está disposto a actuar, estará sentenciando o noso sector agrario e miles de galegos e galegas a un futuro sen oportunidades no rural. O tempo de promesas e desculpas rematou; agora exiximos respostas claras e solucións efectivas para quen mantén viva a nosa terra co seu esforzo diario. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Señora Méndez, tres minutos.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta.

Moi boa tarde, señorías.

Conselleira.

O pasado 9 de outubro tiñamos esa inclemencia climatolóxica, o *Kirk*, e nós evidentemente desta situación non responsabilizamos o Partido Popular, pero si o Partido Popular, a través da Xunta, ten as competencias para poñerlle solución a esta situación, nada novidoso polos efectos do cambio climático e pouca previsión por parte da Xunta para intentar paliar estes efectos.

O noso portavoz, o 12 do mes en curso, xa facía unha primeira valoración sobre esta situación, dando datos e poñendo de relevo a importancia de que se tomen medidas urxentes para paliar situacións como lle puido acontecer ao millo forraxeiro, onde hai 73.000 hectáreas sementadas e das cales o 60 por cento foron afectadas.

Outro dato curioso respecto disto é que que teñan cobertura de seguro só hai 3.783 hectáreas, o que pon tamén de manifesto a vulnerabilidade do sector tamén neste eido pola dificultade



tamén de poder incluso asegurar, a pesar ás veces da vontade, as súas propias colleitas. E afectaba —como dicía— o 60 por cento, e estímase só no millo en 65,5 millóns de euros as perdas. Evidentemente, o escaso millo sementado pois non alcanza nin o punto óptimo e isto vai producir que os custos da compra de insumos se eleve. Polo tanto, novamente volvemos estar nunha situación precaria onde non se cobren os custos de produción, como en moitos outros sectores dos que xa temos falado aquí en distintas ocasións.

Pero podemos falar da pataca na zona da Limia, que xa viña sufrindo asolagamentos, que impedían ademais a recollida do 90 por cento da produción; isto estímase nuns 120 millóns de quilos, e están estimadas as perdas en 38 millóns de euros. Se falamos do xirasol, que ademais é outra forraxe que complementa tamén o millo, dándolle tamén calidade pois ás propias forraxes, que estaría afectado máis na zona centro de Galicia, na zona centro de Lugo, estamos a falar de 2.000 hectáreas e o 60 por cento delas víronse afectadas. Se falamos da castaña, estas perdas chegan ao 80 por cento da produción, e os custos estimados en 15 millóns de euros. Podemos falar da oliva tamén, cunha caída do froito do 30 por cento da súa produción; e máis que estarán por caer, porque non só son as que caeron nese día, senón que quedaron moitas plantas tocadas e ramas arrancadas e, polo tanto, volverá seguir aumentando esta produción de perdas. E no caso disto que acabo de comentar nas oliveiras, tamén é extrapolable aos castiñeiros; quedan esas árbores tocadas e, polo tanto, terán danos a medio prazo. Podemos seguir falando da mazá, con 350.000 quilos de perda e cunha estimación de 125.000 euros. Ou no caso da horta, que se dificulta tamén moito a súa cuantificación, como pode ser tamén o caso da faba...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...que en maior ou menor medida sufriron danos.

Polo tanto, ¿que ten previsto facer a Xunta de Galicia? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlles resposta, ten a palabra a señora conselleira de Medio Rural, dona María José Gómez.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Quero dicirlles, antes de nada, que comparto con vostedes a preocupación pola que está a pasar o sector agrogandeiro, pero tamén quero puntualizar que o veño facendo dende sempre, non só en momentos concretos, á diferenza doutros que só se lembran de Santa Bárbara cando trona.

Somos conscientes de que cada vez son máis comúns os fenómenos meteorolóxicos e os cambios no comportamento do tempo. Hai unhas semanas o temporal Kirk, pero antes deste foron outros episodios semellantes ou peores, non é nada novo para este sector; sobre todo



sabémolo os que vivimos preto del. Por iso, dende a Xunta de Galicia traballamos arreo buscando as mellores solucións, non só en momentos puntuais, empurrados polos titulares que saian na prensa.

Ao longo das últimas semanas vimos desenvolvendo diferentes sesións de traballo, moitas delas con representantes dos sectores máis afectados: con sindicatos, asociacións agrogandeiras e cooperativas. Hoxe mesmo veño de reunirme cos representantes de Aira, de gandeiros, para avaliar a contía das perdas da maneira máis precisa posible, porque non se pode xogar cos datos nin soltalos alegremente. As campañas non son boas ou malas ata que se remata colleita e os gandeiros sábeno ben, e por iso están a traballar, por exemplo, no día de hoxe a recoller esa colleita que aínda está nas leiras en moitos dos casos. Unha vez obtidos os resultados, tomaremos as medidas máis axeitadas, non lles caiba dúbida de que actuaremos, e farémolo con medidas directas e indirectas e con todas as que teñamos ao noso alcance, como fixemos sempre dende a Xunta de Galicia, pero, sobre todo, con seriedade e rigor. *(Aplausos.)*

Porque as promesas teñen que ser máis que promesas e hai que cumprilas; non vaia pasar como no caso do volcán da Palma, que os afectados non paran de reclamarlle ao Estado eses millóns que se lles prometeron para o ano 2024 e que aínda non chegaron os comprometidos polo Goberno dos compañeiros da señora Méndez.

Miren, o Goberno da Xunta de Galicia está apostando por unha política que incentiva a contratación dos seguros agrarios, que son a única garantía real en casos coma estes. Pensamos que, se hai unha medida efectiva para loitar contra os desastres climáticos, é esta. Neste sentido, a Consellería do Medio Rural destinou este ano un total de 8,5 millóns de euros para fomentar a súa contratación, cunha liña de axudas que posibilitaba cubrir ata un máximo do 75 por cento do custo das pólizas. Xa lles avanzo que para o ano que vén achegaremos máis fondos.

Galicia acaba de converterse nunha das primeiras comunidades autónomas en presentar os orzamentos do ano 2025, unhas contas que contemplan incrementos e que, doutra banda, ofrecen seguridade ás persoas e estabilidade ás empresas. A disposición de orzamentos dá conta da seriedade deste goberno da Xunta de Galicia; e iso, señorías, tamén é unha moi boa maneira de axudar, ofrecendo as condicións de estabilidade que necesita o sector primario, tan sensible a calquera variable meteorolóxica, e isto é impredecible.

De feito, señorías, a acción do Goberno non pode cingirse a unha interpretación a posteriori e catastrofista d' *O mentireiro verdadeiro*, temos que cingirnos aos datos, e para iso aínda falta un pouco. Teñan seguro que traballaremos con toda a seriedade que caracteriza o Goberno de Galicia para cingirnos á realidade e non dar datos alegremente nin facer augurios negativos que pouco ou nada benefician o sector agrogandeiro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, señora Vidal.



A señora VIDAL LAMAS: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, a súa resposta é totalmente inadmisíbel e revela un total descoñecemento da realidade que viven as labregas e labregos deste país, porque a campaña non acaba cando remata a colleita, porque é que xa non poden entrar nas leiras, ¡non poden entrar nas leiras! (*Aplausos.*)

E os orzamentos que vostede, como primeira comunidade, presenta ¿quere que lle diga cales son os orzamentos para estas situacións? Unha baixada total, un incremento dun 2,3 por cento, fronte ás outras consellerías, que teñen un 5 por cento de subida. E para estas situacións hai uns fondos específicos dentro dunhas partidas para actuacións e valorización do medio rural nos que este importe diminúe ante o 2024. Esa é a responsabilidade que vostede ten coas labregas e labregos deste país.

Nós reclamamos accións inmediatas e contundentes. Necesitamos un plan de emerxencia para o sector agrario, medidas preventivas ante futuros temporais. É inadmisíbel que, ano tras ano, os temporais sigan arruinando o traballo de miles de gandeiras. A realidade é que centos de familias perderon todo o seu traballo en investimento debido a este temporal. E vostede pretende saír ao paso cunha resposta baleira que non ofrece ningunha solución real, facendo de comercial dos seguros, como unha solución aos problemas derivados dun temporal devastador. É un insulto á intelixencia e á dignidade das persoas que traballan a terra. Non é asumir as responsabilidades. O que fai falla son axudas directas inmediatas suficientes para todos os afectados. Non máis excusas, non máis respostas irresponsables, queremos solucións reais para quen alimenta o noso país. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Mire, conselleira, os datos non son meus, son do sector, e a estimación que realiza o sector é de 120 millóns de euros, (*Aplausos.*) sen cuantificar outros danos como cubertas, edificación, canalizacións e pistas, que tamén encarecen os custos de produción.

É certo: a colleita está nas leiras, pero estache no chan e non serve despois para o seu consumo, nin para animais nin para vendas, señora conselleira.

E poden vostedes tapar os oídos, pechar os ollos, porque o problema vai seguir estando aí. Poden deixar pasar o tempo, así modelo Mariano Rajoy —M. Rajoy—, e o que están a facer, señora conselleira, é provocar a morte inducida do rural. Isto é o que está a facer a súa consellería e o Partido Popular ante o sector rural. E, se non, pregúntelle a Sabino Domingo, un gandeiro, que saía hai pouco dicindo que estaba abocado ao peche por perder 40 hectáreas de produción; e, como Sabino, señora conselleira, hai moitos afectados.

Polo tanto, a pregunta é ben sinxela, incluso lla podemos formular doutro xeito: ¿vai estar a Xunta de Galicia a carón de Sabino e de moitos centos de afectados? ¿Vai estar a Xunta a



carón dos agricultores? ¿Vai estar a Xunta co rural? Ou, pola contra, ¿van facer como xa están a facer algúns membros do seu partido, pedíndolles xa a outras administracións? Pero quen ten as competencias é a Consellería de Medio Rural, quen ten a competencia é a Xunta de Galicia. E ante unha situación case catastrófica —porque non vou ser eu quen a cualifique— a Xunta debería de saír e de poñer solucións enriba da mesa.

Polo tanto, ¿vai dar axudas directas, que é o que está a demandar o sector, distintas asociacións, distintos colectivos, e o que precisan neste momento? Polo tanto —como digo—, a pregunta é moi sinxela: ¿vai a Xunta de Galicia habilitar axudas directas para o sector agrario para compensar esas perdas ocasionadas? ¿Si ou non, señora conselleira? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidenta.

Señora Vidal, inadmisibile é que vostede me diga a min que descoñezo o sector. ¡Manda truco! (*Aplausos.*) Non sei se vostede o coñecerá tan ben coma min, dubído, permítame que o dubide.

Non deixa de sorprendeme a capacidade que teñen vostedes de sacar rédito político de debaixo das pedras, e peor é das desgrazas coma esta, pero ben. Agora que no de remangarse e poñerse a traballar para buscar solucións teñen menos experiencia e xa non lles gusta tanto. (*Aplausos.*) Iso si, para desprestixiar o sector primario, cunha visión negativa, catastrofista, que en nada axuda ao sector, para iso si que están sempre ben dispostos.

Miren, a este goberno, a esta consellería e a esta conselleira non é que só lle preocupe o sector agrogandeiro, é que lle doe en carne propia; algo que vostedes, claro, eu entendo que non o entendan, pero éelles o que hai. Porque, miren, sempre estiven vinculada ao sector e sei do que falo. Así que podo dicirlles que dende o minuto un do meu mandato empezamos a traballar buscando como afrontar os problemas derivados ou asociados á meteoroloxía.

¿Queren saber como axudamos aos cultivos de millo forraxeiro? Con investigacións como as que se fan no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo para ver cales son as variedades máis rendibles ou coa aprobación dunha partida de 20 millóns para a mellora dos camiños rurais, que eses gandeiros tamén o agradecen, que faciliten os accesos ás parcelas de cultivo, tal como se recolle nos orzamentos do 2025.

¿Queren saber como lle axudamos ao sector agrogandeiro? Pois tramitando con celeridade o pago do anticipo da PAC, que será efectiva na semana que vén para o vacún de leite e nodrizas, que son os gandeiros precisamente os que sementan millo forraxeiro, un mes antes, por certo, do habitual. (*Aplausos.*) E un mes antes do habitual faremoslles chegar eses 45 millóns de euros e a partir do 1 de decembro seguiremos cos pagos, como vén sendo habitual.

¿Queren saber como lles axudamos aos produtores da pataca da Limia? Pois con 4 millóns este ano destinados á compra de maquinaria agrícola en común ou con máis de 8 millóns



para un regadío eficiente, ou incluíndo a pataca no Plan de promoción de produtos galegos de calidade diferenciada, no que levamos investidos este ano máis de 6 millóns de euros. Pero esa é a realidade que vostedes non queren escoitar.

E xa lles anuncio que estamos traballando para, por primeira vez, facer o pago do anticipo da PAC a todos os solicitantes de cultivo de pataca da Limia o día 7 de novembro, en que terán nas súas contas o ingreso da PAC. *(Aplausos.)*

Eu ben sei que vostedes iso non o queren escoitar, medidas reais para a vida real, señorías. Así traballamos dende a Xunta de Galicia e dende esta consellería, sobre todo con seriedade.

Outra das fórmulas de axuda da Xunta de Galicia ao sector primario tradúcese no investimento de máis de 50 millóns de euros de fondos propios no aseguramento agrario. Non somos comerciais, pero o seguro é o único que garante un desastre. Se a un gandeiro lle arde unha... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e non a ten asegurada, non ten nada, quedou sen nada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non hai administración que poida cubrir iso. O mesmo digo, con 50 millóns de euros. E esta é a liña a seguir nos orzamentos do 2025, incrementando máis a partida destinada aos seguros agrarios.

Chegados a este punto, no que a pedagogía semella non permitir avance ningún e dado que para o BNG e o PSOE o Goberno do PP, segundo eles, é responsable tanto das choivas excesivas como das secas prolongadas, non me queda outra que suxerirlles que canalicen as súas críticas cara ás administracións máis pegadas ao territorio, como son a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, para que avance na limitación das áreas anegables na Limia. Nós, pola nosa parte, pedirémoslle ao ministerio que os seguros agrarios se adapten, ao igual que fixemos coa PAC, á realidade que temos en Galicia.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar adiante en relación coa súa xestión en Galicia do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda do propio Grupo Parlamentario Socialista e unha emenda do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, que leva o número 13694.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Silvia Longueira Castro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.



Emenda de adición.

Débense engadir novos puntos na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedarán redactados co seguinte contido:

«4. Incorporar fondos propios ao programa de bono alugueiro mozo ante a chegada dos fondos estatais de xeito que se poida dar unha resposta sólida á demanda existente, equiparando así unha participación equitativa entre a Comunidade Autónoma e o Estado.

5. Asegurar que non se poderán allear os bens patrimoniais integrantes dos parques públicos de venda, a non ser que sexa a outras Administracións públicas, os seus entes instrumentais ou a persoas xurídicas sen ánimo de lucro, dedicadas á xestión de vivenda con fins sociais, e mediante a obrigación por parte do novo ou novos titulares, de aterse ás condicións, prazos e rendas máximas establecidos, subrogándose nos seus dereitos e obrigacións.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Alexandra Fernández Gómez, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir na parte resolutiva catro novos puntos, co seguinte texto:

«4. Realizar de forma inmediata e resolver en prazo a convocatoria para o ano 2024 do bono alugueiro mocidade.

5. Establecer un procedemento de concorrencia pública competitiva para a adxudicación destas axudas, mediante a definición e baremación de criterios sociais que permitan establecer unha orde de adxudicación.

6. Adecuar o Programa de bono alugueiro mocidade á realidade dos pisos compartidos, pasando a considerar que no suposto de contratos de arrendamento de vivendas con varias persoas arrendatarias e convivintes sen relación de parentesco, o límite máximo de importe de prezo do alugueiro sexa proporcional a dito número de persoas.

7. Solicitar ao goberno central un incremento da aportación realizada e aumentar con fondos propios a partida destinada ao bono alugueiro mocidade, de forma que permita ampliar o número de potenciais beneficiarios.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defender a proposición non de lei, ten a palabra dona Silvia Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Presidenta.

Grazas, compañeiros, tamén pola asistencia.

Ben, moi boas tardes.



Traemos hoxe aquí un tema que xa vén de repetirse nalgunha ocasión e que fala dese problema estrutural no que se converteu a vivenda, sobre todo para os máis xoves. Desgraciadamente —insisto— é un problema estrutural, quedou asentado nas nosas vidas e ten unha difícil solución, a non ser que interveñan os poderes públicos, como, de feito, se está a facer desde o Goberno de Pedro Sánchez.

En política de vivenda, impulsada, como dicía, por Pedro Sánchez, acadarase entre o 2018 e o 2025 un investimento de 526 millóns de euros para impulsar estas políticas de vivenda, o maior investimento da historia. Suporá a construción de 1.406 vivendas públicas e a rehabilitación de máis de 18.000 vivendas en Galicia.

En comparativa co Plan da Xunta 2018-2021 —e dígoos para que poñamos as cifras unhas ao lado das outras e vexamos de que vai este emprendemento coa vivenda—, tiñamos como obxectivo a rehabilitación de 5.000 vivendas en Galicia. Hoxe estamos a falar de triplicar esa cifra.

Pois ben, entre estas medidas, que, como dicía antes, é un problema estrutural e é un problema que, sendo desa estruturalidade social, ten que ter un ataque en dúas direccións: unha, pola urxencia, e, outra, polo importante. No importante está acadar un parque público de vivenda co que poidamos reverter a situación, e no urxente están os miles de xoves que en Galicia non teñen como emanciparse.

Precisamente neste Plan de vivenda o Estado vén de anunciar — Estado de Pedro Sánchez, Goberno de Madrid— na próxima convocatoria un Bono Alugueiro para os xoves, cunha carteira de 200 millóns de euros anuais, que estarán vixentes nos próximos dous anos, tal e como se ten feito ata o ano pasado, onde houbo tamén outra convocatoria: unha axuda de 250 euros mensuais para quen teña entre 18 e 35 anos, e que ademais é compatible co Plan estatal de vivenda.

Ben, tendo en conta que a vivenda é unha competencia do Goberno autónomo, estas achegas virán como transferencias do Estado a Galicia. Insisto: 526 millóns de euros. E neste mes de outubro xa estará transferido o 90 por cento do importe, é dicir, 472 millóns de euros para vivenda.

Gustaríame que cando se lanzara este plan aparecera substancialmente de onde veñen os cartos, porque, sempre que os cartos veñen de fóra de Galicia, aparece nun rincón como se fora unha comisión de festas. (*Aplausos.*) Estaría ben que nesta ocasión puxeran vostedes claramente que son transferencias do Estado, a que partido obedece e a quen van destinados, e non escatimen no logo. Está ben que a xente se entere do que se fai por cada unha das nosas vidas.

Pois a través deste Plan de vivenda haberá dúas grandes liñas, como dicía antes. Primeiro, os orzamentos xerais do Estado, que financian os programas do Plan estatal de vivenda 2022-2025, e o Bono Alugueiro; iso vai por unha vía. E o segundo, o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que financia os programas de rehabilitación enerxética e de construción de vivenda para alugueiro social. Na execución destas liñas veremos que tamén participan os concellos.



Pois ben, este Plan estatal de vivenda 2022-2025 é un instrumento fundamental para fomentar e apoiar o alugueiro e facilitar que as situacións de vulnerabilidade non teñan lugar, podendo acceder a unha vivenda digna aqueles xoves que decidan emanciparse. Unha innovación en política pública, porque empodera os mozos, xa que son os que deciden que facer con eses recursos.

As transferencias para este apartado serán de 34,2 millóns de euros, co fin de financiar estas axudas. E aquí é onde queremos facer fincapé con estas cifras e este programa.

Xa falamos aquí ao inicio do outro período de sesións do desleixo que houbo, a mala xestión que houbo, a desinformación que houbo, —digamos— case un vodevil que houbo cando se deron esas axudas. Nesta primeira convocatoria, en que se concederon 5.250 axudas, houbo unhas 14.000 solicitudes. A Xunta non aportou fondos propios naquela convocatoria para suplementala, permitindo que os fondos se esgotaran, e miles de mozos quedaron fóra deste programa. E, ademais, a xestión, como todos sabemos, foi moi deficitaria e ademais deu lugar a situacións kafkianas, onde xente quedou esperando durante máis dun ano respostas que nunca chegaron.

Entón, estas axudas —é verdade, dío a palabra— son axudas, pero isto modifica a vida da xente; isto modifica a vida de entender qué ten que facer un na súa propia vida, como se pode emancipar, como vai chegar á idade adulta, que plans pode facer. Entón, ao que non podemos estar é a permitir que haxa un sistema de axudas onde queda ao albur e ao libre albedrío ter unha resposta ou non ter unha resposta. E de aí vén esta proposición non de lei.

Esta proposición non de lei vén, por un lado, pedir que se emita un listado de todas as solicitudes que quedaron sen resolver do anterior plan, que rematou; emitir un informe sobre a responsabilidade da falta de xestión do devandito Plan estatal de acceso á vivenda, basicamente porque estamos con fondos públicos, e que por parte dos órganos competentes da Xunta de Galicia hai que emitilo tanto en materia de vivenda como naqueloutros que teñan responsabilidades na área de mocidade, porque entendo que vai por esas dúas vías. O terceiro é habilitar un mecanismo para restituír a todos aqueles solicitantes que puidesen verse afectados pola falta de xestión da axuda, de xeito que poidan ser perceptores da mesma.

Sobre isto fixemos dúas autoemendas, de forma que, como este plan que vén do Estado é un plan ambicioso e é un plan que, como dicía antes, aborda o urxente e o importante, aborda o que é unha situación estrutural, cunha situación que de inmediato hai que atender, propoñemos incorporar por parte da Xunta fondos propios ao programa do Bono Alugueiro Mozo, ante a chegada dos fondos estatais, de xeito que poida dar unha resposta sólida á demanda existente, equiparando así unha participación equitativa entre a Comunidade Autónoma e o Estado. Sabemos todos que a vivenda é competencia da Comunidade Autónoma.

E outra autoemenda, que para nós é moi importante, e é unha máxima do Partido Socialista, é asegurar que non se poderán allear os bens patrimoniais integrantes dos parques públicos de vivenda, a non ser que sexa a outras administracións públicas, aos seus entes instrumentais ou a persoas xurídicas sen ánimo de lucro dedicadas á xestión da vivenda con fins sociais e mediante obrigación por parte do novo ou novos titulares de aterse ás condicións,



prazos e rendas máximas establecidas, subrogándose nos seus dereitos e obrigacións. ¿Por que? Porque estamos a falar de fondos públicos.

Con estas medidas —insisto—, tanto dun xeito urxente como xa dun xeito de profundar nos erros e nas deficiencias estruturais, queremos comezar ese retroceso, esa situación que nos levou, se ben somos un país onde optamos por esa compra e por esa propiedade, pero os tempos están cambiando e os tempos son os que nos teñen que levar tamén a dar solucións ao que está ocorrendo.

Co cal esperemos que, con estas cinco medidas que propoñemos hoxe aquí nesta proposición non de lei, abramos ese debate e cheguemos a solucións que nos fagan —o que sempre digo— máis fortes e máis sabios e que poidamos afrontar a vida coa maior dignidade posible.

Moitísimas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona Alexandra Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Moi boa tarde.

Como xa dixo a autora da proposición, esta mesma iniciativa xa se substanciou na Cámara en forma de interpelación primeiro e de moción despois, no mes de maio; é dicir, que estamos debatendo por segunda vez a mesma iniciativa, con algunha variación introducida por unha autoemenda do propio grupo propoñente, que ademais recolle parte da emenda que xa trasladamos no anterior debate dende o BNG.

Esta iniciativa, como xa se comentou, trata sobre o atraso da Xunta na resolución de axudas do Bono Alugueiro Mocidade da convocatoria do ano 2022. Efectivamente, vimos denunciando que a Xunta de Galicia ten un *modus operandi* en canto á tramitación das axudas ao alugueiro que consiste no atraso sistemático e inxustificado na resolución. Cando se tiñan que notificar nun prazo de tres meses, a xente en realidade pasa anos agardando a que se lles notifique se foi concedida ou se foi denegada.

Xa en outubro do ano 2022 dende o Bloque trouxemos este debate, advertimos de que ía a resolución con atraso e non foi ata xaneiro de 2024 cando a directora do IGVS certificou que había un esgotamento de crédito. É un auténtico despropósito e un escándalo que ata xaneiro de 2024 non se resolvesen unhas axudas que se convocaron no ano 2022. E, por se fose pouco o atraso e o maltrato aos solicitantes, o IGVS atrasou a comunicación desa resolución sobre as axudas que estaban denegadas até unha vez pasadas as eleccións. Porque, a pesar de que en xaneiro deste ano xa sabían que había un esgotamento de crédito, claro, denegar por miles as axudas á xente moza para pagar o alugueiro xusto ás portas dunhas eleccións o Partido Popular sabe que non daba votos. Entón, a pesar de que sabían en xaneiro cales estaban denegadas, tardaron até abril en comunicarlles a eses milleiros de mozos, vía SMS, que non se lles daba esa axuda que solicitaran no ano 2022, mentres que os mozos e mozas que as solicitaban tiñan que estar custeando do seu peto o alugueiro íntegro, porque os con-



tratos tiñan que estar asinados coa incerteza de se lograban ser ou non un deses afortunados.

É un tema grave, que, como digo, xa trouxemos, xa debatemos. É un tanto estraño —teño que dicirlllo á señora propoñente— volver debater sobre esta mesma cuestión. Polo tanto, voume desviar un pouco do obxecto en si da proposición, porque ademais vostede tamén o fixo, para falar da futura convocatoria e abordar en que termos se vai dar esa convocatoria 2024.

O primeiro que temos que dicir é que estamos a finais de outubro e segue sen convocarse, que unha vez máis os prazos van con lentitude. Exiximos que se faga dunha forma inmediata, que o Goberno estatal e o galego non poden estar sistematicamente creando incertezas e dilatando prazos.

Dende xullo de 2022 milleiros de mozos e mozas están agardando a que haxa unha nova convocatoria, xullo de 2022. Nese sentido parécenos tamén que ten que haber unha maior flexibilidade nos prazos da convocatoria e na apertura da convocatoria, porque non podemos ter mozos e mozas agardando dous anos por unha nova convocatoria, cando ademais nesas convocatorias esgótase o crédito no primeiro día en que se solicitan. É dicir, que dende xuño, o mesmo xuño de 2022, a xente, que incluso solicitou aí e lle foi denegada, ten que agardar até unha convocatoria 2024, que nin sequera está realizada, para pedir de novo a axuda.

E tamén queremos que esa axuda, esa nova convocatoria, ten que ter unha perspectiva social. O que lle propomos a Xunta é que estableza un procedemento de concorrència pública competitiva para a adxudicación mediante a definición de baremos e criterios sociais que permitan establecer unha orde de adxudicación. Porque o que non ten sentido é o que pasa agora, que o criterio é que o primeiro que chega consegue axuda e que fai que milleiros de mozos estean ás 12 da noite do día en que se abre a convocatoria pendentes do clic no ordenador de a ver quen leva a lotería de conseguir, nunha plataforma colapsada, ser o primeiro que rexistra a solicitude. É preciso darlle á tramitación unha perspectiva social redistributiva, priorizando persoas con menor renda, persoas con fillos ou con persoas dependentes ao cargo.

En segundo lugar, volvemos insistir en que é necesario que se adecúe este programa do Bono Alugueiro Mocidade á realidade dos pisos compartidos, pasando a considerar que no suposto de contratos de arrendamento de vivenda con varias persoas arrendatarias e conviventes que non teñan relación de parentesco o límite máximo do importe do prezo do alugueiro sexa proporcional ao dito número de persoas. E fica claro na nova convocatoria estatal que corresponde ás comunidades autónomas, a través da súa convocatoria, fixar e definir este aspecto.

Por tanto, a Xunta ten que deixar de botar balóns fóra e atender á realidade na que viven milleiros de mozos neste país, que son os pisos compartidos, porque é un contrasentido ademais que quen comparte piso, que é quen ten menos capacidade económica, sexa precisamente quen estea excluído de poder solicitar estas axudas.

En terceiro lugar, insistimos en que ambos os gobernos, estatal e galego, incrementen os fondos destinados á Bono Alugueiro Mocidade para permitir ampliar o número de potenciais



beneficiarios. E aquí o grupo proponente incorporou parcialmente na súa autoemenda parte do que nós propuñamos, que era que a Xunta e o Estado incrementen os fondos só parcialmente, porque din que a Xunta sobe a súa aportación pero non o fai respecto do Estado. Nós cremos que ambas as administracións teñen que redobrar esforzos, apoiando a emancipación, porque, cando se trata pois de capitalizar de forma partidista estas axudas, as dúas administracións están pelexando por ver quen saca a foto, quen coloca o logo nas axudas, pero logo, cando se trata de aportar recursos ás administracións, van baixo mínimos e reparten culpas, e nin unha nin outra poñen solucións a unha realidade, e é que nestes momentos están denegando por miles as solicitudes, que aos mozos e mozas que cumpren cos requisitos para obter esa axuda non se lles dá, porque non hai fondos.

E, ademais, é necesario abordar o problema da emancipación moito máis alá desta axuda puntual. Como xa temos debatido, nós apostamos por un plan global para a emancipación a nivel galego con diversas medidas, porque en materia de emancipación a Xunta non pode dedicarse a ser simplemente unha xestora dunha axuda estatal, unha mala xestora ademais. Pode tamén, por exemplo, facilitar unha liña de axudas complementarias a esta para dar cobertura a mozos e mozas que se desprazan por motivos de estudo e que non teñen un contrato laboral e que, por tanto, quedan excluídas da axuda.

Falamos de axudas sempre, claro, sostidas no tempo, efectivas e non axudas puntuais, que non contribúen a reducir a brecha entre salarios e prezos da vivenda.

Dentro das medidas tamén que vimos reclamando nese plan de emancipación galego hai dúas que a Xunta parece que agora quere facer súas, pero, como fai sempre, desvestíndoas da súa capacidade transformadora. A través da Lei de acompañamento a Xunta amaga con incluír dúas das medidas que vimos propondo nese plan de emancipación, pero, como digo, nunha versión limitada e deturpada. O primeiro que intenta imitar ou amagar, copiar, é o aumento da reserva das vivendas protexidas para a xente moza ao 40 por cento; despois de anos votando en contra, por fin asumen ese incremento —¡benvido!—, pero tamén hai que dicir que iso pode quedar en nada, porque ten que ir acompañado de máis vivenda protexida. ¿De que vale que se reserve un 40 por cento da vivenda protexida para xente moza en lugar dun 30 por cento se o ano pasado a Xunta terminou 14 vivendas protexidas en todo o país? Antes ían repartir catro vivendas para a xente moza, e este ano seguinte, cun 40 por cento, repartirían cinco vivendas protexidas para a xente moza en todo o país. Por tanto, mentres non haxa un cambio real na promoción de vivenda protexida, esta medida é fume, nada, un titular baleiro.

O segundo é o impulso dos aloxamentos dotacionais. Dentro dese plan para a emancipación nós apostamos pola creación de vivendas dotacionais, aloxamentos que aproveiten parcelas de uso dotacional, para a creación de vivendas temporais. Votaron sistematicamente en contra, pero agora o Partido Popular fai unha copia deturpada na Lei de acompañamento, porque nesa proposta xa non son vivendas, son pequenas habitacións con zonas compartidas, é dicir, unha especie de residencia. En lugar de ofrecer solucións habitacionais dignas, a alternativa do Partido Popular para os que chegan aos 36 anos é que se vaian vivir a unha residencia. Pero é que, ademais, nese cambio normativo deixan a porta aberta á privatización desas residencias, da súa xestión, de cobrar por servizos e nin tan sequera definen límites da renda.



Por tanto, o que nós formulamos era unha solución pública, áxil: pagar de forma temporal unha vivenda digna á xente moza e unha rede de seguridade para quen viva unha situación de emerxencia habitacional, e o que fai o Partido Popular na Lei de acompañamento é facer...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...do problema da emancipación un nicho de negocio para empresas sen importar a calidade dos espazos. Porque eu preguntolle á portavoz do Grupo Popular: ¿vostede onde queredes emprender unha vida autónoma?, ¿onde queredes por exemplo formar unha familia: nunha vivenda ou nunha residencia para mozos privatizada? Porque o que fan vostedes é, unha vez máis, non apostar pola xente moza, senón apostar por facer negocio coas necesidades da xente moza.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Mixto, que renuncia a intervir.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra dona María Deza.

A señora DEZA MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Tal e como se expuxo nesta Cámara pola propia da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a xestión das axudas ao alugueiro para a xente moza do Plan de vivenda 2022-2025 do Goberno de España foi un rotundo éxito, e iso a pesar precisamente do Goberno de España. A Xunta concedeu todas as axudas desta liña. Esgotouse o crédito concedido, 22,8 millóns para as dúas anualidades, entre decembro de 2022 e xaneiro de 2023, menos de tres meses despois do remate do prazo para solicitálas. Non houbo pois ningún atraso na xestión dos expedientes, que se xestionaron na súa totalidade.

Gustaríame poder dicir o mesmo do Goberno en Madrid. Pedro Sánchez anunciou este bono a finais de 2021, pero non fixo a transferencia dos fondos ata medio ano despois. Este atraso fixo que a axuda non se puidese convocar ata xuño de 2022, cun prazo de solicitude ata outubro de 2022. A pesar diso, a Xunta de Galicia foi a terceira comunidade en convocar esta axuda, só precedida de Cataluña e Valencia, e a mediados de xaneiro de 2023 xa estaban concedidas todas as axudas do bono. Ademais, desde a Xunta de Galicia recuperáronse fondos que non puideron ser consumidos e outorgáronse outro millar de axudas, todas elas aboadas no día de hoxe.

A pesar dos atrasos, da falta da comunicación e dos erros detectados na convocatoria, que mesmo foron recoñecidos polo propio ministerio, o Goberno galego foi quen de executar con éxito esta liña de axuda, e fíxose por unha boa xestión. Non hai pois irregularidades que solventar nin expedientes sen resolver.



Os expedientes que vostedes indican como sen resolver xestionáronse ao longo de 2023, correspondente ás concesións que se puideron facer a partir dos fondos rescatados tras as renuncias e as perdas de subvención tramitadas, ben por falta de xustificación por parte dos interesados ou ben por non cumprir cos requisitos establecidos polo Estado, certamente restrictivos. En marzo deste ano, tal e como dixo a señora Fernández, comunicóuselle ao resto de solicitantes o esgotamento final de crédito procedente de fondos europeos.

O problema foi, señora Longueira, que o señor Sánchez vendeu que esta axuda ía chegar a todos os mozos, e iso é falso, falso porque a dotación orzamentaria destinada a Galicia limitaba as axudas a apenas catro mil persoas e falso tamén porque as rixidas condicións para a concesión de axudas establecidas polo ministerio impediron acceder á mesma a persoas que, cumprindo os requisitos, non puideron acceder ás mesmas. Por exemplo, cando o solicitante compartía a vivenda con outras persoas que non cumprían os requisitos, aínda que cando faga fronte ao pago cada unha delas; ou cando, cumprindo os requisitos, comparte vivenda cunha persoa que ten unha vivenda en propiedade ou ten débedas con calquera administración pública, aínda no suposto de que ese compañeiro de vivenda non solicita a axuda; ou tamén cando no caso de pisos compartidos nos que se solicita axuda unha das persoas que o comparte só se teñen en conta os ingresos do solicitante da axuda se todas as persoas coas que comparte son asinantes do contrato, non existe parentesco entre eles ou son todos menores de 36 anos; se non se dan estas circunstancias, compútanse os ingresos de todas as persoas que comparten a vivenda, polo que o máis probable é que superen o límite máximo de ingresos.

Esa explicación xa se deu no Parlamento de Galicia, pero o PSOE busca converter en fracaso o éxito da xestión da Xunta de Galicia, que conseguiu executar o cen por cento do orzamento. *(Aplausos.)*

Talvez o fan para tapar as carencias do bono deseñado polo Goberno e postas de manifesto polas comunidades autónomas, sen que fosen corrixidas, erros como os que deixa sen axudas persoas que cumpren os requisitos, como acabo de citar.

Tal e como se manifestou reiteradamente tamén neste Parlamento, o programa deseñado en 2022 polo Goberno do Estado tivo moitas dificultades de xestión, derivadas dunha regulación que se fixo de costas ás comunidades autónomas. Agora o Ministerio de Vivenda anuncia —como acaba de dicir a señora Longueira— unha nova edición, do que vén de concretarse un importe para Galicia de 11,4 millóns de euros, con carácter bianual, é dicir, pouco máis de 5 millóns de euros por ano.

E, unha vez máis, a medida acordada no Consello de Ministros vese abocada ao fracaso, e iso por varios motivos, dos que vou decatar principalmente dous. Primeiro, a oferta de vivendas en alugueiro por prezos mensuais inferiores aos 600 euros é tan só do seis por cento en España, mentres que os alugueiros que non superan os 900 euros ao mes supoñen tan só o 31 por cento da oferta total no mercado, polo que, se o que se persegue é que o bono chegue a quen máis o necesita, sería preciso revisar e ampliar o límite da cota mensual, xa que o prezo do alugueiro medio en España xa supera os 1.000 euros de media, máis se nos referimos ás cidades máis grandes e con maior actividade económica, que é onde



residen a meirande parte dos mozos, xa que é onde existen maiores oportunidades laborais. E, segundo, porque, como xa ten anunciado o Consello da Xuventude de España, o bono resulta insuficiente, xa que na anterior convocatoria só chegou ao 0,8 por cento dos mozos en España, soamente houbo 65.522 beneficiarios en toda España; en Galicia, segundo o orzamento previsto, apenas cubriría o 1 por cento dos mozos que poderían beneficiarse na nosa comunidade autónoma, onde hai máis de 360.000 mozos con idade comprendida entre os 24 e 36 anos.

Pero é que, ademais, o Goberno debe trasladar información veraz sobre estas axudas, que van ter que ser xestionadas polas comunidades autónomas, pois as bases xeran moitas dúbidas, algo que recoñeceu o propio ministerio e que prevé modificar o vindeiro ano, pero non este. Demandan das comunidades autónomas que fagan unha boa xestión e que a xestión da nova convocatoria sexa nuns prazos determinados, pero sen ter en conta en que momento se farán as transferencias de fondos.

Se realmente, señora Longueira, quere que o bono funcione, debe facerse contando coas comunidades autónomas, incluíndo o programa dentro do Plan estatal para o acceso á vivenda, que determina que as axudas deben contar cun mínimo de financiamento autonómico do 30 por cento, dotando o programa con fondos suficientes, así como incluír unha partida para os equipos de xestión que posibiliten a contratación de persoal, e dando a participación ás comunidades autónomas na redacción da norma reguladora do programa.

En definitiva, non podemos admitir que a inoperancia desta axuda sexa responsabilidade da Xunta de Galicia cando os criterios, señora Fernández, veñen establecidos polo Goberno central, que, ademais, atrasou a entrega de fondos. Unha axuda articulada —como xa dixen— de costas ás comunidades autónomas, pero logo da man do PSdeG vén pedirnos contas.

Namentres, a Xunta de Galicia está preocupada pola dificultade no acceso á vivenda; motivo polo que reforzou as súas estratexias de vivenda con medidas especificamente destinadas aos menores de trinta e seis anos.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Peche, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Ben, pois en hora boa aos premiados, porque aquí encántame o sistema de medir a palabra «éxito». Éxito é executar o cen por cento do orzamento. Moi ben, estupendo, é o normalíño. Pero tamén teñen vostedes un presidente que o éxito o mide como Kim Jong-un, en nivel de aplauso; cando non se aplaude suficiente, tamén di que non se nos aplaude o suficiente. É dicir, vostedes bareman o éxito dun xeito que non ten moito sentido, porque aquí a realidade desta cuestión é que a competencia de vivendas é autonómica.



Entón, se desde o Estado lle van transferir 526 millóns de euros para a construción de vivenda pública, para a rehabilitación de vivenda e unha parte para o Bono Xove parece ser que é un problema. Claro, se vostedes despois teñen presidentes de autonomías que non van falar co presidente do Goberno. Houbo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, parece ser. E teñen un compañeiro de partido, o señor Núñez, que di que si que fai ben en que non vaia falar con el. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostedes saberán con quen falan ou con quen non. Tranquilos. Vostedes saberán con quen falan ou con quen non. Vostedes saberán como se mellora un procedemento de xestión ou non. Vostedes teñen baixo o seu cargo un funcionariado que terá que dicirlles a vostedes, seguramente, oportunidades de mellora, e que vostedes terán que solucionar. Iso chámase gobernar.

Xa llelo dixen a primeira vez que me levantei e vin aquí, que teño unha mala noticia que darlles: gobernan. Entón, cando se goberna hai que tratar de implementarse da mellor forma posible para que os que somos administrados poidamos ter os nosos dereitos en tempo e forma.

Entón, é a primeira vez, non, é a segunda, a terceira ou a cuarta que escoito aquí que ter axudas do Estado supón un problema. Pois eu non vexo o problema. O problema que vexo é que hai outras partes do Estado que asumen as competencias que terían que asumir vostedes, porque os xoves están aquí en Galicia e o problema de vivenda é aquí en Galicia, aínda que sexa un problema estrutural do país. Pero hai uns fondos que veñen. ¿Que hai que mellorar esa xestión dos fondos? Por suposto. E que se non estariamos no Paleolítico, evidentemente, e hoxe estamos no ano 2024, e vanse xestionar os orzamentos para o ano 2025. Estamos falando de intelixencia artificial, non pode ser que todo o problema sexa que non somos capaces de dar resposta aos miles de xoves que están esperando esa axuda.

Por outra banda, aproveito para dicirlle á señoría do Bloque que aceptaremos todas as emendas que propón o Bloque Nacionalista; entre elas, a petición de maior contía ao Goberno de España, porque entendemos que é un problema urxente.

Dicía ao inicio da miña intervención que hai que distinguir entre o importante e o urxente. O importante é que temos un problema estrutural. Por se vostedes non se enteraron, hai un problema estrutural de vivenda, que vostedes como comunidade autónoma teñen que resolver cos concellos. E hai un problema urxente, que é unha xeración que non somos capaces de apoderalos.

Entón, esta é a nosa proposta. Aquí está a aceptación destas propostas que veñen por parte do BNG. E eu espero que cando vostedes reciban estes cartos —parte deles xa están transferidos— non...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Longueira

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...—termino agora— sexa un problema tan terrible. Porque, de verdade, de verdade, é a primeira vez na miña vida que vexo que che manden cartos é un problema. Pero se non saben que facer con eles, tamén terán vostedes outro problema. Pero iso chámase medir o éxito noutros niveis.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Seguimos coas proposicións non de lei, neste caso do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font e D^a Paloma Castro Rey, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxectivo de mellorar o transporte público por estrada da súa competencia

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non se presentou ningunha emenda.

Para formulala ten a palabra don Carlos López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e todos.

Convén situar os antecedentes e o arranque do Plan de transporte de Galicia que actualizaba o sistema público de transporte de Galicia. Naquel momento, os socialistas advertiamos de que a Xunta se reservaba demasiado poder, poder discrecional, ao introducir criterios políticos; advertiamos tamén da falta de transparencia, e advertiamos de que, como queira que non era un plan consensuado, non daba unha resposta acertada ás necesidades de mobilidade, cada vez máis crecentes, dos galegos e galegas.

Especialmente grave foi o desenvolvemento do proceso de licitacións, segundo o propio sector empresarial, que denunciaba feitos moi concretos.

Denunciaba a participación nas licitacións, que foi moi limitada; en concreto, a setenta e dous lotes só concorreu un licitador, prexudicando gravemente o tecido empresarial do sector. Tampouco se garantía a concorrencia e a igualdade de oportunidades que marcan as directivas comunitarias. Dicían que en boa parte dos lotes dos concursos a porcentaxe da participación das pemes nas UTE foi moi minoritaria, o que propiciou que as pequenas empresas que participaron nas UTE con grandes grupos fosen absorbidas por estes. Todo isto —denunciaban— levaba a unha concentración das concesións en forma de monopolio ou oligopolio.

Denunciaban tamén o extremado ocultismo con respecto ás obrigacións de servizo que tiñan que cumprir cada un dos concesionarios. Como coñecedores do sector denunciaban que coa escusa da tecnificación se estaría a furtar o debate. Outra cuestión clave que non é outra que a responsabilidade do sector público no mantemento dos servizos públicos e, especialmente, nas zonas de desertización humana, e a ineludible obrigación de manter unha rede de transporte público universal.

Tamén denuncian a falta de seguimento que permita unha análise automatizada da información para verificar os obxectivos do Plan de transporte público de Galicia.



Concluían os empresarios que máis que unha revolución o sistema implantado foi unha auténtica involución. As denuncias dos empresarios tiveron resolucións xudiciais favorables, e está pendente a resolución da Comisión Galega da Competencia.

Un informe do Consello de Contas alertaba sobre as deficiencias que se estaban producindo e sobre a necesidade de planificación, entre outras cuestións.

O desenvolvemento do servizo, claramente insatisfactorio, confirmou os peores presaxios; son día a día os usuarios os que sofren as deficiencias do servizo. (*Aplausos.*)

As queixas son continuas e coinciden nos mesmos problemas, independentemente das localidades ou provincias. Un aspecto destacable é o incumprimento dos pregos concesionais. Este foi denunciado e advertido de forma reiterada, e a Administración autonómica non está a dar resposta a estes incumprimentos das distintas empresas. Como consecuencia de non cumprirse o establecido, o servizo deteriórase.

O incumprimento de horarios, o cambio destes sen previa advertencia, os autobuses cheos en determinados momentos —que impiden poder utilizar o servizo—, os cambios de itinerarios —sen tampouco advertilo—, a eliminación de paradas e outras irregularidades son o día a día do transporte público por estrada en Galicia, que poden ver vostedes reflectidos nos medios de comunicación.

Como queira que un sistema de transporte é dinámico e vivo, corresponde á Xunta de Galicia, primeiro, facer cumprir as obrigacións das empresas e, despois, actuar de forma inmediata ante as situacións cambiantes que se van producindo. En suma, planificación ante as necesidades inmediatas.

É evidente que un plan de transporte non pode quedar como unha foto fixa do seu inicio. As queixas dos usuarios deberían obrigar o Goberno galego a dar resposta, pero tamén servir como experiencia para a adopción de medidas correctoras. O aumento na utilización do servizo do que se presume desde a consellería é positivo, e tamén son acertadas as medidas de bonificación e gratuidade. Pero é evidente que a consecuencia das mesmas deben levar necesariamente a cambios do esquema inicial e, sobre todo, ao incremento de dotacións e a adaptar os itinerarios para dar demanda aos usuarios. Aquí é onde está a fallar a dirección política da Xunta nunha competencia que lle corresponde.

O exemplo do incremento do transporte por ferrocarril, coas medidas adoptadas polo Goberno de España de gratuidade e bonificacións, é un bo exemplo de como se tiveron que ir incrementando servizos, dotacións e horarios. Máis que criticar permanentemente o Goberno de España, desde o Goberno da Xunta debería tomarse boa nota de medidas adoptadas que claramente elevaron o nivel de satisfacción dos usuarios do tren, a pesar dos mantras do PP.

Incomprensiblemente, a Xunta non está a dar resposta ao non atender debidamente as queixas e sen unha planificación adaptada ao momento actual. Pero é evidente que isto non funciona cando o propio conselleiro da Presidencia recoñece de forma singular que o transporte na co-



marca da Barbanza debe saír novamente a licitación. O que ocorre na Barbanza non é diferente ao que acontece na maioría das cidades e vilas de Galicia. Sería bo preguntarse se non sería o camiño acertado para moitas outras concesións, dado o deficiente servizo prestado.

Ante un servizo tan atomizado e, por tanto, con tantas circunstancias comúns e á súa vez singulares, os socialistas entendemos que hai que analizar detalladamente a situación actual e as medidas que se deben tomar.

Por iso pedimos —como xa o vimos facendo de forma reiterada— que a Xunta de Galicia debe reforzar o seguimento dos contratos das concesións que permita adoptar os axustes necesarios para conseguir os obxectivos do Plan de transporte público por estrada, que é competencia do Goberno de Galicia. Se os axustes son novas concesións, haberá que ser valentes e rectificar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Mixto.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

A moción do Partido Socialista fala de dous conceptos diferenciados: por un lado, os procesos de licitación e de adxudicación, nos que, segundo di, pode haber nalgún momento irregularidades. E, loxicamente, é algo que non se debe permitir, pois os procesos deben axustarse á lei, xogar no ámbito da competencia e non do oligopolio ou do monopolio incluso.

E, por outro lado, fala dos incumprimentos unha vez que está concesionado un servizo. Desde logo, estas cousas están relacionadas, porque moitas veces a adxudicación faise con base nuns criterios, nos cales se prima o servizo que algunha empresa oferta e di que é capaz de facer, e adxudícaselle a esa empresa, porque se espera que dea ese servizo, e ao mellor déixanse fóra outras que non se comprometen ao espectro de servizos que se compromete a que finalmente gana a licitación, pero que despois non cumpre. Entón, efectivamente, a obriga da administración é facer un seguimento constante e permanente, practicamente en tempo real, do cumprimento do contrato concesional, porque, como se adoita dicir no ámbito das empresas que traballan nas auditorías e nos sistemas de control, onde non hai control antes ou despois hai fraude.

Entón, resulta obvio que, primeiro, os procesos de licitación e de adxudicación deben cingirse estritamente á lei, respectando todos os principios de competencia etcétera, que a competencia é a garantía de que pode haber un bo servizo, loxicamente, e despois é fundamental comprobar permanentemente por parte da administración que se cumpra o servizo, atender as queixas que poida haber dos cidadáns, que son un bo *feedback*, pois, normalmente, os cidadáns son os que máis detectan os fallos do servizo.

E non podemos máis que dicir que nos parece moi razoable a proposta do Partido Socialista nese sentido e que a apoiaremos.



Nada máis, grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Paulo Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidenta.

Boa tarde.

Volvemos falar do Plan de transporte público de Galiza, e aquí o señor Font traía o informe do Consello de Contas, que coñecemos a finais do ano pasado, que foi obxecto de múltiples debates neste Parlamento, pero que cómpre volver recordar, porque é un informe do Consello de Contas que vén darlles a razón á oposición neste Parlamento e ao propio BNG cando denunciamos todo o que estaba acontecendo co transporte público.

Fala dese proceso de monopolio, dese trato de favor a empresas como Monbus, e, sobre todo, tamén doutras cuestións moi importantes, como a falta dunha ferramenta de planificación do transporte público. E isto dio claramente o Consello de Contas. Como tamén fala no que ten que ver, por exemplo, cunha cuestión como son as cualificacións ambientais, que, por exemplo, por citar algún extracto do informe do Consello de Contas, dicía literalmente: «A Consellería non ten elaborado un programa de seguimento do cumprimento dos novos contratos de concesións a partir dunha serie de indicadores cuantificables e de fácil medida».

E despois, co paso do tempo, imos vendo como estas cousas e todas estas pezas pequenas encaixan, que vistas individualmente parece que non teñen moito sentido ou que son cousas menores, e vemos como todo acababa encaixando. Vemos tamén como este mesmo ano a Xunta de Galiza licita un contrato directamente e abdica de todo tipo de responsabilidades e de todo tipo de funcións a propia Dirección Xeral de Mobilidade, desmantelando a Dirección Xeral despois de saír escaldado o último director xeral cunha causa aberta e dilixencias previas por prevaricación administrativa. Vemos como a Xunta de Galicia dá un paso máis e privatiza toda a xestión da dirección xeral dándolle un contrato a unha empresa consultora, que é a encargada da elaboración dos pregos, da puntuación das empresas adxudicatarias, do control, da execución, do seguimento da propia execución dos contratos. Realmente, como lle dixen noutras ocasións: «o raposo coidando das galiñas», e iso é o que nos propoñen.

E teño que dicirlles que despois de todo este tempo entendín que o Plan de transporte da Xunta de Galiza funciona perfectamente. O que pasa é que funciona perfectamente para o que foi deseñado, que é esta concentración dos propios contratos nunha empresa concreta, alimentando ese monopolio, ademais, caese quen caese, incumprírase o que se incumprira e incorrendo en demasiadas irregularidades, tanto no proceso de contratación como despois na valoración, no control e na inspección da propia execución dos contratos.

Isto, realmente, podémolo ver no trato que fai a Xunta de Galiza coas UTE, porque non se está —e isto tamén o di o Consello de Contas— beneficiando ás pequenas e medianas em-



presas do sector. O propio sector certifica que máis dun trinta por cento das pequenas e medianas empresas do sector tiveron que pechar xa despois de varios anos de entrada en vigor deste plan de transporte. E vemos como se fai un uso totalmente torticeiro, un uso realmente complicado do que son as UTE, as unións temporais de empresas, que foron obxecto de múltiples sentenzas xudiciais por superar o número máximo dos lotes permitidos, camuflando estas grandes empresas concesionarias a outras pequenas empresas do seu grupo nestas UTE, para intentar facer ver que non eran a mesma cousa, cando despois todos os contratos se firmaban do mesmo puño e da mesma letra alí nunha rúa en Lugo. ¿Non sei se saben de que falo?

E, realmente, vemos como todo saíu máis ou menos como o planificaron vostede neste plan de transporte, dado que máis ou menos van cumprindo os obxectivos de apostar por ese monopolio. Pero o problema é que eu creo que lles saíu un pouquiño o tiro por onde non era, porque quizais non pensaron que os incumprimentos ían ser tantos e de forma tan desca-rada.

E aquí hai unha cuestión eu creo que bastante grave: cando se coñeceu a adscrición das matrículas dos vehículos aos diferentes contratos e se puxo branco sobre negro sobre todos os vehículos que faltaban, sobre os que estaban repetidos en todas as concesións, de repente, no mes de outubro do ano 2023, a Xunta de Galiza fai unha modificación nos pregos de contratación para pasar a un sistema que lle chamaron o «sistema de adscrición de vehículos dinámicos». A Xunta, basicamente, o que fixo foi xa non ter matrículas asignadas a cada concesión, senón que puidera ter unha bolsa grande para que esta empresa, nomeadamente Monbus, pola cantidade e polo volume de contratos que ten no Plan de transporte público de Galiza, a máis beneficiada, puidera, coa escusa e co beneplácito da Xunta de Galiza, facer o que quixera para incumplir todo o que ten que ver cos vehículos que tiña, que non tiña, pois, loxicamente, non tiña suficientes vehículos para cumprir co que tiña contratado, ao igual que, como comentaba antes, coas idades máximas, as idades medias dos vehículos, as cualificacións ambientais e un longo etcétera.

Ademais, de todas estas cuestións era perfectamente coñecedor o antigo director xeral, a quen lle está custando a incoación de dilixencias previas por prevaricación administrativa, que veremos onde acaba. Eu, a verdade, é que espero que iso se resolva o antes posible, que saibamos realmente a verdade sobre o que está acontecendo, sobre o que aconteceu, e, polo tanto, tamén ter claro a quen pedirlle as responsabilidades desta desfeita.

Mañá mesmo teremos unha interpelación co novo conselleiro do ramo, onde lle diremos realmente o que está pasando, porque o problema é que vemos sentenzas xudiciais, estudamos os informes do Consello de Contas, vemos o que está pasando todos os días ao longo e ancho deste país, que nos transmiten tanto o sector como os usuarios e as usuarias todos os incumprimentos, que agora non vou relatar, que xa me queda pouco tempo. E o máis curioso é que a Xunta de Galiza, o Partido Popular, non está movendo nin un só milímetro da súa posición, leva anos dicindo que todo vai perfectamente, que se cumpre escrupulosamente e toda esa teima das incidencias puntuais, pero tampouco se moven ni un milímetro na negación constante do envío da documentación para que a oposición poidamos facer un traballo rigoroso de control, de fiscalización deste goberno.



Vostedes están vetando toda a información requirida por este Parlamento e por esta oposición en relación co Plan de transporte público, e preguntámoslles: ¿que teñen que esconder? Se realmente todo vai como din que vai, se a contratación é escrupulosa, se a execución non ten un pero máis alá de incidencias puntuais, ¿que teñen que agochar?

Eu mesmo pedín toda esa información polo artigo 9, e tiven algunha resposta que lla traerei mañá ao conselleiro. Porque, realmente, eu son amigo da broma, eu son amigo dos chistes; agora ben, que se rían na miña cara, iso lévoo peor. E o conselleiro mañá terá que dar explicacións de por que a súa consellería se están rindo non só na miña cara, senón na cara de todos os galegos e das galegas representadas aquí, porque hai contestacións que son un insulto á intelixencia. (*Aplausos.*) Nós o que queremos, sobre todo, é poñer branco sobre negro nesta cuestión, e realmente camiñar cara a un sistema de transporte público que ofrezca solucións ás necesidades de mobilidade de todo o conxunto da cidadanía galega.

Mentres, temos este Plan de transporte público feito á medida para as grandes empresas e que vai pasiño a pasiño conseguindo o seu obxectivo, que é que en Galiza haxa un monopolio e que camiñemos cara á liberalización do mercado das liñas máis rendibles e deixemos o rural do noso país á súa sorte, porque ás empresas non lles compensará facelo.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Vostedes seguen ese camiño; nós seguiremos outro e traerémoslles propostas despois da interpelación e moción, unha emenda á totalidade da súa política en mobilidade.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moi boas tardes, señorías.

O Plan de transporte público de Galicia supón máis cobertura territorial e un servizo de maior calidade, unha mellora continua, máis recursos, tarifas únicas e bonificadas, melloras tecnolóxicas para a información dos usuarios e o seguimento do propio servizo e mais novas ferramentas de planificación. Pero isto, señores da oposición, dálles absolutamente igual.

Señor Font, esta iniciativa xa se tratou na anterior lexislatura o día 30 de novembro do 2023 na Comisión 2ª e en pleno foi o día 5 de decembro —era unha interpelación e derivou despois nunha moción o 19 de decembro do 2023—, e nesta lexislatura tratouse na Comisión 2ª o 16 de maio. En xullo, hai poucos meses, tamén interpelaron o conselleiro, despois houbo unha moción, que foi rexeitada pola maioría desta cámara. E, francamente, fan vostedes un exercicio de pouco traballo, da lei do mínimo esforzo, ao rexistrar unha PNL que é idéntica á moción que xa debatemos. Comentábo antes a deputada do Bloque Nacionalista coa anterior proposición non de lei, que era exactamente igual a outra moción que foi debatida. Non sei



se iso vai ser a norma do Partido Socialista, a de traer interpelación, traer moción, levalo a comisións, levar despois aquí o mesmo. Francamente, creo que sería bo que traballasen un pouco máis.

Pero é que, á parte ser pouco traballadores, señor Font —e ao mellor son un pouco atrevido por dicirlllo—, creo que é pouco oportuna esta iniciativa, pero ¡alá vostede! Porque coa que está caendo, parece cando menos pouco oportuno, por non dicir outra cousa, que o PSOE pretenda dar ningún tipo de leccións sobre o transporte. *(Aplausos.)*

Pero eu, sinceramente, señor Font, alégrome de que vostede me dea a oportunidade de volver denunciar o caos absoluto do transporte ferroviario, esa nova incidencia, eses accidentes, a suspensión de servizos, a xente tirada nas estacións, a páxina web colgada día si e día tamén, as protestas dos traballadores; en definitiva, un servizo colapsado, que para o Partido Socialista é un éxito de xestión e que o señor Font di que é un bo exemplo de xestión. Se iso é un éxito para vostedes, non quero imaxinarme que é o fracaso.

Pero alégrome tamén de que traia esta iniciativa para poder recordar que o ministro que está á fronte de Transportes en España foi reprobado por esta cámara sen ningún voto en contra. Logo, seguiu o noso exemplo tanto o Congreso como o Senado; iso si co voto en contra do Partido Socialista, e, ¡sorpresa!, sen o voto a favor do Bloque Nacionalista, que outra vez máis volven ser moi valentes aquí pero moi covardes en Madrid. Tanto berro aquí, tanto ruído aquí, para logo estar alí caladiños. Non vaia ser que o señor Sánchez se enfade, e non sei que obtiveron vostedes ou que temen vostedes do señor Sánchez para temer tanto a súa reacción. Ao mellor, romper algún acordo aquí en Galicia ou nalgunha deputación. Para vostedes é unha peaxe supoño que o do postiño que non están dispostos a pagar.

Pero tamén podemos volver falar aquí deses exaltos cargos de Ábalos vencellados á trama Koldo, que andan a facer negocios millonarios nos concellos onde vostedes gobernan. Ou tamén nos dá a oportunidade de volver denunciar o grave dano que vai ocasionar o novo Mapa concesional do transporte de estrada de competencia estatal. En Galicia, vinte e dous municipios con máis de cento trinta mil veciños van quedar illados das rutas estatais. Pretenden vostedes eliminar noventa rutas, un recorte que deixa concellos como Monterroso, Lalín, Tui, Melide ou Palas de Rei sen paradas, obrigándoos a facer transbordos e supoñendo unha perda de servizos e de conectividade letal para o noso rural.

Por todo isto, señorías, a Xunta de Galicia reiterou estes días a petición da convocatoria urgente da Conferencia Sectorial de Transportes para trasladar as nosas preocupacións, as nosas inquietudes e as nosas propostas. Para darlles traslado de todo isto pero tamén para que se cumpra a lei, señor Font, xa que tiña que facerse cada seis meses, e non se está a facer. E levámola solicitando desde maio, pero o Ministerio cre que pode silenciar as comunidades autónomas como silencia os medios de comunicación para que non se vexa o caos e o despropósito de todo o que afecta o seu ministerio.

E fíxese, señor Font: a norma no transporte interurbano de competencia autonómica non son os atrasos, a falta de prazas ou as avarías, como está a pasar cos servizos que dependen do ministerio, esa é a excepción —e vostede ademais sábeo—, e iso é así a pesar da dimen-



sión do servizo. Estamos a falar de máis de tres mil setecentas rutas, máis de cincuenta e seis mil paradas, máis de vinte millóns de horarios e máis de 2,3 millóns de servizos ao ano. E xa sei que non lles gusta que llelo recorde, pero quero lembrarllas que en Pontevedra segue a ser a Xunta de Galicia a que está a prestar o servizo de transporte urbano; en Santiago aínda non foron quen vostedes de renovar o contrato; en Lugo —se quere, xa llo dixen a outra vez— podemos facer un monográfico para que toda esta cámara coñeza o que está a ocorrer nesa cidade; na Coruña, a previsión é que o contrato estea en situación irregular polo menos ata o ano 2026, e en Vigo teñen vostedes o servizo prorrogado a dedo desde hai anos, e ademais os vigueses non se poden beneficiar das bonificacións e dos beneficios do aporte galego por puro capricho do seu alcalde. *(Aplausos.)* Tendo vostedes como teñen esas ideas tan brillantes, non podo eu entender como é posible que non as poñan en práctica alá onde vostedes gobernan.

Pero, ben, mentres vostedes seguen na pancarta do non polo non e criticando os servizos e as competencias da Xunta de Galicia, nós seguiremos traballando para vertebrar o territorio co transporte público en todas as súas modalidades; achegando este a toda a cidadanía, con especial atención a aquelas persoas que dispoñen de menos recursos; apostando pola sosti-bilidade económica e tamén pola sosti-bilidade medioambiental; por acadar un transporte público colectivo moderno, útil e de calidade, e fomentando o seu uso.

Vostede e o seu partido non o queren recoñecer e moito menos sentirse orgullosos diso. Pero a realidade é que en Galicia, grazas ao Plan de transporte público de Galicia, somos un referente entre o resto de comunidades autónomas como pioneira na renovación do transporte público interurbano, polo volume dos recursos públicos que dedicamos a financiarlo e polo marcado carácter social co que abordamos a mobilidade. Nun territorio tan disperso como o noso, o esforzo loxístico e orzamentario para garantir a mobilidade dos galegos é enorme, o maior do Estado das autonomías. *(Aplausos.)* De feito, temos que dedicar 140 millóns de euros ao ano. *(Aplausos.)*

E isto facémolo ademais tendo as tarifas máis económicas e uniformes para todo o territorio e cunha ampla gama de bonificacións, que tamén axudan a incentivar o seu uso. Somos a única comunidade autónoma que ofrecemos bus gratuíto á mocidade e somos tamén a primeira comunidade autónoma en ofrecer o mesmo tratamento aos maiores de sesenta e cinco anos.

Señor Font, con esta proposición non de lei vostede pretende que prevaleza a mentira sobre a verdade, porque vir ao Parlamento mes tras mes afirmar categoricamente as mesmas cousas cando está acreditado que o que vostede di non é verdade ou, cando menos, responde a unha lectura terxiversada do que di un informe é mentir. E abrazarse á mentira sen pudor...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Non é un bo camiño, señor Font. Xa lle preguntei outras veces por que vostede está a terxiversar este informe, e incluso me ofrecín a traducirllo para que o entenda perfectamente, porque, se non, non hai explicación posible a esa insistencia que ten vostede en seguir desfrutando en difundir mentiras e terxiversacións. Pero, se non o quere, pois tampouco lle levou facilitar iso.



Creo que do que di o informe non poden deducirse as falsidades das que vostede fala, máis ben todo o contrario. O que si que se pode deducir dese informe é o recoñecemento ao traballo ben feito.

Máis nada e moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rolda de peche para o autor da proposición, señor Font.

O señor LÓPEZ FONT: Señor Trenor, nada no mundo é máis perigoso que a ignorancia sincera. *(Aplausos.)*

Xa sei que se tratou na pasada lexislatura e nesta lexislatura. Pero ¿sabe por que o volvemos traer? Porque a situación segue sendo a mesma. *(Aplausos.)* E o Plan de transporte de Galicia máis que un referente é un referente negativo.

Ni necesito traductor ni estoy tergiversando. E faime moita graza cando di o de «pouco traballo», se a continuación imos debater unha PNL de vostede, que xa está aprobada, sobre o AVE a Ferrol e a Lugo hai escasos plenos. *(Aplausos.)* Pero, ¿que me conta de pouco traballo? Logo contestareille, señor Trenor. *(Aplausos.)* En todo caso, o informe do Consello de Contas é concluínte e fala de «*abdicación de competencias de inspección y control en los contratos firmados, no atender quejas de los usuarios, penalidades y falta de planificación*».

Mire: a falta de vontade política é a súa. O outro día na Comisión 2ª debatíamos sobre o transporte da Barbanza e Catoira, e vostede permitiuse dar e dar consellos para logo votar en contra do que pedían os veciños da Barbanza. *(Aplausos.)* Esa é a vontade política que ten vostede, señor Trenor.

E voulle contar o referente marabilloso que é o Plan de transporte de Galicia:

Na provincia da Coruña, a liña que maior problemática ten é a da Coruña, Ferrol, Pontedeume e Betanzos; ademais de non cumprir os horarios, outra das problemáticas que denuncian os concellos da comarca é a falta de prazas. En Ferrol, sufriron perdas de frecuencias e de liñas, ademais de falta de prazas, cambio de roteiros, impuntualidades e buses avariados. Esta situación repítese en Betanzos e en Pontedeume, onde é máis visible a mobilización.

Na provincia de Pontevedra —da que fala— denunciouse aquí o incumprimento dos contratos de autobuses entre Vigo e a comarca do Val Miñor, recollendo as queixas de veciños de Baiona e A Guarda; queixas reiteradas desde o 2020. Tamén destacan os problemas no servizo de bus entre Marín e Pontevedra, con alteración de horarios, así como as dificultades, señor Trenor, dos estudantes de Tui para comunicarse coa Universidade de Vigo, e os escasos servizos que padecen os veciños e veciñas dos concellos do Val Miñor e O Baixo Miño para asistir a algo tan importante como esas consultas do Hospital Álvaro Cunqueiro.



Esta é a situación, que se repite. E permítame que lle dea un consello: lea máis a prensa, atenda as queixas que se dan sobre este servizo, e non sexa vostede o que terxiversa de forma permanente.

Grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor López Font.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a chegada da alta velocidade ferroviaria ás cidades de Lugo e Ferrol

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas: unha do Bloque Nacionalista Galego e outra do Partido Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado e portavoz suplente Xosé Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir na parte resolutiva da proposición non de lei un novo parágrafo:

«Ademais, o Parlamento insta a Xunta a crear o Ente Ferroviario Galego para desenvolver as competencias previstas no artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da proposición non de lei débese engadir in fine o seguinte texto:

«...,para poder superar o tempo perdido de sete anos do Goberno de Mariano Rajoy, que supuxeron unha paralización absoluta nas actuacións necesarias para o acceso do AVE ás cidades de Lugo e Ferrol.»

Emenda de adición.

Débase engadir na parte resolutiva da proposición non de lei un novo parágrafo:

«Pola grave incidencia da paralización absoluta durante eses sete anos, este Parlamento acorda re-probar a Mariano Rajoy, na súa actuación como presidente do Goberno; a Ana Pastor, como ministra de Fomento, e a Alberto Núñez Feijóo, como presidente do Goberno galego nesa etapa.»)



A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para defender a proposición non de lei ten a palabra a señora Candia López.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

O meu agradecemento, ademais, por partida dobre.

Parece que ao señor Font non lle vai gustar esta iniciativa e a min gustárame que lle gustase, porque mentres Lugo e Ferrol non teñan conexión de alta velocidade, o Grupo do Partido Popular seguirá traendo esta iniciativa unha, dúas, tres, catro e vinte mil veces. (*Aplausos.*) E dígolle máis: e vostede seguro que as apoiará porque esta iniciativa que eu hoxe defendo en nome do meu grupo, do Grupo Parlamentario Popular, pero moi especialmente en nome dos lucenses e dos ferroláns, que son ademais dúas cidades que están irmandadas —para o vindeiro ano fará un cuarto de século que están irmandadas—, porque comparten preocupacións, comparten inquietudes e neste caso, señor Font, comparten un importante reto. Pero eu son máis ambiciosa e creo que ese reto tamén o comparte vostede, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista con nosoutros, porque o que hoxe pedimos aquí nesta iniciativa é intentar que se evite unha tremenda inxustiza, que dúas cidades importantes para Galicia non queden apartadas da alta velocidade.

E teño que dicirlle que é evidente que cando rexistramos esta iniciativa non sabiamos o que ía pasar, pero, sen dúbida, está máis de actualidade ca nunca, é máis necesaria ca nunca e deféndoa —créame— con máis sentimento e con máis determinación ca nunca. Porque, casualmente, estivo na nosa provincia o ministro de Fomento, ese que di coa fachenda que o caracteriza —que non por soberbio di a verdade— que o tren está vivindo en España o mellor momento da súa historia. E eu teño que dicirlle que falta á verdade ou polo menos se considera que Lugo e Ferrol están dentro de España, pois indubidablemente mente.

Hai uns días comentaba cunha compañeira que protestaba e incluso máis que protestar compartía esa reflexión de que parecía imposible que no século no que estamos non se puidera facer unha reserva de billete *online*. E eu, que me acordaba da miña avoa, que a pobre cando ía ao hospital sempre dicía que por moi mal que fora sempre encontrabas unha persoa que estaba peor ca ti, pois díxenlle: pois non protestes porque pode haber aínda unha situación moito peor, que é que non poidas collelo *online* porque sinceramente non hai trens. E iso é o que nos pasa na cidade de Lugo.

Eu se fora o señor Tabarés seguramente protestaría porque parece que os que van intervir despois de min non son da provincia de Lugo, pero eu non protesto por iso porque —como dixen nas miñas dúas primeiras reflexións— isto non é un tema de Lugo nin é un tema de Ferrol, isto é un tema de Galicia, é un tema ademais ao que temos que ir absolutamente unidos. (*Aplausos.*)

Lugo está en conexións ferroviarias peor ca nunca; se no ano 2001 saían quince trens hoxe non chegan a seis. E aínda que, evidentemente —e póñollo en valor—, houbo un esforzo de



colaboración entre administracións para acometer unha obra para que teñamos un edificio da intermodal moito mellor, eu sempre repito o mesmo: de pouco serve ter un edificio vanguardista se dentro non temos trens. E disto é o que hoxe temos que falar aquí, porque nós representamos a todos os galegos e temos que alzar a voz, e hoxe seguro que o faremos outra vez por unanimidade, porque temos ademais a responsabilidade de que iso non quede no esquecemento. E eu, ademais, non pido máis do que tiñamos, pido que non nos quiten o que tiñamos.

Eu vin a súa emenda, á que non lle vou dedicar moito tempo porque, a verdade, parece máis propio dun arrebatado de enfado que dunha argumentación nun tema tan importante como son as conexións ferroviarias. Cando digo que, efectivamente, non nos quiten o que tiñamos, eu quero poñelo en valor e agradecelo, porque eu creo que é de xustiza o compromiso que tivo o Goberno de Mariano Rajoy con Galicia. E bromas á parte, (*Risos.*) porque aquí a seriedade... (*O señor Bará Torres ri.*) Faille moita graza, señor Bará, faille moita graza, porque os papeis ao final é o que poñen a cada un no seu sitio. (*A señora Candia López amósalle á Cámara un documento.*) Ademais, podo dicilo en primeira persoa e agradezo ademais que sexa así, porque tiven a oportunidade de que isto fora unha realidade.

No ano 2018, un ministro estivo en Lugo, na subdelegación, e presentou o que para nosoutros era un avance sen precedentes: a conexión coa alta velocidade. (*A señora Candia López amósalle á Cámara unha fotografía.*) A conexión coa alta velocidade que levaba absolutamente implícita a eliminación de dous puntos moi conflictivos, que sen eles non podería haber unha alta velocidade. Era a construción de dúas variantes e no caso de Ferrol, tres en Betanzos.

Facíao ademais nun contexto, porque parece que a memoria se esquece de que contexto herdaba o señor Rajoy, aquel Goberno despois de Zapatero. ¿Acordádesvos de Zapatero? Pois gobernou España, gobernou España ou máis ben desgovernou España. (*Murmurios.*) Deixou unhas taxas de paro sen precedentes, abaratou o despido, baixou o salario dos funcionarios. ¿Recordades iso? Pois foi o señor Zapatero. Conxelou as pensións, dicía que deixaba un déficit dun seis e resultou ser dun oito e medio, deixou unha factura a 12 millóns de familias por unha errática política de enerxías renovables, disparou a prima de risco. ¿Acordádesvos de cando viamos cada día á noite o telexornal e esperabamos a cifra de en que máximos estaba e que non deixaba de subir? Subiu o IVE, bateu récords de desahucio.

Era a situación económica que colleu o presidente Rajoy. E, aínda así, priorizou, priorizou o importante. Fixo este plantexamento que eu compartía e, ademais, podo deixalo para os servizos da Cámara, para que as forzas políticas o estuden con detemento, porque creo que era moi importante, un investimento de máis de mil cincocentos millóns de euros. Era necesario. É que non é máis nin menos que o que merecemos todos os galegos, porque os lucenses somos galegos e os ferroláns somos galegos. Lugo é máis alá que a zona atlántica, a zona de interior.

Fago esa chamada á unión, e iso demóstrase con feitos. Énchesenos a boca ás forzas da oposición cando critican a Xunta de Galicia, que se non se aposta polos servizos no rural. Ben, ¿que vos vou contar? Primeiro, sanidade; agora, educación. Levan vostedes absolutamente enredando, terxiversando cifras, pero cando lles toca decidir resulta que o que había plani-



ficado, que era un investimento de máis de mil cincocentos millóns de euros, queda reducido nun pírrico cincocentos millóns, en cifras que dá o propio ministerio; elimina as variantes e, por non facer, nin sequera repón as frecuencias que tiñamos, por exemplo, na miña cidade, que se eliminaron con motivo da pandemia.

Iso permite poñer claramente o foco en que unha cousa é o que defendedes cando estades na oposición e outra cousa ben distinta é o que facedes cando estades no goberno. Efectivamente, as infraestruturas son imprescindibles para facer territorios competitivos, para as nosas empresas, para abordar dunha maneira moitísimo máis forte o reto demográfico, para darlles mellor calidade de vida aos nosos veciños e veciñas. Lugo e Ferrol teñen dereito á alta velocidade, como ten o resto de Galicia.

E se vostedes, e refírome aos dous: uns indubidablemente porque son do mesmo partido que o ministro de Fomento e que o presidente do Goberno, e outros porque ben que presumen de ser unha peza clave. Nós aquí sabemos que, efectivamente, a aportación que fan, o que son tidos en conta polo Partido Socialista é máis ben pouco. De feito, sorpréndeme cando repasamos as votacións no Congreso e no Senado, porque o que hoxe pido aquí indubidablemente ten moito apoio en institucións. O Senado aprobou que as variantes do tren se constrúan. *(A señora Candia López amósalle un documento á Cámara.)* Está aquí e representan a toda España. Hai moitas institucións: as deputacións, concellos...

Indubidablemente, é un clamor, pero a responsabilidade tena quen a ten. O Partido Socialista énchese en dicir que con esta reelectricación da vía vai poder ter un tren de máis de douscentos quilómetros por hora. Demostrarei despois tamén con argumentos que iso é imposible. Claramente dise en informes técnicos que se non hai variantes é imposible que o tren alcance esa velocidade. E se non alcanza esa velocidade é imposible acurtar os tempos de chegada a Ourense ou a Madrid.

Por iso, e aínda que poida parecer repetitivo, non o é; as cousas que están sen facer están na axenda política. As desigualdades que pretende crear esta política errática do Goberno de España só se corríxen con políticas públicas. E os que están aquí teñen moitísimo que dicir ou, polo menos, teñen que dicírllelo aos galegos. Despois, o caso que lle fagan de Ponferrada para aló, xa alá cadaquén; agora que van ter congreso, pois ao mellor poden facelo con máis énfase.

Por iso hoxe o traemos, si, novamente, e non será a última vez, ata que sexa unha realidade, porque así llelo debemos aos veciños e veciñas que depositaron en nós a confianza para que hoxe eu poida estarlles falando aquí. O acordo é moi sinxelo: que se inste «o Goberno de España para solicitar que se garanta o acceso ás cidades de Lugo e de Ferrol á alta velocidade, en condicións de igualdade co resto do territorio, para o que é imprescindible» —como dicía— «a execución das actuacións precisas para adaptar a infraestrutura ferroviaria actual e que permita a chegada do AVE, entre as que inclúen as variantes de Canabal-Os Peares, Rubián e Betanzos».

É de xustiza. Lugo non quere ser máis que ninguén, pero tampouco menos que ninguén. Ferrol non quere ser máis que ninguén, pero tampouco menos que ninguén. E tanto as políticas



públicas, os representantes en todas as institucións, como a base social e os sectores económicos de ambas as cidades van dar un paso para pelexalo; se non é aquí, será en Madrid, e se non é cando governe Sánchez, será cando chegue ao Goberno o noso presidente Feijóo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Candia.

É agora a quenda para o Partido Socialista. Ten a palabra o señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Boa tarde de novo.

Comprobo, señora Candia, que a descolocou moito a intervención do señor Trenor, máis ben, a metedura de pata. Porque isto é selectivo: cando vostedes repiten, está moi ben; cando repetimos os demais, está moi mal. *(Aplausos.)*

Pois é certamente simpático, señora Candia. *(O señor López Font amósalle á Cámara un documento do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.)* Mire: pleno do 10 de setembro deste ano, a mesma proposición, e permítese o señor Trenor dicir que traballamos pouco os demais. Xa me contará vostede que cambiou do 10 de setembro a aquí. É unha proposta do PP que debatíamos aquí sobre a situación do ferrocarril, e nese momento vostedes abordábana desde unha perspectiva xeral con varios puntos. Ben, nada novo, porque o PP construía un relato con continuas repeticións e tamén con varios mantras, nos que vostedes son, a verdade, expertos. Dos catro puntos que propoñían, un era literalmente o que hoxe traen para a súa aprobación. Dada a súa maioría nesta cámara, señora Candia, recórdolle que o que hoxe propón xa está aprobado hai menos dun mes e medio. *(Aplausos.)*

¿Que ocorre? Que o verdadeiramente importante para o PP, unha vez que o que hoxe propón xa está aprobado, é instar o Goberno de Pedro Sánchez. Este é o seu deporte favorito: utilizar o mesmo argumento e que sirva este debate para falar doutro mantra correspondente, que repiten unha e outra vez os seus deputados. En anteriores plenos estes mantras foron: Venezuela, ETA, o terrorismo, Cataluña etcétera; hoxe serán —imaxínome— determinadas situacións xudiciais, esquecendo o *Pasapalabra* tan simpático do A ao Z da historia da corrupción do Partido Popular *(Aplausos.)* Iso si, volve aprobar aquí o mesmo. Pois, señora Candia, todo isto obríganos tamén a nós a repetir argumentos; non queda outra opción fronte ao PP.

E falando de infraestruturas ferroviarias e da situación actual de Galicia, parece mentira como lle falla a memoria. É necesario lembrar que o mapa do AVE para Galicia —e naquel mapa non figuraban nin Lugo nin Ferrol— foi deseñado polo Partido Popular. Ao partido da amnesia e da memoria selectiva tamén hai que recordarlle que con José María Aznar de presidente do Goberno do 2011 ao 2018, e nese período nin máis nin menos que de sete anos, non se fixo absolutamente nada por desenrolar o que vostedes propoñen aquí. *(Aplausos.)* Todos os proxectos, todas as demandas das cidades e da sociedade quedaron en caixóns,



cando os máximos protagonistas eran galegos coma vostede: Mariano Rajoy, presidente do Goberno, e Ana Pastor, como ministra de Fomento. Iso si, tamén co silencio cómplice de Alberto Núñez Feijóo, que tamén é galego.

Por tanto, esta proposición, como definía no último pleno, é outro fascículo máis da demagogia do PP, que é o partido, como lle dicía anteriormente, da memoria selectiva e da amnesia sobre o realizado ou non polos seus gobernos e noutras administracións.

E todas estas propostas que traen aquí non teño ningunha dúbida de que son para redimir culpas do que non fixeron vostedes. Unha hipocrisía que non sorprende, pero que aquí hai que contestar, porque vir agora reivindicar as comunicacións con Lugo e Ferrol, cando vostedes estiveron calados cando se marxinou estas cidades e outros territorios, é marca das mentiras do PP.

Señora Candia, Rajoy nos seus sete anos na Moncloa —esa Moncloa que tanto añoran vostedes e que xa crían que tiñan nas súas mans— non investiu nin un euro na modernización da liña ferroviaria Lugo-Monforte-Ourense. Pero foi aínda peor que non investir, pois hai que lembrarlle a vostede, precisamente a vostede, aquí que o Goberno de Rajoy paralizou as obras do AVE a Galicia, e fíxoo dunha forma irregular, como deixou constancia o propio Tribunal de Contas. Ao partido da memoria selectiva e da amnesia hai que lembrarlle que o Goberno de Pedro Sánchez, si, de Pedro Sánchez, é o que leva investidos máis de cincocentos cincuenta millóns de euros na modernización e na electrificación da liña ferroviaria Lugo-Monforte-Ourense. ¿Sabe canto investiu Rajoy? Cero euros, señora Candia.

Ben, sigamos con Lugo como referencia e tamén lembrarlles que o Goberno de Zapatero, este goberno que vostede mencionaba cando falaba de reforma laboral... ¡Pero se a reforma laboral a fixeron vostedes! Se foi o peor momento para o mercado do traballo. Se o Goberno de Zapatero foi o que trouxo os maiores (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) beneficios sociais dos que se aproveitaron...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Por favor, deixen falar a persoa que está na súa quenda. ¡Por favor!

O señor LÓPEZ FONT: ...vostedes e levaron ao Tribunal Constitucional. (*Aplausos.*) Si, si...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): ¡Por favor!

Pare un momento, señor Font. Por favor, deixen falar a persoa que está na súa quenda.

O señor LÓPEZ FONT: Failles moita graza.

Sigamos con Lugo como referencia. O Goberno de Zapatero con José Blanco como ministro licitou e adxudicou o proxecto de estación intermodal de Lugo. Ese si que era compromiso coa cidade de Lugo. Pero nisto chegou Rajoy e coa colaboración de Ana Pastor como ministra suspenderon o contrato desa estación intermodal, coa consecvente indemnización á empresa adxudicataria. E fala de inxustizas, señora Candia. Isto non lle parece ningunha inxustiza, ¿seguro?



Gústalles moito a vostedes falar do ministro Puente e de reprobacións. Di que a miña emenda é un arrebatado. Non é un arrebatado. Falan vostedes de reprobacións e eu tamén falo de reprobacións. ¿Sabe o que ocorre? Que do ministro Puente lles molesta o seu estilo directo e as súas verdades sobre a historia afastada e recente do PP. —Ría, ría—. O ministro Puente retrátaos a vostedes dunha maneira que entenden ben os que escoitan obxectivamente. E moléstalles excesivamente que hoxe o Goberno de España está a atender as demandas históricas que viñan anos acumuladas, como, por exemplo, esa electrificación de ancho de vía Ourense-Lugo ou o compromiso de inclusión no corredor Lugo-A Coruña-Ferrol. Pero vostedes sempre están buscando o titular negativo. E ten razón o ministro Puente cando di que é o mellor momento da historia de ferrocarril de España. Efectivamente, que o é.

Pero miren: *numeritos* como o do presidente Rueda queixándose dos atrasos provocan un sorriso como o de vostedes agora. ¿Sabem unha cousa? Era mellor que Rueda, en vez de montar estes *numeritos*, fíxese de enquisador sobre o que opinan os galegos e as galegas sobre a sanidade; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que Rueda fora á porta dos centros de saúde e dos hospitais, e que alí lles preguntase aos galegos e ás galegas que non lles dan cita para o médico ou que levan meses nas listas de espera que lles parece a xestión da sanidade pública galega. Seguro que...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que rematar, señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: ...—conclúo— seguro que todos lle contestarían que é un completo desastre. Desde esta tribuna queda invitado Rueda a pasear, iso si, só polos centros de saúde de Galicia para ver que tal funcionan.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor López Font.

É agora a quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Moi boa tarde, señora Candia.

Hai que valer para facer o que fixo vostede aquí nesta tribuna. Hai que valer para ser do PP e vir aquí falar do abandono ferroviario de Lugo e mais de Ferrol. (*Aplausos.*) ¡Hai que valer! ¡*Hace falta valor!*, señora Candia.

Hai que valer para vir aquí falar do compromiso do Goberno de Mariano Rajoy con Galicia. Ben, despois dixo vostede: «bromas á parte», e supoño que se refería a esa frase.

E hai que valer para falar do noso presidente Feijóo, que vai facer o tren Ourense-Lugo, que non o fixo, a pesar de prometer en 2009 que ía facelo con fondos da Xunta e que lle ía pasar a factura ao Goberno central. (*Aplausos.*)



«Bromas á parte», señora Candia, hai que valer, a verdade é que hai que valer. Hai que valer porque vostedes, o Partido Popular, son os principais responsábeis do abandono da discriminación ferroviaria das áreas urbanas, destas zonas de Lugo e de Ferrol —A Coruña-Ferrol, Lugo-Ourense—. Son vostedes os principais responsábeis, xunto tamén co Partido Socialista, porque vostedes gobernaron a medias no Estado nos últimos trinta anos. Polo tanto, son corresponsábeis.

E esta historia, a de Lugo, da liña ferroviaria Lugo-Ourense, non empeza nese *powerpoint* que ensinou aquí vostede do ano 2018, que é o balance que fixeron vostedes, empezou antes xa. E voume remitir ao ano 2000, cando fixeron o estudo informativo, licitado polo Ministerio de Fomento, para a modernización da liña entre Lugo e Ourense, que se ía equiparar ao eixo atlántico. (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara un documento.*) Ese estudo informativo que teño aquí xa prevía esas variantes da Pobra de San Cibrao, de Rubián, dos Peares e de Canabal, ano 2000. É dicir, vostedes veñen aquí pedir algo que xa puxeran nun documento do Goberno central no ano 2000, vinte e catro anos despois. ¡Algo que non fixeron, señora Candia! (*Aplausos.*) ¡*Hace falta valor!*, evidentemente, para vir aquí pedir isto.

Xa non vou falar desa enciclopedia da trola que foi o Plan Galicia, que dicía nada máis e nada menos que ían facer o AVE entre Lugo e Ourense, porque o que se está facendo agora nin é AVE nin é a alta velocidade, nin o *powerpoint* do PP era alta velocidade. Este AVE Lugo-Ourense estaría «*en funcionamiento antes de 2010, con doble vía y velocidad de 300 kilómetros/hora*». Isto puxérono vostedes no Plan Galicia no ano 2003. ¡*Hace falta valor!* E aínda veñen aquí agora dar leccións e pedir explicacións. Pero se son vostedes os principais responsábeis.

Claro, despois chegou o señor José Blanco no ano 2009, maio de 2009, e mandou parar; dixo que iso non valía, que Lugo tiña que ter un AVE como Deus manda. Entón, ese estudo que se fixera con esas variantes non valía e encargou un novo estudo informativo. Porque aquí os ministros dedícanse a encargar fundamentalmente estudos informativos, e fixo un estudo informativo.

Pero despois chegou «M. Rajoy» e Ana Pastor, e mandou parar outra vez. E resulta que tivemos un parón de tres anos ata o 2015, no que empezaron de novo a facer estudos informativos das citadas variantes que vostedes veñen agora aquí reclamar. E fixeron de novo estudos informativos no 2016 e no 2019.

E polo medio está o *powerpoint*, que é a gran realización do Goberno do Partido Popular, que presentaron en maio do ano 2008, que vostede nos trouxo aquí. O ministro foi a Lugo presentar un *powerpoint*; balance do Goberno de seis anos de Mariano Rajoy, ese presidente. Como dixo vostede: «compromiso do Goberno de Mariano Rajoy para Lugo». Un *powerpoint*, ese é o balance, señora Candia.

A realidade é que a variante de Canabal, que é unha das cousas que piden vostedes aquí, está en estudos desde o ano 1999; que a variante da Pobra de San Xiao, que é a única que se fixo en Láncara, tardaron once anos os dous gobernos en facela, e que as dúas outras que estaban no ano 2000 están as dúas sen facer. Polo tanto, non veñan aquí dar leccións de nada, porque



vostedes son os principais responsábeis do illamento ferroviario de Lugo. Vostedes, o Partido Popular.

E a min sorprendeume que vostedes non dixeron palabra da Coruña-Ferrol. Non sei se aquí o debate era só sobre Lugo, pero eu voulle falar tamén da escandalosa exclusión do eixo atlántico da liña entre A Coruña e Ferrol. Estamos a falar dunha, se non a primeira, área urbana de Galicia, con 652.000 habitantes e que ten o peor tren de media distancia de todo o Estado. Fíxense vostedes: por responsabilidade dos gobernos do Partido Popular, dese tan celebrado señor Mariano Rajoy, e do anterior, do anterior e do anterior.

Esa é a realidade, que temos unha liña de 70 quilómetros que ten catro frecuencias diarias e que tarda unha hora e cuarto o tren en chegar. Non me estraña que estea quedando sen usuarios con estas prestacións. Ademais, nin sequera é unha liña, son dúas: é a liña que vai da Coruña a Lugo, porque ao chegar a Betanzos hai que dar marcha atrás, e despois coller polo que lle chaman «O Ramalillo», que se fixo en 1913; é dicir, unha liña prehistórica para ir cara a Ferrol. Esta é a realidade.

¿E que balance temos? Que no ano 2000 de novo se fixo un contrato de consultoría para redactar un estudo do proxecto de liña da alta velocidade A Coruña-Ferrol. No ano 2000 ían reducir a distancia a 55 quilómetros e a viaxe a vinte e cinco minutos. Nada de nada. Non fixeron absolutamente nada.

Estiveron gobernando dez anos vostedes, señora Candia, e agora veñen aquí exixir. Pero se son vostedes, xunto cos gobernos tamén do Partido Socialista, os responsábeis de que non estea feita esta actuación.

En fin, voulles ler unha resposta, para que lles quede claro, que lle dou no mes de outubro de 2013 o Goberno central a unha deputada do BNG chamada Rosana Pérez —non sei se lles soa—, que se senta aquí neste Parlamento para a honra do grupo do BNG, e dicíanlle: «*La redacción de los estudios informativos A Coruña-Betanzos y Betanzos-Ferrol, a la vista de los resultados obtenidos hasta la fecha de estos estudios informativos y del coste estimado para la ejecución de esta nueva línea de alta velocidad, la viabilidad económica de la actuación a corto plazo no se ha visto confirmada*». É dicir, que vostedes no 2013 dicían, branco e en botella, que non a ían facer, que non tiña ningunha intención de facer a mellora da liña entre A Coruña e Ferrol.

Señora Candia, ¿como vén vostede aquí presumir do que fixeron e exixirlles aos demais se teñen vostedes a maior parte de responsabilidade?

Polo tanto, levamos nesta liña sete estudos informativos e non se puxo aínda a primeira travesía.

E a Xunta de Galiza, de espectadora, de comentarista. Por iso, pedímoslle nós na emenda que cren o ente ferroviario galego, para que deixe de ser ente ferroviario galego o Eixo Atlántico, que é quen se dedica a facer estudos sobre o ferrocarril en Galiza, substituíndo o que debía facer o Goberno galego e non fai. Pois cren ese ente, que ademais está previsto no Estatuto, porque o Estatuto di que temos que ter competencias en materia ferroviaria.



Despois desta parálise, nos últimos tempos tivemos algunhas noticias favorables grazas a este documento que temos aquí, (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara un documento.*) que, se queren, podo pasarlles unha copia; grazas a que o BNG puxo no Acordo de investidura o Plan de mellora das infraestruturas ferroviarias de Galiza, (*Aplausos.*) con actuacións concretas que se están verificando e que van beneficiar estas dúas liñas. Así é como o traballa o BNG, en positivo, non en negativo; non en modo catastrofista como o Partido Popular; non botado ao monte como o Partido Popular, que segue as instrucións de Madrid, e por iso se bota ao monte.

Polo tanto, pedímoslle que deixen esa actitude obstrucionista, que arrimen o ombreiro, que non sexan prosmas, que non sexan rosmóns contra estes acordos e que deixen de poñer paus nas rodas.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Bará.

O Grupo Mixto declina a intervención.

Para a rolda de peche ten a palabra a señora Candia López.

A señora CANDIA LÓPEZ: A ver se nos centramos.

Neste caso, entendo a renuncia do señor Ojea, que o vemos con envexa porque Ourense está servido, ¿verdade?

Non sei que opinan vostedes pero a verdade é que moi mal teñen que estar as cousas na oposición desta cámara para que o Partido Socialista e para que o Bloque Nacionalista Galego teñan que acordarse de Aznar, para que teñan que volver e poñer en valor o traballo de Aznar. Miren que si que son haragáns. (*Aplausos.*) É increíble.

Hai outra recesión que tamén, con total humildade, se non a comparto rebento. Señor Font, o señor Rueda fixo unha enquisa, unha enquisa moi ambiciosa, e non só en tema de sanidade, senón de educación, dos servizos públicos... Fixo unha enquisa en febreiro, e contestáronlle os galegos dunha maneira clarísima, dígollo con humildade. (*Aplausos.*) Pero para vostedes, e vostedes especialmente —e refírome ao Partido Socialista de Galicia—, esa enquisa é para facela mirar e para analizala. Eleccións con esa fachenda, as xustas, jeh! Iso dígollo como un consello, que vostede tivo un ton correcto, que eu lle agradezo.

E si que lle teño que dicir dúas cousas que pasaron dende esa última iniciativa aquí, e todo o que pasou desgraciadamente e, sen ser catastrofista, foi moi malo.

Primeiro, fixemos unha consulta para cando se ían repoñer os trens hotel, que en Lugo eran moi demandados. Temos moita familia —eu a primeira— en Barcelona, en Bilbao; era un servizo que bota en falta moita xente maior. Preguntouse ao Goberno de España e contestan: «Polo que respecta aos servizos de trenhotel e Arco, indícase que forma parte dos servizos comerciais



da operadora. Como é coñecido, este tipo de servizos non reciben ningunha aportación pública, polo que deben ser sostibles por si mesmos, de forma que se asegura a súa viabilidade. Isto cobra maior importancia, se cabe, tras a entrada da competencia e a liberalización do sector do ferrocarril. En función do anterior» — e aí vén o importante — «e atendendo ás características particulares deste produto, indícase que nestes momentos non existe previsión ningunha respecto da súa reposición». Bofetada para os lucenses do Goberno de España.

Outro dato —díciolle que eu pensei que ía poñelo en valor tamén, porque eu creo que viña con ese obxectivo—: tivemos unha visita esta fin de semana, e o ministro di que está o tren no mellor momento da historia. Eu vou modificar un pouquiño a frase: eu creo que o ferrocarril ten o peor ministro da historia, pero iso xa o argumentarei. (*Aplausos.*) Díciame o ministro que ía prometer para Lugo e Ourense un tren lanzadeira, un «servizo lanzadeira» chamoulle, a douscentos quilómetros por hora.

Se o anterior era un desprezo, polo menos era un «non», que os nons son feos pero polo menos son desenganados. Isto é unha mentira, porque se non se constrúen as variantes, e tampouco o di o Grupo Parlamentario Popular, pois hai informes que claramente din que se non se acometen as variantes, a velocidade media prevista será de setenta e cinco quilómetros por hora. E iso está documentado. Entregareille tamén o informe. Entón, se o primeiro é un «non» feo e desenganado, e que dunha maneira clara evidencia un desprezo, isto é claramente unha mentira.

E, señor Bará, eu voume moi desgustada, porque eu pensei que vostedes, que están tan apoderados, ían chegar aquí e facer valer ese macroacordo e dicirme: tranquila, señora Candia, —que a vostede, señor Bará, lle encanta ademais dar consellos e estar así por encima do ben e do mal. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)—, iso témolo amañado, vai empezar tal día, vai custar tanto diñeiro, está nesta partida, iso é o valor do BNG. Pero non dixo iso, volveuse acordar de Aznar e do ano 2000. Entón, a realidade de todo isto é que aquí parecen —e facéndolle un guiño a Ferrol, que claro que me acordei del— a procesión dos Caladiños; cando lles interesa, a procesión dos Caladiños (*Aplausos.*), porque non vaia ser que se enfade o Partido Socialista e os bote dalgún sillón, e todo ese elenco de asesores e amigos...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Señora Candia, posiciónese sobre as emendas, por favor.

A señora CANDIA LÓPEZ: ...que, claro, ao final, a ideoloxía.

Non lle vou aceptar ningunha das dúas emendas; evidentemente, están feitas para iso. O Partido Socialista reconeceume que se enfadou un pouquiño e o Bloque Nacionalista Galego dime iso de que o que non faga España, que o fagan os galegos, e á fin ao cabo é o que lle interesa a vostede.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Creo que deben estar á altura das circunstancias e agradecería un apoio unánime porque, no fondo, reconeceron todos que é moi necesario.



Moitas grazas, presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Candia.

Seguimos con outra proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que proceda a unha repartición xusta dos fondos para o fomento das linguas cooficiais no ámbito da industria cinematográfica e audiovisual

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Mercedes Queixas Zas, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir na parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte parágrafo:

«Asemade, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a rectificar a redución de recursos destinados á Agadic, como axencia impulsora das industrias culturais, acrecentando o apoio económico ao sector audiovisual galego nos orzamentos para 2025 actualmente en tramitación.»)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para defender a proposición non de lei ten a palabra a señora Pomar Tojo.

A señora POMAR TOJO: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

O audiovisual galego está no mellor momento da súa historia, con proxectos líderes en plataformas, recoñecementos nos principais festivais do mundo e presenza significativa nos cinemas comerciais. A maior parte destes proxectos, feitos grazas ao talento artístico e empresarial galego, levan o apoio da Xunta de Galicia, a través da Agadic, nalgunha das súas liñas.

As axudas estatais para fomentar a produción, distribución, exhibición e promoción da industria cinematográfica e audiovisual en lingua cooficial distinta ao castelán, máis coñecidas como «fondillo», constitúen unha importante liña de apoio ao sector do audiovisual. Poden usarse para todo tipo de accións, que comprenden a creación de proxectos audiovisuais en galego, a dobraxe, a acción de promoción etcétera.

Este chamado «fondillo» xa existira hai anos, e recuperouse tras a pandemia no ano 2022, sendo unha das contrapartidas de Esquerra Republicana de Cataluña para votar a favor da



investidura de Pedro Sánchez como presidente do Goberno de España. Esta xénese é posiblemente o primeiro problema deste fondo.

No primeiro ano, no 2022, a dotación económica foi a seguinte: Baleares, 50.144,93 euros; Navarra, 71.298 euros; País Vasco, 760.395,49 euros; Valencia, 887.659,29 euros; Galicia, 1.212.805,03 euros; Cataluña, 7.695.027 euros. É un total de 10.499.998 euros, dos cales, se fan vostedes as contas, Cataluña levou o 71,60 por cento.

O importe e as condicións foron pechadas en decembro dese ano 2022. Xa me dirán como se poderían ter convocado e adxudicado axudas *a posteriori*. E a convocatoria foi baixo o seguinte criterio: no caso de que a dotación global, destes dez millóns cincocentos mil euros, consignada para o exercicio 2022 fose inferior á suma total do investimento das seis comunidades autónomas con lingua cooficial no exercicio 2021, deberíase ter en conta o criterio de rateo do investimento efectuado por cada comunidade no devandito exercicio, para obter unha porcentaxe que se aplicará á cantidade total por distribuír, e obter a contía individualizada correspondente a cada comunidade autónoma. Un pouco lío.

Finalmente, debería verificarse que a devandita contía individualizada non superaba o cincuenta por cento do total das axudas que as empresas audiovisuais residentes na comunidade autónoma recibiron do Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales do Goberno central no ano 2021.

Señorías, estes criterios, de antemán, ían beneficiar sempre a Cataluña; están feitos para iso. No fondo de desenvolvemento non tiveron en conta o investimento en desenvolvemento de cada comunidade autónoma, xa que Galicia, a través do Hub Audiovisual, inviste máis ou menos unha cantidade superior que o resto de comunidades autónomas xuntas. Pois ben, este importe aceptouse o primeiro ano; en teoría, era unha proba e, ademais, saíra no mes de decembro.

Como xa dixen cando sinaléi as cifras, con estes criterios que o ministerio coñecía e sospeitosamente deseñou *ad hoc*, o importe para Cataluña alcanzaba o 71,60 por cento fondos. Está claro, segundo este tipo de criterios, que dá o mesmo o que nós invistamos, sempre teremos o límite das concesións do ministerio, que é un dato no que nós non influímos.

Avanzamos no tempo e chegamos ao 2023, segundo ano, ¿como foi a repartición? Pois no segundo ano, dos dez millóns do *fondillo*, a adxudicación para Cataluña foi do 63,93 por cento, mentres que para Galicia só foi do 8,3 por cento. Aplicáronse —é obvio— os mesmos criterios.

Ante este evidente maltrato, en multitude de reunións, o director da Agadic, o señor Sutil, mostrou ante o ministerio e o propio director do Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales o seu desacordo con estes criterios de repartición. Poñendo un exemplo moi claro e didáctico para que o entendan, salvando as distancias, señorías: é como se para repartir cen millóns de euros en peixe en Galicia, o criterio son os metros de costa. ¿Que dirían os de Ourense? Que está claro que os criterios están feitos para que eles coman só carne.



Chegamos ao 2024. Pois ben, o pasado 21 de xuño, o ministerio comunicoulles ás comunidades autónomas con lingua cooficial distinta ao castelán a cantidade que lles transfería este ano. ¿Queren saber a repartición? Pois nun total de 11.846.870 euros do *fondillo* deste ano 2024 —vou cinguirme a Galicia e Cataluña, porque non hai tempo para enumerar todas as comunidades—: Galicia, 606.096,41 euros; Cataluña, 8.194.052,75 euros. Os datos son moi claros.

¿En serio alguén cre que se están a cumprir os obxectivos de fomento de todas as linguas cooficiais? ¿Ou quedanos claro que son outros os intereses que persegue esta repartición?

Queda claro, señorías, que este é o financiamento que piden os partidos independentistas cataláns; concretamente, Esquerra Republicana de Cataluña, para quen precisamente foron os votos do BNG nas eleccións europeas. BNG ao que ningunean unha e outra vez. Este é un claro exemplo disto. Miren: o seu deputado en Madrid limitouse a presentar unha pregunta por escrito, con pouco ruído, non vaia ser que os socios da Esquerra se enfaden. (*Aplausos.*) E mentres o Partido Socialista ignorando unha vez máis aos nacionalistas galegos.

A ver, señorías, ¿como era iso do acordo de investidura?, ¿como era? Alá vostedes e os seus líos, señorías. Pero dende o Grupo Popular temos claro que isto non é admisible para Galicia, non o é; non xa polo Goberno galego senón polo noso sector audiovisual. Este sector, a ben seguro, seguirá moi de cerca o sentido do voto de cada un dos grupos parlamentarios desta cámara e saberá quen está ao seu carón e quen non.

Dende o Grupo Parlamentario Popular pedimos o apoio para instar o Goberno galego a dirixirse ao Goberno de España para que garanta unha repartición máis xusta e máis consecuente co obxectivo de fomento das linguas cooficiais distintas do castelán nas axudas para o fomento de produción, distribución, exhibición e promoción da industria cinematográfica audiovisual.

É fundamental, señorías, opoñerse frontalmente aos criterios de repartición do Ministerio, ou no caso de que os manteñan é importantísimo que se poñan uns contrapesos que non beneficien sempre aos máis fortes, e neste caso, ¿como non?, a Cataluña. Algo que se supón debería facer un Goberno que presume de progresismo, aínda que xa vemos —como dicía a miña compañeira na intervención anterior— como con este goberno non avanzan nin os trens. Estes contrapesos poderían ser a través dun mínimo de 500.000 euros por comunidade autónoma ou que ningunha delas leve máis do corenta por cento fondos.

O ministerio agora dirá que non se poden modificar os criterios. Pero, señorías, isto non é certo; se hai vontade, pódense modificar. E isto non é só unha crítica da Comunidade Autónoma de Galicia ou das comunidades do Partido Popular; outras comunidades con lingua cooficial están na mesma liña, como, por exemplo, Navarra.

Remato xa, presidenta. O apoio do Goberno galego ao sector audiovisual queda demostrado coa acción do propio Executivo, que segue apostando pola produción de aquí, da casa, en galego. Hoxe máis do sesenta por cento da produción que se realiza en Galicia faise na nosa lingua, en galego. Pero como apunta sempre o noso presidente, o presidente da Xunta, o señor Rueda, non queremos ser máis ca ninguén, pero tampouco menos.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Quenda do Bloque Nacionalista. Ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Moitas grazas, presidenta.

Moi boa tarde, señorías.

Pois, ben, dúas de dúas e xa temos o pleno cumprido. De novo, o Grupo Parlamentario Popular convidanos a dar unha volta escapista pola capital madrileña. Debe ser que a capital compostelá, sede do Goberno galego e da soberanía popular galega, lles queda pequena, ou ben o país moi grande, ou é que confían pouco no Goberno da Xunta para resolver os problemas de Galiza.

Eu quero comezar felicitando o Grupo Parlamentario Popular. E preguntaranse por que. Pois por traer ao pleno —seis meses despois de comezar esta lexislatura— por primeira vez unha demanda de apoio á cultura galega, neste caso centrada no importantísimo sector do audiovisual. Aínda que —sabémolo perfectamente— só é unha escusa máis para lle meter o dedo no ollo ao Goberno do Estado, buscando un titular de prensa. Mais, en calquera caso, felicitámoslos porque nos dá a oportunidade ao BNG de volvernos comprometer publicamente co audiovisual galego, que está a crear en galego producións de altísima calidade, dando conta do inxente talento creativo que temos en Galiza, e con produtos altamente recoñecidos a nivel internacional.

Dende o BNG concordamos con esta PNL á hora de lle demandar ao Goberno central que cumpra co audiovisual galego e en galego; en definitiva, que cumpra con Galiza, que é o que dicimos sempre, para superar —como recollen vostedes na formulación da súa PNL, na parte expositiva— «a continua aldraxe».

No BNG tamén temos que dicirlles que non só demandamos do Estado que repare o déficit histórico con Galiza —facémolo sempre, independentemente de quen governe no Goberno de Madrid; vostedes esquécenlo en canto o Partido Popular non goberna alí—, senón que colocamos no centro do debate e conseguimos acordos bos para o país, tal e como os galegos e as galegas veñen comprobando con esas rebaixas históricas da AP-9, que tanto lles molesta ao Partido Popular, ou coa licitación recente dun estudo de viabilidade para implantar as cercanías ferroviarias, como tamén acabamos de falar agora.

E xa que nos convidan a dar unha volta por Madrid, imos facer unha pequeniña viaxe no tempo que complete algún despiste do Partido Popular á hora de redactar esta exposición de motivos. Efectivamente, recoñecen que hai anos xa existiran estas axudas de apoio á creación de proxectos audiovisuais en linguas oficiais; algo que, por outra parte, parece totalmente normal e obvio se realmente asumimos que estamos nun Estado plurilingüe e multicultural.

En efecto, esas axudas convocáronse entre 2009 e 2011. Mais o que esqueceu de anotar o Grupo Parlamentario Popular é: ¿por que deixaron de existir?, ¿que milagre foi ese para que



de repente deixasen de existir?, ¿cando e por que? Eu voules dar unha pista: o ano 2012. Seguro que lles soa a algo. Efectivamente, chegou o PP co incerto «M. Rajoy» á Presidencia do Goberno español e mandou parar; un presidente galego, procedente do PP galego, anulando dende o Goberno de Madrid unha oportunidade de avance cultural, social, industrial, empresarial e económico para o galego. ¿Quen ía facelo se non máis que o PP? Por certo, que por máis que buscamos na hemeroteca tampouco atopamos nin un chío, ningunha declaración desconforme con esta decisión por parte do Partido Popular galego. ¡Que cousa rara!

Mais o certo é que, a pesar do PP, da vontade do Partido Popular, tamén galego, de ir en contra do galego, segue moi vivo o respecto pola diversidade lingüística e o recoñecemento pola cultura que facemos con orgullo, sen límites nin fronteiras, dende as nosas linguas propias. *(Aplausos.)*

E isto explica que no 2022 —queden con esa data—, dez anos despois da liquidación destas axudas por parte do Partido Popular, puidésemos recuperar este fondo para impulsar a creación audiovisual en galego, que, por certo, non o esquezan, tanto demandaban as asociacións de produtoras cinematográficas como unha axuda pública fundamental para fomentar a normalización e o posicionamento no Estado das linguas minorizadas como o galego.

Así que, non o esquezan, esa data de recuperación é a de 2022. ¿E cal é a razón, que eu lles preguntaba antes? Pois a razón principal é porque o Partido Popular xa non estaba no Goberno do Estado, porque cando o Partido Popular está liderando un goberno, é un freo para o galego, aquí, en Madrid e onde estea.

E tamén porque nesa recuperación tivo parte a sinatura do BNG como membro dunha inicial emenda conxunta con outras forzas nacionalistas do Estado á hora de negociar os orzamentos. O BNG sempre estivo, está e estará do lado da defensa da lingua galega, de promover o seu reforzo positivo entre a sociedade e do apoio á súa presenza normalizada en todos os usos e en todos os espazos, aquí, en Madrid, en Europa e onde sexa.

Mais os acordos non están só para seren asinados, senón fundamentalmente para seren cumpridos. É o contrario do que fixo e segue a facer o Partido Popular con calquera acordo que teña a lingua como eixo vertebrador e cohesionador. Acordo unánime para aprobar a Lei de normalización lingüística; o Partido Popular incumprírono e rachouno. Acordo unánime para aprobar o Plan xeral de normalización da lingua galega; o Partido Popular rachouno e incumpriu. Todos os acordos unánimes ao redor da lingua no noso país foron incumplidos e rachados polo Partido Popular. *(Aplausos.)*

Por iso, o noso compañeiro Néstor Rego, no Congreso, xa formulou preguntas por escrito. Por certo, recórdolle, señora Pomar, que remata o prazo de resposta aínda o día 24; polo tanto, seguimos agardando por ela, como seguimos agardando, incluso no meu caso agora, cinco e seis meses polas respostas escritas que eu lle teño formulado ao Goberno do Partido Popular da Xunta. Mándelle recado tamén, por favor, que llo agradezo moito.

En calquera caso, claro que agardamos esa resposta sobre algo que é moi importante: o desigual criterio de repartición destes fondos entre as distintas comunidades autónomas con



lingua propia; de tal forma que si é certo que hai unha lingua que está a monopolizar até case un setenta por cento das cantidades destinadas a tal fin.

Por certo, tamén nos preguntamos se o Grupo do Partido Popular no Congreso tería esta mesma preocupación ou soamente tivo a ansia de votar en contra do uso do galego no Congreso. Igual tamén vostede nolo responde despois.

Señorías do Partido Popular, conten co BNG para exixirle ao Goberno do Estado fixar criterios de repartición claros e equilibrados, que aseguren unha equidade entre as diferentes linguas e entre as diferentes comunidades autónomas. Mais non conten nunca co BNG para atacar unha comunidade, nin unha lingua en concreto, co único beneficio de activar a súa particular contenda e confrontación partidaria e de oportunismo político. Para iso non conten co BNG.

E eu preguntolles, e honestamente respondan: ¿faríanlle esta mesma reclamación a un Goberno do Partido Popular en Madrid?, ¿ou volverían quedar caladiños e o Partido Popular volvería eliminar estas axudas ao audiovisual galego, como xa fixo no seu día no 2012?, ¿volverían reclamarllo tamén agora?

Señorías do Partido Popular, vostedes seguen demostrando que son moi pouco amigos da lingua galega, que son máis defensores do avance da substitución lingüística cara ao monolingüismo en castelán. Non perden oportunidade de escribir novas páxinas do seu persoal libro negro contra o galego. A última sorpresa é a que acabamos de descubrir agora na Lei de acompañamento, con esa porta aberta no acceso á función pública para calquera persoa que non teña ningún coñecemento de galego. Se a vostedes lles preocupa o audiovisual galego e en galego...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Queixas.

A señora QUEIZAS ZAS: ...agora que comeza esta tramitación de orzamentos, dende a responsabilidade que se lles presupón como grupo que sustenta o Goberno, deberían pronunciarse sobre a proposta, de momento, de rebaixa de orzamentos para 2025 para a Agadic, que é o soporte básico das industrias culturais, nomeadamente do sector audiovisual.

E pregunténlle de paso —e xa remato— á Agadic que fixo con este fondo extraordinario o ano pasado. ¿Foi extraordinario ou simplemente o empregou para substituír os fondos propios? E preguntelle de paso, xa que están tan preocupados: ¿cando vai aplicar a Agadic criterios transparentes e equitativos nas súas axudas? Pregúntenlle, pero sobre todo déanlle ao sector audiovisual as respostas ás preguntas que nos fan a todos e a todas.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

¿Señor Ojea? O señor Ojea renuncia á súa quenda de palabra.

Ten agora a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Longueira.



A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas.

Ben, cando menos sorprendente. Por nós non vai ser que non se lle vaia pedir ao Goberno de España que regularice ou que nos poña o nivel doutras linguas.

Interveu antes a compañeira do Bloque Nacionalista, e claro que hai moitas cousas que son obvias. ¿Onde estaban vostedes ese día que non quixeron facer do galego unha lingua cooficial do Congreso? E agora temos esta preocupación, porque, evidentemente —e dígoo con orgullo—, unha das mellores escolas que hai en España de imaxe e son está na Coruña, onde, por certo, dos mellores profesionais que hai en España saíron de aí, como técnicos, iluminadores e tamén xente que está no guión, e incluso xente que hoxe ten produtoras de moitísimo éxito. ¿Como non apoiar e como non dar para adiante ao que supón riqueza, tanto riqueza intanxible culturalmente como esa riqueza económica que produce o audiovisual, e que é o mellor embaixador de calquera cultura.

Pero ¿onde estaban vostedes —insisto— ese día que non apoiaron o galego como lingua oficial? Porque, ao final, tamén todo suma. Quero dicir: se un non educa ben un fillo, despois tampouco pode pretender que faga as oposicións a notaría. Entón, estamos ante unha situación que a min me parece marabillosa, porque de pronto se acordan vostedes dese marabillosa *fondillo*; evidentemente, creado na época na que foi creado e eliminado na época na que foi eliminado, como tantas outras cousas. Pero o que é curioso é que despois, no que compete á Agadic, teñen unha baixada este ano do 2,4 por cento; pasan vostedes de 44.325.000 euros a 43.000.000 de euros. Hai unhas transferencias do Goberno de máis de dous millóns de euros. ¿Non sei como se come isto? Porque se un ten a vontade...

E xa lles digo que contén co noso apoio. É verdade que tampouco nunca en contra doutra lingua rexional, que, por certo, levan un traballo moito mellor ca o noso. Pero se vostedes están con ese apoio, fagan ese apoio desde a casa. Ninguén vai crer en vostedes se vostedes non cren no galego, e iso é unha máxima. É dicir, ninguén vai apoiar unha cuestión que para vostedes é baladí e mesmo é unha moeda de cambio, cando para outras culturas do Estado é un tema fundamental, e está profundamente incardinado na sociedade.

¿Que sucede co galego? Ben, que vostedes detectaron no ano 2009 que hai unha masa social que ao mellor vapuleando o asunto se poñía da súa parte. E, claro, despois de todo aquilo, estamos na situación na que estamos. Esperemos a chamada deste novo conselleiro de Cultura, que ten moito interese na lingua; parece ser que o seu presidente xa lle deu unha carta branca. E eu espero tamén que este rexurdir que teñen vostedes de animar o galego dentro dos orzamentos da cinematografía española, do *fondillo*, eu espero que esa chamada sexa tamén pois ao mellor unha boa intención por parte do conselleiro de retomar un bo camiño para que volvamos a un estado do bilingüismo absolutamente normalizado, como estabamos na época do señor Fraga, que temos que mentalo aquí agora, ¡que parece mentira!

Entón, insisto: pola nosa parte ningún problema. Pero eu quero saber por que diminúen vostedes o 2,4 por cento o orzamento da Agadic. E quero saber tamén por que diminúen vostedes na «Protección do patrimonio», por exemplo, en Cultura. Entón, paréceme que dos orzamentos que presentan para este ano con esas baixadas importantes, porque a cultura é un



sector precarizado, desde os propios produtores ata os propios actores que están nela, e vos-
tedes permítense esas baixadas tanto na Agadic como noutras partidas que teñen que ver —
insisto— con «Protección do patrimonio».

Pero hai máis: unha parte moi importante de todo isto teno tamén a CRTVG. Nunha enquisa
presentada polo señor Sánchez Izquierdo —que sempre ten esa cousa bonita de dicir que el
non fala de política, que el politicamente non ten ningún manexo, nada que ver, pero aí está,
se non é el xa terán quen o faga por el— na Comisión da CRTVG falabamos dunha audiencia
que diminuíu o 30 por cento, o 53 por cento estima que a produción da TVG non é moderna,
o 42 por cento pensa que hai un déficit informativo, así ata chegar ao que supón que un 64
por cento da produción da TVG non é propia. É dicir, externalizan o 64 por cento da produ-
ción audiovisual da CRTVG, cando a media do Estado nacional está por debaixo do 40 por
cento.

En comparación con outras televisións, eu recordo que lle fixen unha pregunta ao señor
Sánchez Izquierdo na que facía a comparativa entre a televisión catalá —que vostedes queren
falar hoxe aquí da política lingüística en Cataluña— e a televisión galega. A resposta do señor
Sánchez Izquierdo foi: non hai comparativa, porque os orzamentos da TVG e os orzamentos
de TV3 non teñen nada que ver. Claro, os outros son líderes de audiencia en todas as franxas;
teñen unha produción propia que non hai quen a pare. Pero será porque cren no que fan.

Entón, todo isto agromado dá que a súa iniciativa todos sabemos que é un teatro. Pero, dito
isto, eu cómprome a entrada. Todo isto fai que nós apoiemos a súa iniciativa. ¿Como imos
dicir que non, que non nos dean máis cartos para os creadores audiovisuais, que bastante
teñen en Galicia con buscar os fondos en acción cultural, con buscar os fondos ICO e con
buscar os fondos noutras fundacións privadas que hai en España, que, por certo, os ganan?
O que non se lles dá aquí na Agadic gánano fóra.

Ou nos innumerables festivais. E, por exemplo, vou citar aquí o S8 da Coruña, sustentado
basicamente con aportacións de fóra de Galicia, ou o Intersección, que acabou estes días na
cidade da Coruña, que, entre outras cousas, estaba promovido polo Concello da Coruña e a
Fundación Luís Seoane.

¿Como non imos apoiar isto? ¡Por suposto, que o imos apoiar! Agora, non me enfronten vos-
tedes con quen o está facendo de marabilla, e a quen temos que mirar. É que á televisión e á
industria catalá é a quen hai que mirar, pero non é a que hai que reprender. Entón, loitemos
polo noso, pero, ¡home!, teñamos altura de miras, e miremos para quen o fai mellor, que son
eles, evidentemente. Basicamente, porque levan anos enorgullecéndose da lingua que falan.

E, por outra parte, volver sobre o mesmo: unha aldraxe e todo como vostedes falan na súa
proposición desa aldraxe que sofre. Por certo, aldraxe é tamén, porque aquí estamos a falar
de cartos —o que xa repetín outra vez neste mesmo lugar—, pedirilles aos artistas e aos
creadores rebaixas nos seus produtos para que formen parte da colección deste Parlamento,
e pode ser unha peza audiovisual, como pode ser un lenzo que estea colgada nestas paredes.
Iso é aldraxe. Aldraxa é xogar cos cartos dos que comen, e no sector audiovisual, como nou-
tros sectores artísticos, a xente tamén come.



Co cal, adiante coa súa petición. Nós estaremos aí para pedirlle reforzar ao Goberno o que precisamos. ¡Ogallá despois sexan ben gastados, e sexan gastados aquí en Galicia con esa concorrència competitiva e con esa honorabilidade que se merecen os artistas! E ¡ogallá tamén sexa unha cousa de tender a man para que ese conselleiro, co que teremos que falar nos próximos días, teña unha boa nova sobre a lingua!

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Peche, señora Pomar.

A señora POMAR TOJO: Grazas, presidenta.

Miren, señorías da oposición —señora Queixas, señora Longueira—, en primeiro lugar, agradezo o apoio dos grupos da oposición a esta iniciativa, pero gustaríame que recoñeceran explicitamente que a repartición é absolutamente desigual. (*Aplausos.*)

Señora Queixas, mire, os que viñeron aquí falar de Madrid foron vostedes; pero se acaban de sacar a copia do seu marabilloso pacto aquí neste hemiciclo; foron vostedes os que viñeron falar de Madrid. Mire, vostede si que falou de Madrid case todo o tempo, nós vimos falar do audiovisual galego.

Lémbrolle, ademais, que a primeira lei rexistrada nesta lexislatura é a de cultura inclusiva —e vostede, como ponente, debería sabelo—. Polo tanto, non fale de que neste Parlamento e nesta lexislatura non se fala de cultura, estamos precisamente nese proceso.

E, mire, a repartición cun goberno do Partido Popular en Madrid non sería ningún desleixo, ningún agravio, ningunha aldraxe para Galicia, pero nin no audiovisual nin en nada.

Señora Longueira, perdoe, pero están vostedes hoxe para falar da TVG con ese decretazo para a elección e composición do Consello da RTVE, ¡vaia papelón con ese decretazo!

Miren, non se equivoquen co foco. Falando de audiovisual, non sei se lembran vostedes un filme dirixido por Woody Allen cuxo título foi desafortunadamente traducido ao castelán como *Desmontando a Harry*, cando nun cómico diálogo, por moito que facía o equipo da rodaxe dunha película, o que estaba desenfocado era o propio actor. Pois ben, isto é o que lles pasa a vostedes: enfoquen e céntrese na proposición que traemos hoxe dende o Grupo Popular. Deixen de atacar unha e outra vez o Goberno da Xunta, o Partido Popular, e por unha vez pónanse de fronte ao Goberno que vostedes apoian, que segue, sen pudor, agravando Galicia. E, por unha vez, señorías do PSdeG, sexan quen de admitir —non só de votar a favor— que o seu ministro de Sumar segue o catecismo sanchista e se pon de xeonllos ante os independentistas cataláns.

E si, dende o Grupo Parlamentario Popular xa amosamos varias veces a nosa absoluta vontade política de asinar ese pacto polo galego, que ofreceu o conselleiro nesta Cámara xa en



maio na súa comparecencia. Sexan quen de defender a nosa lingua nese pacto consensuado, porque a lingua, señorías, é patrimonio de todas e todos os galegos.

Isto vai de audiovisual, e dende o grupo parlamentario queremos insistir que do total do fondo que o ministerio aporta para as producións en linguas cooficiais diferentes ao castelán hai unha verdadeira aldraxe para a nosa comunidade; os datos así o demostran.

O Bloque Nacionalista Galego, o seu grupo parlamentario, presenta unha emenda de adición, que rexeitamos dende o Grupo Popular, señorías, porque vostedes están a pedir un incremento do orzamento da Agadic para o audiovisual, pero ¿saben verdadeiramente a canto ascende o orzamento da Agadic para o audiovisual? ¿Saben as partidas que compoñen ese orzamento e canto van aumentar? ¿Saben que se vai incrementar o importe das axudas á produción? ¿Saben que se van publicar por anticipado axudas a videoxogos? ¿Saben que vai volver unha nova convocatoria das axudas a rodaxes por 2 millóns de euros?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora POMAR TOJO: Quizais non saiba o BNG —remato xa, presidenta— que é tan importante o importe do orzamento como o que se faga con el. En todo caso, os orzamentos están nesta Cámara e os orzamentos e os debates e as propostas dos orzamentos fanse na comparecencia dos orzamentos.

Polo tanto, dende este grupo parlamentario pedimos esa unanimidade desta Cámara para que a Xunta, a instancias do Parlamento, se dirixa ao Goberno de España e demande unha repartición xusta dunha vez dos fondos para o fomento das linguas cooficiais co audiovisual.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Imos coa última proposición da tarde.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxectivo de concretar a planificación en materia de vivenda protexida

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non se rexistraron emendas, e para o seu debate, por oito minutos, ten a palabra dona Alexandra Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Moi boa tarde, case noite.

A Xunta de Galiza anunciaba hai apenas uns meses que ía pór en marcha a grande Estratexia galega de solo residencial, coa que ía conseguir construír 20.000 vivendas protexidas. ¿E en que consiste? Ninguén o sabe, porque é unha estratexia secreta; non hai nin un só documento público, a pesar de que este grupo parlamentario lle solicitou a información. O único



que coñecemos son o tour de roldas de prensa que fai a conselleira polas cidades, con cifras que non paran de bailar; parece que as vivendas protexidas van ao peso ou segundo como se levantase dese día ou con que ánimo vai dar a rolda de prensa a conselleira.

Outra das calidades desa estratexia é que é por tempo ilimitado. Como se fose unha especie de tarifa plana de propaganda, as 20.000 vivendas protexidas pode que estean listas en 2030, en 2040 ou dentro de cincuenta anos, porque non se sabe en que data remataría. E tamén depende de que folleto consulten, porque, se van vostedes ao momento da propaganda electoral, vemos como Rueda dicía que en 2028, se el gobernaba, ía haber 20.000 novas vivendas protexidas, pero, se imos ás informacións do Consello da Xunta, unha vez que xa gañou as eleccións, dinos que a cousa vai ir bastante máis lenta, por fases —di—, que ata o 2028 en realidade era a primeira fase para preparar só e que xa despois —se volve gañar as eleccións, entendan ben— se tal farían esas 20.000 vivendas protexidas.

E é unha estratexia que, como ten límites temporais incertos, nin se sabe cando acaba nin tampouco cando comeza, porque as novas 20.000 vivendas protexidas non son novas dende hoxe, dende o 2024, non, pasan a computarse as miles de vivendas que a Xunta leva prometendo, arrastrando durante quince anos.

Venden, por tanto, como promesas novidosas o que en realidade son executar anuncios vellos, que, por exemplo, como no caso de Navia, o que revelan en realidade é o que o Partido Popular non quixo facer durante estes quince anos.

E do pouquiño que sabemos da estratexia é en que localizacións —aproximadas, iso si— estarían; di que só se van implementar nas sete áreas urbanas máis importantes do país; é dicir, que vai deixar fóra todo o sistema urbano intermedio do noso país; que para quen vive na Mariña, Carballo, Muros, A Barbanza, Baixo Miño, Lalín, O Carballiño, Vilalba, Sarria, Monforte, Chantada, A Limia ou O Barco nada de vivenda protexida, en contra do que din as Directrices de ordenación do territorio deste país e a pesar de que estamos falando de zonas onde hai dificultades evidentes tamén de acceso á vivenda.

Tanta inconcreción, contradicións e manipulación de datos lévanos a intuír que estamos ante un novo capítulo de publicidade enganosa do Partido Popular. E sobre todo temos motivos para desconfiar dos seus orzamentos en materia de vivenda, porque nas últimas contas auditadas de 2023 o Goberno acabou investindo 1 de cada 3 euros que prometeu en materia de solo residencial. Estamos falando de que apenas investiu en todo o país 2 millóns de euros. Hai que facer moi moi moi pouquiño para gastar nun ano 2 millóns de euros en solo residencial. As súas contas fracasan non por un exceso de ambición, senón por unha falta clara de vocación política.

Este exemplo, ademais, non é un dato illado. Se imos á execución da construción de vivenda pública, máis do mesmo: gastaron en realidade unha terceira parte do que anunciaron. Vostedes teñen credibilidade cero en materia de vivenda protexida.

Pero é que, ademais, o problema que temos coa vivenda protexida non se vai solucionar só con investimentos, senón que ten que ver tamén co marco normativo. Está claro que o Par-



tido Popular sabe que este é un tema crucial, que esas normas son as que determinan un modelo, e por iso veñen de empregar a Lei de acompañamento dos orzamentos como campo de batalla, como unha vía para coar pola porta de atrás modificacións que van en detrimento do público e en beneficio de quen especula coa vivenda.

E por iso é tan necesario darnos este debate público sobre que modelo vivenda protexida queremos e con que obxectivos. E a nosa aposta do BNG é reforzar o peso e a función social da vivenda protexida. E para iso o primeiro problema que temos que atallar é que neste momento a creación do parque da vivenda protexida non é un proceso acumulativo, senón que necesita sistematicamente de roldas de investimento permanente, porque, pasado o tempo de protección máis ou menos longo, esas vivendas descualifícanse, pasan ao mercado libre e collen os prezos desorbitados que hai neste momento no mercado.

Por iso propomos dar un carácter estrutural acumulativo aos investimentos en vivenda protexida coa súa cualificación permanente, ademais de apostar porque polo menos o 50 por cento sexa en alugueiro e un 50 por cento público, precisamente para termos cada vez máis mecanismos públicos que garantan o acceso á vivenda.

O segundo gran tema é que a vivenda protexida ten que selo a prezos accesibles, porque, mentres a Xunta nos vende esta grande estratexia pola vivenda protexida, na sombra estaba aprobando unha suba de prezos desproporcionada e inasumible. O ano pasado subiu un 8 por cento o prezo da vivenda protexida, pero é que este ano calcoulle por riba un 30 por cento de incremento dos prezos. Isto significa que unha vivenda protexida de tamaño medio vai pasar a custar máis de 200.000 euros para quen ten uns ingresos de 1.500 euros mensuais. Acaban de facer que as rendas baixas nin tan sequera poidan acceder á vivenda a través da vivenda protexida.

Por iso, nesta iniciativa, na que intentamos abordar un novo modelo de vivenda protexida, reclamamos que haxa un axuste de prezos baseado en indicadores reais que atendan a cal é a evolución real da construción e non que este tipo de decisións dos prezos se tomen ao libre arbitrio dunha conselleira que claramente traballa en favor das construtoras; e que, ademais, se establezan bonificacións ás rendas de alugueiro en función dos ingresos, para que sexa unha opción de alugueiro accesible real a todas as rendas.

En terceiro lugar, incrementar as reservas de solo destinado a vivenda protexida, porque este tipo de instrumentos son os mecanismos que temos para a recuperación parcial das plusvalías urbanísticas con fins sociais. Canta menos reserva de solo hai, maiores son as plusvalías das grandes empresas promotoras e das construtoras e menos capacidade ten a futura Administración para controlar os prezos cando o ciclo inmobiliario se atopa nun momento de maior crédito e de actividade. Por tanto, a chave pasa por aumentar as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida de forma significativa; como mínimo, alcanzar o que propón a lei estatal e, dende logo, acabar xa inmediatamente coas revisións que fai á baixa cada ano a Xunta de Galiza.

Porque neste momento a Xunta de Galiza non é que non só non estea aplicando a lei estatal, senón que, ademais, están pasando por riba da súa propia Lei do solo de Galiza, que fai unha



reserva do 30 por cento en solo urbanizable e urbano non consolidado e dun 10 por cento en renovacións urbanas para baixalo a través dun réxime de excepción a que na práctica totalidade dos concellos deste país a reserva de solo sexa de menos do 10 por cento. Non se entende que a Xunta estea falando agora de urbanizar, de adquirir 3,3 millóns de metros cadrados de solo para esas supostas 20.000 vivendas protexidas ao tempo que boicotea reservas de solo para vivenda protexida a futuro.

En cuarto lugar, priorizar e actuar sobre o xa construído, porque é máis barato, máis áxil, máis sostible; sempre que se poida apostar pola adquisición da vivenda baleira, renovación de tecidos urbanos fronte ao desenvolvemento de novo solo. E precisamente para que sexa máis barato adquirir para a Administración, propomos a creación da figura das áreas de incorporación de terreos inmoables aos patrimonios públicos onde se arbitren instrumentos como o dereito de tanteo. Porque non é comprensible que a Administración non faga nada para tratar de adquirir vivenda xa construída a mellores prezos, porque neste momento nin tan sequera está exercendo o dereito de tanteo e retracto nas transmisións de vivenda protexida.

En quinto lugar, aloxamentos dotacionais. Xa hai outras comunidades que o teñen en marcha, unha fórmula que permite ofrecer aloxamento temporal para persoas con dificultade de acceso. Todo isto ten que ir acompañado de maior transparencia e de planificación, facendo público, en primeiro lugar, o inventario dos patrimonios públicos de solo e de vivenda da Xunta e non ocultando e manipulando os datos, como fai a Xunta sistematicamente, e, sobre todo, impulsando un plan sectorial da vivenda, que é o que está contemplado na Lei de ordenación do territorio, onde se faga unha previsión estratéxica real, unha planificación territorializada, e non anuncios baleiros de regulación urbanística, como a que están intentando coar pola porta de atrás na Lei de acompañamento. Están intentando poñer en marcha a mesma receita fracasada de sempre, que nunca se demostrou útil para facer máis accesible a vivenda.

O Partido Popular sostén como tese nestes orzamentos que a única opción é a de regulación, a de aumentar beneficios a quen especula coa vivenda, que con iso se vai facer que se constrúa máis. Pero nunca explican en que beneficia iso en termos de acceso á vivenda. ¿De que vale que se constrúa máis se non se pon nin unha soa medida en marcha para frear que estas vivendas acaben sendo vivendas turísticas ou que teñan prezos imposibles? ¿Que gañamos cos beneficios fiscais a especuladores se nin tan sequera se lles exige unha contraprestación social?

E nós queremos dicirle á xente dende o BNG que hai unha alternativa real e efectiva, que hai outro modelo posible de vivenda protexida, que poña límites aos prezos, onde se ordenen usos; un modelo de vivenda protexida que non se limite simplemente a ter como vocación impulsar o sector da construción e as plusvalías de particulares, senón un modelo de vivenda protexida que aposte por baixar prezos, por garantir a accesibilidade e por promover contornos urbanos sostibles. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten agora a palabra o Grupo Mixto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Desiste.



Ten agora a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, o deputado Carlos López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e todos de novo.

O PP de Galicia quixo trasladar ás galegas e aos galegos que a vivenda será a súa prioridade neste mandato. É evidente que a sociedade reclama políticas de vivenda que permitan o acceso á mesma e que se desenvolvan un conxunto de medidas que permitan abordar esta problemática en xeral, para lograr o dereito que figura na Constitución española.

É moi loable que o Goberno de Rueda se marque este obxectivo, pero é evidente que non goza de credibilidade en materia de política de vivenda, polo seu fracaso estrepitoso durante os quince anos que levan gobernando.

A falta de políticas concretas, o incumprimento dos obxectivos reiterados ano tras ano, orzamento tras orzamento, e a falta de execución presupostaria, entre outros, colocan a sociedade galega no escepticismo ante os repetidos e reiterados anuncios. Son xa seis meses dun goberno do que dicía o seu presidente que non necesitaba os cen días de cortesía, e no concreto, na vivenda, todo segue igual.

Declaración de boas intencións, inclusive anuncios de partidas orzamentarias multiplicadas por non sei canto, pero sen concretar como desenvolver unha estratexia absolutamente eficiente. E iso é o que esperamos os socialistas, que as notas de prensa habituais e triunfalistas se concreten neste Parlamento en medidas concretas. Porque que sirva de exemplo que se ligou o investimento en vivenda nos orzamentos presentados o venres co desenvolvemento do polígono de Navia, en Vigo, cando é precisamente esa actuación o exemplo máis nítido do que foi o fracaso das políticas de vivenda durante eses quince anos.

Por tanto, compartimos, señora Fernández, da súa iniciativa o diagnóstico, de onde vimos, en que situación estamos e cal é o balance deste goberno do PP, que pretende facernos crer no seu propósito de emenda.

O que non compartimos, señora Fernández, é a súa forma de abordar unha proposición que debe ir ao concreto e non converterse en todo un desenvolvemento da política lexislativa da vivenda en Galicia, desde o punto de vista da súa formación política. Que traten vostedes de que en oito minutos demos cumprida resposta a unha valoración xeral de catro páxinas e quince propostas concretas resulta un pouco pretensioso. Nin desfrutando de once minutos, como desfrutou vostede, foi capaz de chegar ao punto 6º.

Como programa electoral, vale. Como contestación a este debate que teñen vostedes co PP entre o Goberno ao sol e o Goberno na sombra, dicirlle que resulta imposible no marco do debate dunha proposición non de lei abordar todo o exposto por vostedes. Posicionarse sobre quince aspectos da política de vivenda nun marco de proposición non de lei cando parece todo un enunciado de puntos a tratar convértese nunha misión imposible, como lle sucedeu a vostede, primeiro pola súa extensión, e, segundo, porque tamén faltarían aspectos.



O tempo de que dispoñemos neste debate non permite, nin moito menos, sinalarlles a vostedes os puntos de acordo e os puntos de desacordo. Queremos quedar coa súa parte de exposición de motivos, coa necesidade de actuacións concretas, que son as que os socialistas demandamos de forma reiterada.

Estamos a analizar os orzamentos presentados só hai setenta e dúas horas. Como queira que se poden converter —como sempre— nun campo minado de trampas, porque detrás das partidas xenéricas están as posteriores decisións deste goberno durante quince anos favorecendo os concellos nos que gobernan; como queira que isto é así, debemos ser cautelosos e exixir o que dicíamos ao principio: concreción das actuacións. Moito anunciar triplos investimentos e resulta que destinan menos recursos que o Bipartito á vivenda hai dezaseis anos. *(Aplausos.)*

Tamén debemos exixirlle a este goberno que abandone a confrontación e que en materia de vivenda traballe dende a lealdade institucional imprescindible co Goberno de España.

Tempo teremos de poñer coas cantidades concretas deses orzamentos as achegas que se realizan dende o Goberno de España e que nunca son mencionadas polos responsables deste goberno do PP. Porque nunha lectura moi rápida esas achegas son moi importantes e iso require dun traballo conxunto, desa lealdade institucional á que me refería e abandonar a confrontación da que fan gala, unha intervención tras outra, as voceiras e voceiros do PP neste Parlamento.

O problema da vivenda é moi complexo, require de colaboración e de políticas firmes, non só de anuncios de grandes cantidades, porque esa concreción imprescindible permitiríanos saber se a execución do que se propón é posible e saber cando se realizará. Porque escoitando a Rueda e a conselleira, parece que as vivendas chegarán nuns meses. E non debe enganarse a cidadanía, e iso só se consegue poñendo en práctica o que reclamamos: concreción das actuacións.

Votaremos a favor pola exposición de motivos, na seguridade de que, chegado o momento, estaremos de acordo nalgunhas das quince cuestións expostas e en desacordo noutras. E tamén será necesaria a implementación doutras medidas que engadiremos os socialistas ao debate.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor López Font.

É agora a quenda para o Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra a señora Deza Martínez.

A señora DEZA MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde novamente a todos e a todas.

Como xa temos debatido neste foro, o problema de acceso á vivenda a nivel nacional incrementouse durante os últimos anos e os galegos e galegas non somos alleos a esta proble-



mática. Conscientes da evolución do mercado da vivenda, da falla de financiamento por parte das entidades financeiras, da inflación e da ausencia de plans estatais nesta materia, a Xunta reforzou a Estratexia galega para o desenvolvemento da vivenda de promoción pública e impulso da vivenda protexida, coa posta en marcha dun plan máis ambicioso, que inclúe dúas liñas de acción.

Unha primeira, reforzo da Estratexia galega para o desenvolvemento da vivenda protexida, co obxectivo de duplicar o número de vivendas públicas nesta lexislatura ata chegar ás 8.000 vivendas; e, segunda, a posta en marcha da Estratexia galega de solo residencial, para facilitar solo para construír 25.000 novas vivendas, 20.000 delas protexidas e 5.000 libres.

Acadar os obxectivos marcados implica a construción ou rehabilitación de preto de 3.500 novas vivendas nesta lexislatura, das que a meirande parte serán vivendas de promoción pública de nova construción, cun investimento estimado de máis de 550 millóns de euros.

E boa parte delas estarán situadas nas sete grandes cidades, onde se concentra preto do 90 por cento dos demandantes de vivenda protexida, e onde xa estamos vendo os primeiros avances, coa posta en marcha de 1.500 vivendas de promoción pública de nova construción, en diferentes fases de execución, licitación ou con proxectos licitados. E nese marco xa están adjudicadas 90 vivendas na Coruña, 54 en Ferrol, 60 en Santiago, 74 en Pontevedra, 163 en Vigo ou 146 en Lugo. *(Aplausos.)*

E para iso é necesario investimento. E por iso, como xa anunciou o presidente nesta Cámara, a Xunta vén de triplicar para o vindeiro exercicio o orzamento en materia de vivenda. En concreto, o orzamento de 2025 prevé 100 millóns de euros para a construción de novas vivendas públicas en Galicia, outros 20 para a xestión dos novos solos residenciais e preto de 7 millóns para o programa Rexurbe.

O Executivo galego está, pois, a dar resposta ás diferentes necesidades en materia de vivenda, abordando o reto con medidas de acción inmediata, con programa de subvencións. A Xunta de Galicia ofrece un completo programa de axudas orientadas a cubrir os diferentes ámbitos e colectivos con necesidades habitacionais, para adquisición, para alugueiro ou para rehabilitación, ao que neste ano 2024 se destinaron 140 millóns de euros. Axudas destinadas á adquisición de vivendas, 3,45 millóns; Aval Mozo, 5 millóns; bonificacións fiscais para adquisición de vivenda para menores de 36 anos; axudas destinadas ao alugueiro, preto dos 31 millóns; axudas para a rehabilitación de vivenda e mellora de accesibilidade, 9,5 millóns; axuda e accións dirixidas á rehabilitación enerxética en edificios e vivendas, 37 millóns; axudas aos concellos para que executen rehabilitacións, 32,6 millóns do programa Barrio e 4,6 millóns de fondos propios; axudas para a rehabilitación a través de áreas de carácter supramunicipal, 1 millón.

Ademais, os orzamentos de 2025 prevén tamén outras medidas complementarias, como o Bono de Emancipación, dotado con 2 millóns.

E con medidas tamén a medio prazo, coa rehabilitación de vivendas, a través do programa Rexurbe, destinadas a alugueiro; coa liña de axudas para fomentar a construción de vivendas



destinadas ao alugueiro accesible, aprobada o pasado 3 de xuño polo Consello da Xunta e para o que o Executivo vai destinar 14,7 millóns de euros, co obxectivo de incentivar promotores públicos e privados a construír inmobles que contribúan a reforzar o parque residencial en alugamento.

Porque, señora Fernández, todos somos coñecedores de como variou o escenario dende o ano 2019 ata este ano 2024, onde subiron os prezos ata un 35 por cento.

Ademais, desde a Consellería de Vivenda estase a traballar en medidas encamiñadas para facilitar a emancipación da mocidade. Así, trabállase xa na posta en marcha de vivendas colaborativas para menores de 36 anos. Trátase, como asegurou a propia conselleira esta mañá na presentación das novas 70 vivendas que se van executar aquí en Santiago, dunha modalidade nova, dun proxecto de vivenda temporal pensada para aquelas persoas que conseguen o seu traballo, unha modalidade *cohousing*.

E tamén medidas a longo prazo, coa posta en marcha da Estratexia de solo residencial, que ten por obxecto —como xa indiquei— planificar o desenvolvemento de solo residencial para 25.000 novas vivendas, o que suporá adquirir e urbanizar máis de 3 millóns de metros cadrados de solo e un investimento inicial de máis de 43 millóns de euros.

Unha planificación que se estrutura en dúas fases. A primeira fase, que se desenvolverá entre o ano 2025 e o ano 2028, que consistirá en planificar e determinar os ámbitos, subscribir acordos cos concellos, tramitación dos proxectos de interese autonómico e adquisición de terreos; e unha segunda fase, consistente na execución das obras de urbanización. De modo que poderemos ver as primeiras urbanizacións en 2028, avanzando en paralelo na construción de vivendas de promoción pública por parte do IGVS e na promoción protexida de nova vivenda construída por promotores e cooperativistas nun prazo máximo de tres anos desde a compra ou a adxudicación do solo. O obxectivo é que o desenvolvemento desta estratexia permita ao seu remate facilitar un fogar a máis de 55.000 familias no horizonte 2037.

Polo tanto, para acadar o reto de incrementar a oferta do parque residencial, debe existir un esforzo de colaboración público-privado, un esforzo orzamentario, pero tamén unha adaptación das normativas.

E por iso, tal e como anunciou a conselleira, o Goberno galego porá en marcha un plan de choque de medidas fiscais e lexislativas co obxectivo de axilizar as tramitacións para facilitar a entrada de vivendas no circuíto de alugueiro, así como remate de inmobles inacabados ou a conversión de baixos en vivendas. (*Aplausos.*)

Por iso, o Executivo galego promoverá cambios na Lei de vivenda de Galicia e na Lei do solo de Galicia, entre eles a modificación do artigo 60 da Lei galega de vivenda, relativa á duración do réxime de protección da vivenda protexida, de maneira que se establecerá unha duración indefinida e permanente do réxime de protección das vivendas protexidas de promoción autonómica que se constrúan nun solo promovido por promotor público a partir da entrada en vigor da norma, así como de todas as vivendas de titularidade do IGVS, con independencia da data da súa cualificación.



Así mesmo, coa finalidade de incrementar o parque público de vivenda, de axilizar trámites e de dar resposta ás demandas dos sectores afectados, a Xunta tamén aprobará unha serie de medidas extraordinarias e temporais dirixidas a aumentar a oferta de solo e de edificacións con destino a vivenda, que serán aplicables ata o 29 de decembro de 2028. E prestará especial atención tamén ás demandas dos mozos e á súa necesidade de emancipación, de maneira que o 40 por cento das novas vivendas que se constrúan para o alugueiro destinaranse aos mozos de ata 36 anos e o 25 por cento para a venda tamén se destinará a xente nova.

E promoverán tamén a redución á metade dos prazos para a tramitación dos proxectos de interese autonómico, que permitan habilitar só para a construción de vivenda protexida. E tamén facilitará a conversión, como dixen, de baixos comerciais en vivendas. E contemplaranse outras medidas dirixidas a reducir a burocracia e posibilitar a axilización de trámites, como a regulación das Ecomm ou a posibilidade de que as modificacións dos plans urbanísticos que poidan ser consideradas de carácter non substancial teñan unha tramitación máis reducida.

En definitiva, o Executivo galego traballa para garantir unha vivenda digna e accesible para os galegos e galegas, con medidas a curto, medio e longo prazo, que son produto dunha estratexia e planificación rigorosa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Deza Martínez.

Para pechar esta proposición non de lei, ten a palabra a autora da mesma, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Señor Font, lamento que non escoitase ben a miña intervención. Non é que non me dese tempo a pasar das cinco propostas, é que llas sinteticei, as quince, en cinco eixos, ¿non?, para facerllo máis fácil, porque nos tomamos en serio isto. Efectivamente, catro páxinas, quince propostas moi concretas, que tivo vostede un prazo para emendar, para aportar, para engadir, para eliminar o que quixese. A sensación, realmente, coa que quedo é que vostede non se tomou en serio un tema que é capital. Esta é un pouco a sensación que vostede transmitiu.

En canto ao Partido Popular, todos eses anuncios en investimento é que non teñen credibilidade ningunha, porque non cumpriron ningún en quince anos. O que si que sabemos son os obxectivos reais destes orzamentos a través da interpretación desa Lei de acompañamento, porque están intentando por aí meter pola porta de atrás cambios fundamentais que van beneficiar a quen está intentando especular coa vivenda.

E o primeiro torpedo que meten nesa Lei de acompañamento é unha reforma fiscal con bonificacións fiscais para quen adquire a vivenda e a poña en alugueiro, pero non para calquera. O seu veciño compra unha vivenda e pona en alugueiro e non vai ter ningún beneficio fiscal, son beneficios fiscais para quen adquiera o inmovible completo; xa poden vostedes imaxinar



para que promotores, quen se vai beneficiar desas axudas. Son regalos para fondos de investimento, para grandes patrimonios, que están facendo neste momento do alugueiro un nicho de negocio e aos que, grazas a estas bonificacións fiscais, a estes regalos do Partido Popular, aínda lles vai saír máis rendible.

Tamén rebaixas para converter locais comerciais en vivendas. Pero ¿vostedes saben cal vai ser a consecuencia disto, cando ao mesmo tempo están facilitando a promoción de vivendas de uso turístico? Están vostedes poñendo todas as condicións para degradar a calidade urbana, sen que iso ademais supoña ningunha mellora en termos de accesibilidade.

E o segundo torpedo son todas as medidas para desregular e facilitar a transformación de solo por riba do planeamento. Con esta reforma van pasar por riba das Directrices de ordenación do territorio, por riba dos instrumentos dos plans xerais. Só vai ser necesaria unha declaración de interese autonómica especial para solo residencial para que nun mes lles dean para adiante a proxectos urbanísticos de gran dimensión en calquera tipo de solo mediante expropiación forzosa.

Á Xunta neste momento o único que lle importa non é se se van facer actuacións urbanísticas coherentes co modelo urbano, senón poder seleccionar directamente dende o Consello da Xunta que parcelas, onde se vai recualificar e urbanizar. Van pasar por riba dos concellos e incluso lles van exixir aos concellos que lle cedan gratuitamente as parcelas, pero, como queiran algunha desas vivendas despois, que as paguen. Iso é o que están propoñendo vostedes na Lei de acompañamento.

O único avance que hai aí nesa lei é cando escoitan as nosas propostas, pero moi pequeno. Estamos insistindo na necesidade da cualificación permanente da vivenda protexida. E na lei incorpórase isto, pero na versión *light*, porque só vai ser para a promoción pública e en solo público. Non enganen a xente. Para o promotor que faga a vivenda protexida en alugueiro, vai recibir subvencións de ata o 50 por cento do custo de construción e en quince anos vaise descualificar e pasar a ter valor de mercado. Están confundindo a xente. O que van facer é darlles ata 40.000 euros por vivenda a promotores para que poñan esas vivendas protexidas en alugueiro, e en quince anos non queda nada deses investimentos.

Vostedes son incapaces de dar nin un só paso adiante de forma decidida. E incluso cando vostedes amagan con copiar esa proposta nosa dos aloxamentos compartidos para menores de 36, en lugar de seren vivendas propiamente ditas para un uso temporal, o que fan é crear esa figura da residencia para xente que non pode emanciparse con habitacións privadas e salas comúns, e, como sempre, velando polo beneficio privado, abrindo a porta á privatización da xestión desas residencias, sen prezos máximos, cobrando polos servizos. É dicir, que esa gran proposta, esa gran medida para a emancipación que vostedes traen, en realidade, é a forma que entende o Partido Popular de facer negocio cun problema tan grave como é o da emancipación.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Remate, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: —Remato xa—. Todo nesa modificación normativa traballa en beneficio de quen está especulando coa vivenda, coa necesidade das persoas por ter unha




vivenda digna. Por tanto, estes orzamentos van ser recordados como os orzamentos da especulación e da propaganda en materia de vivenda. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Fernández.

Rematada esta proposición non de lei, suspendemos a sesión, que reanudaremos mañá ás dez horas.

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

